

IV, V e VI Edición dos **premios** do Certame Literario
(2010 - 2011 - 2012)

Terras de Chamoso



LIBRO RECOMPILATORIO DOS TRABALLOS
GAÑADORES DO CERTAME LITERARIO
TERRAS DE CHAMOSO

APRIMES
ASOCIACIÓN CULTURAL
O COLEGIO





PREMIOS TERRAS DE CHAMOSO

2ª edición: julio de 2014

EDITA

Asociación Cultural Arumes do Corgo

Coa colaboración económica da

Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)

Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Presidente)

M^a Consuelo Vázquez Castro (Vicepresidenta)

Roberto Rodríguez Páramo (Secretario)

Josefa González Díaz (Tesoureiro)

Manuel Fernández López

Xosé Enrique Casanova Sánchez

Sonia Rodríguez Páramo (Vogais)

ASESORÍA LINGÜÍSTICA

Xosé Manuel Castro Castedo

ASESORÍA TIC

Josefa González Díaz

DESEÑO E IMPRESIÓN

Grafinco

ISBN: 978-84-694-1450-7

Depósito legal: LU 25-2011

Impreso en Galiza

A.C. Arumes do Corgo

Casa das Asociacións

27.163 O Corgo (Lugo)

arumescorgo@gmail.com

www.arumes.org

PREMIOS TERRAS DE CHAMOSO

LIBRO RECOMPILATORIO DOS
TRABALLOS GANADORES DO CERTAME
LITERARIO TERRAS DE CHAMOSO

IV, V E VI EDICIÓN (2010-2011-2012)



LIMIAR

Na noitebella de 2010 pechabamos o limiar do 1º libro recompilatorio que recollía as primeiras tres edicións do certame literario “Terras de Chamoso”, Hoxe a comezos do verán de 2014, escribimos o limiar do segundo libro recompilatorio dos traballos gañadores das edicións IV, V e VI (2010-2012) do certame literario homónimo, creado pola Asociación Cultural Arumes de O Corgo no ano 2007. Seguindo a mesma liña que responde a dignificar a lingua galega; valorizar a diversidade cultural do noso país; promocionar a música e o baile galego desenvolvido no Corgo; divulgar actuacións artísticas (maxia, contacontos, monoloxistas, etc); ofrecer actividades culturais a veciñanza... son criterios que levou a promover esta iniciativa.

Este Certame, ten como nucleo O Corgo e os concellos limítrofes, especialmente os que formaban o antigo condado de Chamoso “Comitatus Flammus”.

É para nós unha satisfacción comprobar como esta iniciativa literaria está consolidada, así o demostra o aumento na cantidade e calidade dos traballos que se presentan cada ano nas distintas categorías e modalidades. Sinalar que na categoría infantil é onde máis traballos concorren, é en verdade unha mostra da creatividade e imaxinación dos máis pequenos, habendo novas incorporacións de centros educativos. Asimesmo constatar que o relato curto ten máis aceptación que a poesía entre os participantes.

En canto ao lugar onde se celebra a cerimonia da entrega de premios, segue a ser no Centro sociocultural de O corgo, sendo o espazo que acolle a maioría das actividades que realiza a nosa asociación ao longo do ano.

Na cerimonia de entrega de premios aos gañadores, procuramos que as actuacións artísticas estean relacionadas coa cultura propia do país, no caso dos certames que se recollen neste 2º libro recompilatorio, sinalamos a participación da A. C. Legua Dereita de O Corgo, facendo cada ano a apertura do acto. Asimesmo gozamos con distintas

actuacións, como contacontos, magos, monologuistas, grupos musicais, etc, que adoitan cerrar o evento. Lembrar tamén o recital poético que os gañadores de cada edición nos ofreceron, esta parte é o corpo da actividade.

Respecto da entrega de premios, levouse a cabo nas tres edicións mencionadas con membros do xurado e coas autoridades daquelas institucións que cada ano apoiaron economicamente ese certame literario. Os agasallos aos premiados constaron sempre dun lote de libros en galego, un diploma acreditativo e unha figura de cerámica, pezas únicas, realizadas polo prestixioso ceramista corgués, Lolo de Anseán, que representan elementos típicos da etnografía galega (ver portada).

Agradecementos:

Temos que agradecer, en primeiro lugar a dúas administracións que nos apoiaron dende o principio para poder desenvolver esta actividade que tanta falta fai nun concello onde non abundan estas iniciativas, como son, a Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo (importante colaboración económica dende a 1ª edición e xa van sete) e o concello de O Corgo (polo local preciso para a cerimonia de entrega de premios e unha pequena colaboración económica). Asimesmo a edición deste volume recompilatorio tamén llo debemos ao apoio da Vicepresidencia Primeira da Deputación.

Agradecer tamén á A.C. Legua Dereita pola súa colaboración co noso certame literario en todas as edicións e polo seu traballo a prol da cultura tradicional do país.

Dar as grazas, aos nenos e nenas, rapaces e adultos que participaron nas distintas edicións é en concreto os equipos docentes do CEIP de O Corgo; do CPI de Castroverde; do CPI Ramón Piñeiro de Pobra de San Xiao (Láncara); do CPI Luis Díaz Moreno de Baralla; do CPI Uxío Novoneira de Pedrafita do Cebreiro; do CEIP Frei Luis de Granada de Sarria, do CPI Tino Grandío de Guntín; do CEIP Manuel Mallo Mallo de Nabela, por motivar e animar ao seu alumnado a escribir na nosa lingua.

É por último, pero non menos importante, agradecer aos membros do xurado, que de forma desinteresada colaboran cada certame coa A.C. Arumes, na difícil tarefa de elixir só uns premiados de entre moitos traballos merecedores de selo, e como non, agradecer e felicitar aos membros da Xunta Directiva da A. C. Arumes de O Corgo polo seu compromiso e esforzo que están a desenvolver na dinamización e divulgación cultural do noso concello.

Xunta Directiva da A.C. Arumes de O Corgo
O Corgo, no verán de 2014.

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DOS PREMIOS DA IV EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

Sendo as 19:00 h do día 14 de decembro de 2010, na localidade do Corgo, reúnense os membros do xurado para fallaren os premios da IV edición do Certame Literario “Terras de Chamoso”, convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, do que forman parte:

D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
D. Xosé Manuel Castro Castedo
D. Xabier P. Docampo
D. Isidro Novo
Dna. Pilar García Negro

Exercendo de secretario do xurado, sen voto, o secretario da A.C. Arumes, D. Mario Outeiro Iglesias.

Logo das deliberacións pertinentes e das votacións oportunas, os membros do xurado conclúen declarar premiados na IV edición do Certame Literario “Terras de Chamoso” como segue:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

- 1º premio: Ana Celeiro Sal, de Espasande (Castroverde), pola obra “O outono”.
- 2º premio: María López Pérez, de Cela (O Corgo), pola obra “Á beira do Neira”.
- 1º accésit: Ángela Rincón Rodríguez, de Sarria, pola obra “Alúa”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Judit Lourido Villa, de Nadela (Lugo), pola obra “Lobezno e a lúa”.
- 2º premio: Silvia López López, de Mirandela (Castroverde), pola obra “Cousas da vida, xa sabes...”.
- 1º accésit: Andrea Varela Díaz, de Barredo (Castroverde), pola obra “O trasno do Monte Patuco”.
- 2º accésit: Rubén Manuel Torrón Vázquez, de Manán San Cosme (O Corgo), pola obra “A fábula de Wall Street”.

CATEGORÍA: XUVENIL*Modalidade: poesía*

- 1º premio: Elisabet Rey González, de Noia, pola obra “O que eramos e agora xa non somos”.
- 2º premio: Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo), pola obra “O Corgo”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Sandra López López, da Veiga de Anzuelos (Láncara), pola obra “Carta a unha amiga maltratada”.
- 2º premio: Antía Tacón García, de Lugo, pola obra “A viaxe de Karima”.

CATEGORÍA: ADULTOS*Modalidade: poesía*

- 1º premio: Xosé Otero Canto, de Lugo, pola obra “Chuchas acaroadas das vagas”.
- 2º premio: Natalia Alonso Ramos, de Vilaronte (Foz), pola obra “Aequilibrista e o circo”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Pedro Naveira Pedreira, da Coruña, pola obra “Unha viaxe desacougante”.
- 2º premio: Xosé Luís Vázquez Somoza, de Zolle (Guntín), pola obra “Conta xusta”.

Os membros do xurado agradecen a colaboración de Dna. Mª Consuelo Vázquez Castro, Dna. Josefa González Díaz e D. Roberto Rodríguez Páramo polo seu asesoramento nas categorías infantil e xuvenil. Asemade, xustifican os accésit entregados na categoría infantil pola cantidade de obras presentadas e pola calidade das obras gañadoras.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, cando son as 21:30 h do día 14 de decembro de 2010.

Asdo.: Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
Asdo.: Xabier P. Docampo
Asdo.: Pilar García Negro

Asdo.: Xosé Manuel Castro Castedo
Asdo.: Isidro Novo
Asdo.: Mario Outeiro Iglesias

CHUCHAS ACAROADAS DAS VAGAS

Por XOSÉ OTERO CANTO

1º premio de poesía da categoría de adultos

AS CRECHAS DAS VAGAS

I

Van crebando as crechas das vagas
nun facer e desfacer de roseiras brancas.
Rolos largacíos ao pairo lento
dun latexo de gaivotas de ás brancas na enxurrada.
Cirro alindado por unha corda cándida
que pace na turquesa infinda.
Autoestrada da esplendura traspasada polo cairel das ondas.
Cabeza dun soño aberta na albura
envolta en guedellos vellos, tan vellos... coma o mundo.
Levádeme ao rompente da amencida
e ao anoitecer azul dun fracaso.

II

E veñen ondas surrateiras no socheo
amecendo horas paseniñas de engado eterno,
- camiñando cos seus pés de auga, ... de auga de seda -
aboiadas coma unha prancha deslizada en desexos

que se sobordan no seco da praia.
E veñen ondas de amencida recalar nos corazóns,
no sosego balbordiño duns beixos refregados
polo amor in-con-men-su-ra-ble,
polo arelo a barlovento dun querer perpetuo,
prolongado no imperecedoiro.
Divino tránsito acariñado de infinito.
Pracer asolagado na singradura dos labros
arizados de saraibas.

III

Mar en diálogo eterno.
Arrolo que te leva ao adentro,
ás furnas onde escriben os salseiros con tinta de escumas.
Sempre coas túas palabras baixas, de rumores,
murmurando ao ceo noivado:
apertas de auga e bicos brancos.

Conversas co aire - compañeiro de xogos-.
Brincadeira de enredos.
Coloquio de falares abalados no sosego
e berros de infortunio a sotavento.
Latexo ondeado de surada
que se desfai arrombado
cal balandros de lúa
entre as ondinas esvaecentes da borralla.

IV

Chove no mar e hai
unha dor de buguinas rotas polas bestas das ondas.
Hai unha preamar algarada
pola témera face das vagas
no bastión dos cons.

Hai e hai espigóns escachados no entullo das furnas,
na penascada acochada da marusía
cos peitos agardantes á furia dos titáns.
Ai! Veleiros cos mastros crepitando
no arboredo de velame derrancado.
Hai e . . . ai!

V

Choven pétalos manseliños na soidade
e caen labios que se bican no azul, vermellos de sol.
Danzarinas das augas.
Gotas de sangue translúcido,
namoradas nas arpas tanxidas polo mar
nos repenicos de ocarinas no baleiro.
Caen gotas no mar.

A EQUILIBRISTA E O CIRCO

Por NATALIA ALONSO RAMOS

2º premio de poesía da categoría de adultos

A que nunca descubriras
un xeito tan fermoso
de asumir a derrota?

No fío metálico da incerteza
camiño abaneada polo meu propio sopro.
Fóra de min, fóra do meu corpo,
aplaudo a realidade
e todo carece de importancia.
Apreixo os labios,
coma se estivese a piques de bicarte,
a piques de bicarme,
e debuxo un ínfimo círculo
polo que debe fuxir o vento.

O meu cadáver
anhela a temperanza do equilibrista.

Dos pés tronzados polo arame,
unha trémula pinga vermella
resístese a voar.

Igual que as miñas mamas,
a piques de rozarte,
queren e non poden.

Lembraste?

Debías secuestrar a cintura
e obrigarme a dar un paso.

Mais tranquilo,
fun unha boa alumna,
de ti aprendín o goce da vertixe.

Sopro de novo,
agora con máis decisión,
e o sangue fende o baleiro,
bautiza a area do circo.

A que nunca descubriras
un xeito tan fermoso
de asumir a derrota?

UNHA VIAXE DESACOUGANTE

Por PEDRO NAVEIRA PEDREIRA

1º premio de relato curto da categoría de adultos

Enviso nos seus pensamentos, pois tiña un exame ás nove, o estudante ía ás carreiras co fardel ao lombo. Ollou o seu reloxo sen tan sequera deterse. Eran xa as oito menos vinte da mañá e o tren Coruña-Santiago saía en dous minutos.

-Dálle unha esmola a esta muller miserenta, mozo, que Deus nos altores terá en conta a túa acción o día do xuízo –a anciá con muleta, roupaxe negra, anteollos escuros, longa melena cana e crecha e mais fanada dunha perna irrompera de socate no seu camiño, agarrárao cunha man por unha manga do gabán e coa outra polo pulso dereito.

-Síntoo, mais levo moita présa, faga o favor... –retrucara el, ceibándose dela anoxado sen deixar de andar nin case ollala.

Cando subiu ao vagón virou a vista cara á plataforma pois a muller estaba a berrarlle. Puido escoitar a voz nidia e ameazante botando un adaxio entre os murmurios do xentío.

-Agardo que ese tren teña un accidente, remate esnaquizado e que ti morras nel por desprezares a unha pobre vella –ela ollábao con xenreira, aceno case desapiadado e sen pestanexar, e o dedo furabolos da súa man dereita sinalábao de xeito arrepiante.

O berro ficou á fin afogado cando soou un chifre agudo, e deseguida a máquina arrincou con gran estrondo. A sinistra figura mantívose inmóbil ata que desapareceu na distancia entre unha morea de xente. Xa no tren, mentres camiñaba, o universitario sentiu un lixeiro tremor nas pernas. Malia a súa absoluta incredulidade verbo de meigallos e esconxuros, naquel intre unha certa inquietude estaba a alterar a paz da súa alma. Non en van aquel fuxidío encontro deixara nel un resaibo negativo e mesmo un

certo desacougo. Por mor dos moitos viaxeiros que alí ían, a meirande parte deles estudantes coma el, tivo que chegar ao vagón traseiro para atopar un lugar onde sentar.

-Bos días –saudou ao entrar nel.

Ningún dos catro pasaxeiros aos que se dirixira amosou interese en responderlle e seguiron ao seu. Dous deles eran anciáns e semellaban a piques de durmírense. Os outros eran un mozo e mais unha moza duns vinte anos; el estaba a ler un libro de peto, e ela ollaba con aceno desganado a paisaxe a través do vidro. Sentou Anxo, que ese era o nome do noso estudante, cabo da porta, pousou o fardel ao seu carón e pechou os ollos para tentar relaxarse. Dese xeito, como quen non quere a cousa, foi adormecendo e aos poucos andaba o home no máis fondo dunha insospeitada sesta.

Un gran balbordo espertouno de súpeto. No corredor do tren víase unha gran trasfega de persoas. Ollou cara á ventá do compartimento e decatouse de que estaban parados. Puido ler no letreiro da estación o nome da mesma: “Meirama”. Case que todos os viaxeiros que alí baixaban eran traballadores da central térmica. Foi entón cando un calafríu percorreu todo o seu corpo. Non estaba só, mais non tiña os mesmos compañeiros que ao primeiro. Non o quería crer, pero alí, sentada cabo da fiestra, estaba a vella que o ameazara antes de comezar a viaxe. A muller, de face engurrada, ollábao agora de esguello cun medio sorriso raposeiro e fretaba as dúas mans de xeito teimudo perante o aglaio del. Un pulo irrefreable fíxolle coller o fardel e saír correndo coma un tolo. Case batendo coa xente, andou os sete vagóns que compuñan o convoi e meteuse onde viu que había oco para el. Co desacougo que estaba a sentir, esta vez nin saudou.

-Está vostede ben? –interesouse un home de mediana idade que, por estar mesmo ao carón de onde el sentara, axiña se decatara da súa face alporizada e esbrancuxada.

-Si, non hai coidado –respondeu, mais a súa ollada ía de acá para alá desencaixada.

-Quere que lle traia algo quente do bar, quizais unha macela? –insistiu o outro.

-Grazas, de verdade. Ende ben, non preciso nada –dixo Anxo sen miralo.

Aí rematou a conversa, e o amable pasaxeiro mergullouse na lectura da prensa do día. Entrementres, as demais persoas que alí viaxaban nin de conta se deron do ocorrido. Acomodouse o estudante na espaldeira e pechou de novo os ollos á procura do sono.

Saíu dos seus soños ao escoitar un chifre noutra estación. Espreguizouse, ollou cara a fóra e soubo que chegaran a Oroso. De novo sentiu un calafrío ao longo de toda a súa humanidade. A anciá con muleta, roupaxe negra, anteollos escuros, longa melena cana e crecha e mais fanada dunha perna estaba agora sentada mesmo perante el ollándoo en fite, e aínda por riba ría ás gargalladas. De certo, a súa soa presenza era causa de incomodidade pois toda ela ceibaba malos presaxios a mancheas.

-Xa falta pouco. Reza o painoso, que está a piques de chegar o teu momento, desgrazado. Haste arrepentir, dígocho eu! –bradou coma unha tola, poñéndose en pé con lume na ollada de xenreira e cunha voz agre e teimuda que semellaba saída do inferno.

Aterrecido, o mozo desbotou responderlle e liscou como posuído polo demo, deixando atrás á muller, que estaba a facer espaventos desacougantes coas mans. As súas lapidarias palabras deixaran nel un pouso de amargor. Agoniado, suoroso e cun medo no corpo como non lembraba ter sentido xamais, baixou dun chouto do tren, que case se manca un pé pois caera unha lixeira poalla e o chan estaba esvaradío. Sen mirar ás súas costas, correu nunha arroutada cara ao edificio da estación e entrou nos servizos. Sufocado, botou auga dabondo pola faciana ata que foi quen de acougar un pouco. Sentou logo nun tallo que alí había, apoiou os cóbados sobre os xeonllos e fretouse as tempas coas xemas dos dedos. “Que lea é esta? Así e todo, vai ser que toleei, coido que perdín o leme. O mellor é que esqueza o conto, e sen profundar máis nel”, estaba a pensar o apesadumado mozo cando escoitou outra vez o chifre e mais o

tren que se puña en marcha. Decatouse nese intre de que coas présas esquecera o fardel no vagón. Saíu correndo, mais cando chegou ao bordo da plataforma xa o convoi ía alomenos a uns cen metros de onde el se atopaba. De primeiras ficou entalado, como quen non sabe que facer, abaixouse, e dese xeito, en crequenás, estivo un anaco. Logo foi ás oficinas e comunicou a un empregado da Renfe a perda da equipaxe, ao que lle respondeu este que xa mesmo chamarían polo móbil para que a procurasen no tren. Tras pedirlle os datos persoais, tomou nota nunha folha de reclamacións e Anxo asinou nela. O mesmo home, con gran interese en axudalo, díxolle que el saía en dez minutos da súa quenda de traballo, que ía cara a Santiago e podía achegalo no seu coche ata alí e deixalo na estación para recoller o seu fardel perdido. Chegaron a acordo, e dez minutos máis tarde xa estaban na estrada camiño da cidade do Apóstolo. Comezaron os dous unha conversa verbo da friaxe que ía aquela mañá, para pasaren despois ao tema da crise, ao da corrupción e mais ao da tolemia que supuña a xigantesca obra do monte Gaiás.

Estaban a piques de chegaren a Sigüeiro cando soou o móbil do empregado da Renfe.

-Ímolos deixar, que se cadra levo unha sanción. Nesta ruta andan moito as patrullas da Garda Civil, case que a calquera hora –comentou, chiscando un ollo ao universitario.

Deixouno soar ata dez veces, mais ao decatarse o home de que quen chamaba tiña gran interese en lle falar, díxolle á fin a Anxo:

-Vaítes! Vouno coller, non vaia ser o díaño que sexa algo urxente. Ola!

-Onde é que estás? –o mozo escoitou a voz nidia pois o aparato tiña o son moi alto.

-Pois arestora ando por Sigüeiro, compañeiro. Vou cara á miña casa, que xa che é boa hora –responden o condutor do coche ao recoñecer a outro dos empregados da estación.

-E logo aínda non sabes... nada, meu? –a voz soou esta vez entrecortada.
-Se non sei o que, Lois? De que carallo me estás a falar? –as súas palabras amosaron aglaio pola estraña pregunta.

-Malas novas, o tren que ía para Santiago saíuse do raíl hai un anaco xa preto da capital.

Nos ollos de Anxo debuxouse un aceno de abraio medoñento, o seu rostro tornou esbrancuxado e as súas mans comezaron a tremere como se fosen follas secas no outono. A imaxe daniña da vella de roupaxe negra rebulía agora no seu cerebro.

Non transcorrera aínda unha semana cando recibiu unha chamada na fonda onde vivía na rúa do Franco, preto do Obradoiro.

-Chamámoslle da estación de ferrocarril de Santiago. O obxecto é comunicarlle que pode vir cando mellor lle pareza polas nosas dependencias para recoller o fardel que reclamou hai uns días en Oroso tras viaxar na ruta Coruña-Santiago.

De primeiras Anxo ficou aglaiado. Logo reaccionou e falou deste xeito:
-Desculpe mais non entendo. Segundo as informacións de que dispoño ese tren desencarrilou e rematou totalmente calcinado. Eu mesmo, malia a perda, non me din présa ningunha en preguntar máis pola miña equipaxe ao pensar que xa non aparecería.

-Pois aquí a temos. Ademais, anque lle pareza estraño, debo engadir que está en perfecto estado –apostilou o servizal empregado, ledos de dar ao outro unha boa nova.

-Ben, irei hoxe mesmo á tarde. Onde di que teño que ir?

-Veña ao noso almacén, que está na mesma estación. Aquí será vostede atendido.

Cheo de receo, o mozo non puido agardar máis, colleu o gabán pendurado do colgadoiro e saíu case que ás carreiras malia ser xa a hora do xantar.

-Aí o ten. Se non hai erro, é o seu –faloulle a mesma persoa que o fixera por teléfono.

Era verdade. Alí estaba o fardel, nun alzadeiro entre outros obxectos. Aconchegouse máis para ollalo mellor. De xeito increíble, amosaba unha fasquía perfecta de limpeza e conservación. Cos ollos coma pratos, o abraiado estudante rañouse a caluga cos dedos.

-Podo facerlle unha pregunta, só por curiosidade? –dixo remelando os ollos.

-Pode, xaora... Que desexa saber? –respondeu o outro, como bo galego, cunha pregunta.

-Como é que o fardel pode atoparse tan ben tralo sinistro? Non ten lóxica ningunha.

-Abofé que non. De certo, estámoslle tan estrañados coma vostede. Logo do accidente trouxemos do convoi todo o aproveitable, mais non reparamos no bo estado do seu fardel ata hoxe. Entre nós, é como se ninguén o ollara até agora, o mesmo que se non estivese. Entre nós, isto parece cousa de meigas –falou o outro cun sorriso.

-Grazas, e adeus –despediuse Anxo, colleu o fardel e marchou feito un mar de dúbidas.

Cando subía pola rúa do Hórreo cara á pousada, xa case que na Praza de Galicia, o cada vez máis descrido estudante sentiu un estremecemento. Aló, na distancia, mesmo na esquina do Café “Derbi”, pareceulle albiscar na rúa ateigada de xente unha imaxe abraiante. Aquilo semellaba un conto de pantasmas aquelado polo mesmo diablo, mais si, sen dúbida era ela, a vella engurrada con muleta, roupaxe negra, anteollos escuros, longa melenca cana e crecha e mais fanada dunha perna. A muller estaba a pedir esmola coa man estendida aos peóns que pasaban. Botou a correr cara a ela, mais cando chegou alí aquela especie de meiga desaparecera. Para mellor dicilo, foi como se se esvaeceuse no ar. Anxo ficou espavorecido, sen ser quen de esquecer a figura fuxidía da anciá. A súa ollada perdeuse no ceo nubrado na procura dunha resposta, mais non a atopou.

Xa na súa peza da fonda, foi sacando devagar do fardel as súas pertenzas. De socate un arrepío, esta vez irrefreable, fíxose dono de todo o seu ser e arrubióuselle a face. Logo deu en rir mais de desespero. Ademais das cousas que nel levaba, dentro atopara un papel branco coidadosamente dobrado que contiña un escrito de letra grosa e nidia. A folla caéuselle das mans trementes despois de ler o texto, curto pero terrible: “Xúrocho! Libraches polo de agora, mais xa chegarán a túa quenda e o teu derradeiro tren”.

CONTA XUSTA

Por XOSÉ LUÍS VÁZQUEZ SOMOZA
2º premio de relato curto da categoría de adultos

Fixera dous anos pola festa de Francelos, ao pé da Veiga de Moncelos, o día de Nosa Señora. Despois de tocar na misa, fixérase o reparto dos músicos polas casas e a Pepe de Mouronte, o bombardino, asignáranlle a do Barbanés. O amo da casa chamábase Manuel, aínda que, como investigaría máis tarde Pepe de Mouronte, todos os veciños o alcumaban o ghicho, sobrenome que, a xulgar pola súa viveza –por non dicir mal xenio- e pola escasa presenza, lle acaía moi ben. Era o ghicho un personaxe pintoresco, de aparencia sinistra. Calquera diría que andaba nos cincuenta se se valoraba o pelame marmóreo, esmaltado a base de meses de carencia de auga. Algúns dentes facían garda na entrada da boca para custodiar as indisposicións dalgúns compañeiros. O ollo de cristal descansaba mentres que co outro vixiaba en todas as direccións os movementos de posibles inimigos.

O túnel de acceso á cociña, para anfitrión e invitado, era como un paseo triunfal, co chan alfombrado pola fragancia de pociñas de zurro e coa música do suave murmurio dunha banda de porcos, que aumentaba o volume ao oír que alguén se aproximaba. Desde a lumieira caía a luz a vorcalladas abrindo ocos na bretemosa fumareda, coa intención de iluminar un par de potas (que a Pepe de Mouronte lle pareceron máis o caldeiro dos integrantes do comité de recepción) e a mesa de levante, a onde foron parar músico e amo. Cando os ollos do invitado foron perdendo o medo ao fume, esvaecida na néboa xurdiu, como dun tobo, a figura dunha muller de pés xurásicos, que se aproximaba moi lentamente. Sen darlle tempo a calcular as proporcións daquel corpo, o ghicho poñíalle nome a aquela muller, á súa muller: Encarnación. Viña cun pan de centeo debaixo do brazo e cun xardín de fungos so as unllas. Pepe de Mouronte alongaba a súa voz fumarenta e carrasposa nun exercicio inútil de presentación cando, a un sinal do ghicho, Encarnación, coa indiferenza aniñando na face, descolgaba da gramalleira un pote ennegrecido por

anos ociosos e colocábao á par da xerra de viño, enriba da mesa de levante. O ton lúgubre da cazola contrastaba fortemente co branco leitoso da pel de Encarnación, que se refuxiaba do paso do tempo na albura da súa cute, só ensombrecida por unha mata de liño piloso que nacía, mesta, ao abeiro da lentura da boca e mais por unha mancha de pinchorra que desde o ollo esquerdo ía morrer ao pé da orella. Pero o que máis impresionou a Pepe de Mouronte foi un costurón que ganduxaba a súa cara desde o ollo dereito ata case o pescozo.

Mentres ela daba sosego nos pratos a un líquido verdoso, excitado e en pleno fervor, o convidado, acelerando os resortes da mente, procuraba razóns que xustificasen aquel matrimonio e, sobre todo, a submisión daquela muller con dúas cuartas máis có ghicho e dúas decenas de anos menos. Horas máis tarde, aproveitando un descanso da festa, chegaría a saber que o corte na cara fora debido a un exceso de celo no afán por deixar moi claro quen era o que mandaba. Aínda que a nai de Encarnación, pobre, viúva e con nove fillos, vira no herdeiro do Barbanés o amparo para a filla máis vella, a determinación da rapaza e os seus oitenta quilos non foron suficientes para contrarrestar as técnicas agresivas e invasoras daquela presa de xenio, que non dubidou en sulfatar as palabras con veneno e en usar a navalla para cortar en seco as aspiracións da recén casada.

Sen abrir a boca nada máis que para dar entrada á culler, os tres comensais remataron o primeiro prato, con máis gusto ca aparencia. En tanto aquela muller paquicéfala confiaba a limpeza das mans ao mantelo abrasivo, camiño da lareira, onde un carneiro tremía na pota agardando o momento da mirada gulusmeira do amo antes de sentir a presión múltiple do garfo, o macaquiño (segundo sobrenome do Manuel) gañaba o celeiro para auscultar o pipote e sangrar, cun brillo metálico nos ollos, dous litros de viño na xerra. O carneiro, co periplo vital alongado en exceso, ofrecíase correúdo ós dentes bébedos que devecían por sacar partido a aquel animal amolentándoo na acidez etílica dos estómagos. Pepe de Mouronte, acostumado a arar en leiras máis costañeiras, agarrou o carneiro polos cornos, afogou en viño os seus prexuizos e ouveou coma

todos. Nin sequera a presenza dun gato lambendo unha febra que caera na cinza e que volvera sen máis reparos á fonte, lle fixera mudar os seus propósitos camaleónicos.

A precaria variedade do menú fora suplida abundantemente polo tinto, que se desfacía en afagos para satisfacer aqueles tres funís pouco esixentes. No seu auxilio acudiu tamén unha garrafa de augardente cun rosario de tragos que se sucedían un ao outro coma os lóstregos nun día de tormenta. Pepe de Mouronte alcanzara xa un estado de éxtase naquel paraíso, onde a luz e as tebras penduraban do fume de carballo, o alcohol amigara xa coas hemacías, os perfumes naturais do gando neutralizaban o olor a comida -sempre desagradable cando o estómago non a precisa- e onde a grata compañía dos anfitrións, que dominaban a arte da mímica con contadas concesións ao reino da lingua oral, favorecía o espeso atordamento do invitado.

Neste estado, uns golpes no postigo da casa do Barbanés sobresaltaron mesmo aos membros da coral porcina, que probaron de novo afinación. Os petos eran tan rexos e persistentes que, a un aceno do ghicho, alancaba Encarnación polo corredor perfumado desoíndo as protestas do bandullo, acostumado a soportar menos peso.

Os rostros serios e barbados de dous mozos agardaban detrás do postigo. Un estorzón intelixible de xuramentos rozou os oídos de Encarnación e foise afogar no zurro. Sen outra presentación, os dous fillos de Farruco da Costa guindaron ao chan aquela muller de pelo flácido, como de rabo de vaca do país, e cruzaron a nado os metros de corredor que os separaba da cociña. Alí, apropiándose da feble luz afumada, o máis vello achegou o brillo dunha folla de navalla ao pescozo do Barbanés. Pepe de Mouronte, ao ver o aceiro na barba do veciño, para non ter que poñer a remollo a propia, deixou que o viño, sempre intuitivo e improvisador, lle guiase a man ata un coitelo que xacía sobre a mesa de levante agardando mellor utilidade cá de atravesar a codia aceirada por quince días de balor. A sobrecarga augardentosa non lle permitiu decatarse da veciñanza dun machete que viaxaba na man do fillo máis novo de Farruco da Costa e que

conseguía acurtarlle un centímetro ao seu dedo meimiño da man esquerda. Os ouveos da vítima non silenciaban o reclamo da ferida ebria nin as voces de Encarnación que, nese momento, entraba en acción, armada cunha forquita de cinco gallas ameazadoras. Pero o espectáculo acústico-visual que se ofrecía na cociña cuestionaba a conveniencia da súa intervención e confiaba a última decisión ao resultado do combate que se estaba a librar na súa mente. As forzas da razón puxaban por seguir co plan para obrigar ao fillo de Farruco a ocultar o brillo da folla da navalla entre o sangue asoballador e mate do ghicho. E só esas febras de sentimento que a convivencia vai descarnando, e o medo á vinganza do marido, en caso de que a operación fracasase, puxeron freo á súa iniciativa.

Manuel do Barbanés, co escintileo dos ollos mollado en rabia e a alma en carraxe, tivo que revivir en diferido o día de Nosa Señora do trinta e seis, transcorridos vinte anos, coa voz en directo do fillo máis vello de Farruco da Costa. Cuspía Félix da Costa a súa ira boureadora sobre a cara achicada do ghicho e ía poboando de recordos aquel día caloroso –aquel quince de agosto do trinta e seis–, comezando pola hora da sesta, cando el (aínda o neno Felisiño, como sempre lle chamaría a nai) deslizaba enriba dun ladrairo o seu contento, como anguía escorregadiza, sobre a suave aba da aira de mallar, que aínda lucía un fino e suxestivo viso de coaño. De súpeto, unha bota breve trabou aquela táboa lúdica. O home de pé e estatura curtos -e por nome Manuel do Barbanés- quería saber se Farruco da Costa se atopaba na casa. A inocencia e a inxenuidade do neno de cinco anos compraceron ao enquisador quen, en compañía doutros catro, botaba a andar na procura do seu obxectivo: levar preso a Farruco da Costa. Mentres, o primoxénito de Farruco carrexaba, aba arriba, o ladrairo e o sorriso, que agromaba inxel ao ver a culata do fusil castigando o calcaño daquel homiño que exercía de xefe do escuadrón. Aos poucos minutos ve saír o seu pai coas mans por detrás, cinguidas cun cordón trenzado coma o que súa nai empregaba para poñerlle a cabezada ás xovencas uns días antes de botalas da corte por primeira vez. A Felisiño da Costa aquel xogo resultáballe divertido e mesmo estivo a piques de participar nel. Pero a crúa realidade debuxábase no rostro da nai, que saía

detrás deles co fillo dun ano nos brazos batendo os pulmóns nun recital de alaridos que apuraba ata o límite a gama de tonalidades dramáticas do choro.

A partir daquel día a pesada palabra paseo abriu paso entre os pesadelos que acompañaron a Felisiño da Costa por todos os días da súa vida. A explicación da nai e os corenta interminables días de agonía do pai non foron suficientes para facerlle entender a un neno de cinco anos a brutalidade irracional dos seres humanos. Ese fío tenso das lembranzas foi engordando ao longo de vinte anos o novelo de vinganza ou, como prefería denominalo Félix da Costa, de xustiza. Desde que a barba desterrou da súa cara a peluxe, o maxín foi fraguando a idea de desagruar aquela afronta. Agardou pola maioría de idade de seu irmán e polo día de Nosa Señora para facer coincidir nesa data tan sinalada o axuste de contas a Manuel do Barbanés.

Anestesiados polo viño, Manuel, Encarnación e Pepe de Mouronte gañaban en elasticidade, á hora de encaixar os golpes, o que perderan en capacidade operativa e en reflexos. En tanto Pepe de Mouronte, estomballado enriba da capoeira, tentaba acalentar o seu dedo incompleto e chorón entre o pano da man, incapaz de ocultar o arrebatado colorado, Encarnación, inmovilizada coa corda de xunguir as xatas bravas, gozaba con cada puñada que os fillos de Farruco da Costa asentaban nas costelas do ghicho. Os dous ou tres dentes que facían garda en solitario á entrada da buxa, invitados polas mans dos castigadores, abandonaron os seus postos arrastrados por aluviós de vómitos. Os berros daquel macaquiño habíanse de oír en todo Francelos e habíanse de chegar á Veiga de Moncelos se non fose polo balbordo que o día da festa se arma en todas as casas conforme a calor de caldos e viandas vai temperando as palletas. Nunca ata ese momento aquela muller vira en desvantaxe ao Manuel e sempre tivera que ser ela a que daba o brazo a torcer ou a cara a cortar.

Ao rematar o seu cometido, os dous fillos de Farruco da Costa saíron por onde entraran, coa satisfacción esculpida na faciana daquel que acaba de

saldar unha débeda histórica. A xenreira, a carraxe e a impotencia, amais da malleira, envurullaron a Manuel do Barbanés nun anaquiño do chan coma un besbello esmagado. Aínda que a alma, macerada pola crueza da zurra, estivo a piques de fuxir daquel corpo, o ghicho conseguiu reunir as forzas vivas que resistiran a arremetida para facerse entender e encargarlle ao músico invitado que non contase o que ocorrera, que debía morrer alí o conto. Pepe de Mouronte mirou para o que lle quedaba do seu dedo maimiño ben desinfectado con augardente por fóra e por dentro, cuspiu o amargor do fume e do odio que alí se respiraba e botouse fóra da casa, deixando a Encarnación libre de ataduras e un centímetro de dedo entre a cinza, á espera de que o olfacto do gato lle buscasse mellor acomodo. Aquela tarde, na última actuación en Francelos, o bombardino, queixábase menos ca noutras sesións para non acentuar os latexos dolorosos no dedo maimiño da esquerda. Pepe de Mouronte ante os demais números da banda acusou ao coitelo do xamón dunha ferida relativamente superficial. Pola noite, pedíndolle desculpas ao estómago baleiro, foi durmir á palleira do Barbanés.

O QUE ERAMOS E AGORA XA NON SOMOS

Por ELISABET REY GONZÁLEZ
1º premio de poesía da categoría xuvenil

Dime,
dime se me queres,
se esta situación é agre.
Porque me danas con palabras afiadas,
e con retorcidos silencios?

Na inmensidade da negrura,
os teus ollos asemellan zafiros
fríos e escuros como a mesma noite.

E non sei se a soidade corroe os teus días,
se o teu sorriso o leva a lúa,
se todo o que tiñamos esvaeceu,
se quedou tan só nun suspiro.

Pero estando ao meu carón
aseméllaste a unha pantofo,
só por un segundo.

E quedo soa como o resto do día.
Parecen que as bágoas queren escapar
esculpindo a túa cara.
Pero só o parece,
Porque segues tan frío e sereo como sempre.

Por un instante o teu refrexo esvaeceuse,
e só as verdes froreiciñas que están a medrar
cantan a súa melodía,
tan melancólica e negra coma os teus ollos
e tan alonxada deste mundo
que só se pode chegar no tranvía da morte.

Dime, dime onde quedou o teu sorriso,
onde os bicos, onde esas tardes;
que agora son vagos recordos?

E estando aquí ao teu lado,
estando e non estando
posto que ti estás lonxano.

Cantarexa o río retumbando,
canta lento e melancólico,
chora por aquilo que xa non é.

E a noite cae,
tan rápido como as horas pasan.
E ti que xa non es ti,
e eu que xa esquecín quen era.
Todo eso que era e agora por desgraza non son.

Dime,
se vas deixar que a soidade te torture
ou dime só por que estás calado.

É esta escea unha interpretación da ultratumba
e só o río murmura ao lonxe
“todo o que eramos e agora xa non somos”.
Perdendo todo, todo ata a alma.

E na escuridade absoluta
as nosas almas xa non se entrecruzan
agora corren cara camiños opostos.

O CORGO

*Por Cristina Pernas Pereiro
2º premio de poesía da categoría xuvenil*

CARTA A UNHA AMIGA MALTRATADA

Por SANDRA LÓPEZ LÓPEZ

1º premio de relato curto da categoría xuvenil

Voltou a pasar. Berros, insultos, as bágoas e, despois, a labazada. Con todo, o peor non é a dor física, non. O peor segue a ser a súa mirada: noxo, desprezo, incluso repulsión. É a iso ó que non chegas a acostumarte xamais. Os moratóns, os rabuñazos e os cortes pasan a un segundo plano cando se repiten cada semana, case cada día...

Acostumabas a chamalo "meu amor", tiveses dado a túa vida por Él se cho houbese pedido. Por Él, foi por Él que deixaches todo atrás, por Él que non volviches falar coa túa nai dende entón, por Él que nos esqueciches ós que fomos tanto tempo os teus amigos, por Él que abandonaches aquela prometedora carreira de pintora; porque dis que unha boa muller, entregada e dedicada á súa familia non podía ser artista... Vaia parvada!

Pensar que lle quixeches tanto e que agora, cando o ves ir cara ti, só fas por fuxir pese a que, xa de antemán, sabes que vivides nun oitavo e que te collería antes de que subise o ascensor... Pénsalo, dáslle moitas voltas, sabes que sería infalible, que así poñerías punto e final a todo, pero dáche medo e a carraxe cómete por dentro, sénteste covarde por non atreverte a abrir a xanela e saltar. Eres quen de imaxinar o aloumiño do vento na túa cara, imaxinas a sensación de baleiro no estómago, a velocidade da caída libre... Pero non deixa de ser unha liberación imposible de acadar e culpaste a ti mesma, ó teu medo, sen reparar en que só hai un culpable: Él. Semella que o mundo está decidido a ignorar os teus berros de sufrimento cada vez que chega á casa borracho, cada vez que non é capaz de encaixar a chave no peito de primeiras, cada vez que se achega a ti facendo eses polo corredor, e ti... Ti non podes evitalo e, ante o primeiro golpe, berras. E cada patada, cada puñada, cada golpe que se suma á batalla fai que incrementes o volume deses berros. Estás no chan, encollida sobre ti mesma, feita un noveliño, amedrentada. Un golpe máis, e outro, e outro... E notas o sangue que corre polas fazulas despois de que che abra o beizo co revés da man. Notas como se che desboca o corazón no peito, só pregas para que se deteña, para que todo acabe, tanto che ten

se ese final ten que ser o definitivo... Pero non, non tes sorte, nunca remata. É eterno. Así cada noite os teus soños reviven cada un dos seus movementos e cada un dos teus chillidos, entre os cales espertas.

Sénteste humillada, despoxada de todo canto poida quedarche, a túa dignidade, afúndeste sen remedio. Xa nunca descansas, non respiras, non sorrís, non existes... Comprendes que respirar non é estar viva. Non deixas de preguntarte que é o que fixeches, a ver porqué tivo que tocarche a ti arrastrar esa carga. Xa fai tres anos que consideras a túa vida un inferno no que Él é o teu Belcebú particular. Todo era fermoso nos comezos, era un deses contos de fadas, un deses que todo o mundo identifica cun final como "foron felices e comeron perdices", pero non tardaron moito en cambiar as tornas. Agora o medo, pánico máis ben, non che deixa, sequera, maldicir en silencio o día no que o coñeciches, aquel fermoso catorce de febreiro en que te deixaches engatusar por unhas rosas vermellas e unha mirada apaixonada que pretendían amosarche ata que punto estaba namorado. Namorado? Ríome eu do seu namoramento!

Estás atrapada, non sabes que facer, non hai nada que facer... A presión que aturas é incluso maior ca se tiveses unha pistola apuntando directamente á túa sen, máis ca se fose o teu dedo o que ameazase con apertar o gatillo.

O teu físico acúsate, fala por ti sen dicir nada. Esas olleiras, esa palidez, os ollos afundidos, ese tremor nas mans... A túa imaxe é agora a dun cadáver. E é que estás morta en vida... Pero... Onde quedaron os tempos en que vestías minisaia e pintabas os beizos de vermellos paixón?

Sei que me vas a responder o de sempre, o mesmo que me dis cada vez que te chamo e falas ás agochadas del. Tratas de enganarme, de facerme ver que todo está ben, que non che doe nada, que se te o propós aínda es quen de sorrir. Non te decatás de que te coñezo demasiado ben, de que fuches durante demasiados anos a miña mellor amiga, lembraste de cando estabamos no parvulario? Eramos capaces ata de voar se o desexabamos con forza... E agora que non sabes facer máis que dicir que todo iso xa morreu para ti... Pero... E se...?

- Existe aínda un "e se"?

Pois claro! Porque... E se non estás tan soa? E se aínda quedamos algúns dos de antes que te apoiamos? E se todo volve a ser coma antes? E se volveses a chorar nada máis que - Existe aínda un "e se"?

Pois claro! Porque... E se non estás tan soa? E se aínda quedamos algúns dos de antes que te apoiamos? E se todo volve a ser coma antes? E se volveses a chorar nada máis que de alegría? E se te decidises a matar ó monstro? E se volveses abrir a xanela nada máis que para deixar pasar o sol? E se...? E se...? E se...?

Daste conta?

Aínda quedan posibilidades...

Avanza. Camiña. Corre. Libérate. Voa. Sinte. Soña. Ama... Non digas "non podo" sen máis, non! Pide axuda, volve a ser o que eras, di "non podo soa"...

E se agora che tomo a man?

E se te decides?

"E se denuncio?"

Non titubees!

"E se denuncio?"

Non o penses...

"Denuncio?"

Simplemente faíno...

Simplemente DENUNCIA!!!

A VIAXE DE KARIMA

Por ANTÍA TACÓN GARCÍA

2º premio de relato curto da categoría xuvenil

Karima Diouf naceu en Senegal. Cando despois lle preguntaran por aquel lugar, a rapaza sempre respondería o mesmo: era ondulado. Ou polo menos esa era a impresión que daba a súa superficie na zona onde Karima vivía, sempre cuberta de suaves montañas de area, que aquí chamamos dunas. Á rapaza sempre lle pareceu, e séguelle parecendo, unha paisaxe fermosa.

Pero na casa de Karima había fame e a area e o vento non dan de comer. Por iso, unha mañá máis abrasadora cás outras, o pai de Karima abrazouna, bicou a súa nai nos beizos e marchou buscar algo mellor. Foino buscar alén do mar, noutro continente que mesmo lle semellaba outro mundo, chamado Europa. Karima e a súa nai, Mariem, tremeron imaxinándoo cruzar o Estreito nun barco pequeno, que daría risa e mágoa a un mesmo tempo se o observasen os donos dos fermosos transatlánticos. Tiveron pesadelos con el afundindo inerte entre as augas, derrotado pola fame, a sede e a tormenta. Pero ¡que noticia máis marabillosa!, ós quince días chegou una carta, unha carta que matou o medo á morte, unha carta que falaba de ledicia e de esperanza.

Durante varios anos, cada mes aproximadamente, un sobre de papel seguiu atravesando o Estreito. De cada vez levaba consigo moitas palabras fermosas e algunhas moedas que permitiron que Karima e a súa nai puidesen comer.

Mariem, que coñecía moi ben o seu marido, comezaba a sospeitalo, pero Karima non tiña nin idea da tristeza que agochaban en realidade aquelas cartas tan ledas. O pai non quería queoubesen o só que se sentía, o cansado que estaba e o frío que tiña algunhas noites. Disfrazou a dura realidade para que Karima o imaxinase vivindo nun lugar máxico—a nena negábase a chamarlle país- onde as moedas relucentes brotaban do chan e onde as persoas eran ¡que cousa máis rara!, brancas coma a fariña.

Karima non soubo, polo tanto, que o seu pai facía os traballos máis duros e facíaos ás agochadas, porque estaba nun lugar no que moitas persoas non querían a xente de fóra, e menos se xa se lles vía na cara, na cor da súa pel, que viñan de lonxe.

Xa pasaran cinco anos desde a marcha de Ibrahim, que así se chamaba o pai, cando chegou a nova máis feliz de todas, unha nova que non agochaba tristura detrás dela: o pai conseguira un permiso de residencia, xa non tiña que agocharse de nada nin ninguén, e podía ademais levalas con el.

O doce de novembro de 1991, Mariem e Karima subiron por primeira vez a un avión, cheas de ilusión e un pouco de medo. Ao sobrevoaren o Estreito de Xibraltar, Mariem botouse a chorar, pensando no insultante e ridiculamente estreita que era aquela franxa de auga que tanto medo lles fixera pasar e que tantas vidas levava. Karima, que tiña entón seis anos, pensou que se alegraba de non teren que ir elas tamén en caiuco: asustárase moito de ter que facelo. O que non se lle ocorreu foi que o seu pai tamén tivera medo, moito medo; pero para as nenas de seis anos os pais son todopoderosos e nada pode asustalos.

Ibrahim agardaba a súa familia no aeroporto, cun sorriso de ilusión infantil que contrastaba coa ancianidade que cobraran os seus ollos, uns ollos que tiñan pasado xa moitas dificultades. Mentres abrazaba a Mariem con toda a forza dos seus brazos, a pequena Karima dixo unha frase que os deixou abraiados pola súa involuntaria madurez:

-Agora xa non somos unha familia separada pola auga.

Tiñan un piso en aluguer na esquiniña máis occidental da Península, en Galicia, preto de Fisterra. Era un apartamento pequeno, pero non lles importaba: estaban xuntos. Agora Ibrahim traballaba na construción, aínda que estaba, coma sempre, a buscar algo mellor. Pasados uns meses, Mariem logrou ser empregada nunha pastelería, onde vendía boliños quentes a nais con nenos de peito, a parellías de namorados e a velliños falangueiros.

Tamén Karima comezou axiña a ir á escola. Foi coa súa mochila ó ombro e cunha caixiña de lapis de cores que lle semellaba un tesouro. Sentou na cadeira que lle sinalou a mestra, curiosa e ilusionada, e sacou con orgullo o

seu estoxo. Entón escoitou unha voz desagradablemente aguda, que dixo:
-Vai sentar cada min esta negra?

Karima volveuse cara o neno que falara cos ollos moi abertos, chea de desconcerto, e sen saber moi ben por que botouse a chorar. Era a primeira vez que alguén a desprezaba pola cor da súa pel, é máis, era a primeira vez que comprendía que iso podía ocorrer, que había xente que pensaba desa maneira. Sentiuse de súpeto moi soa, coma un puntiño negro no medio de moitos puntiños brancos, e exclamou:

-Quero volver a Senegal!

Aquela tarde pasoulle o desgusto, acubillada entre os brazos cariñosos da súa nai, pero a idea seguiu afianzada na súa cabeciña: *quero volver a Senegal*. Foi entón cando o pai a sentou nos seus xeonllos e, agarimándolle unha meixela, explicoulle que a vida non sempre é sinxela e, dende logo, non sempre é xusta, pero que non se pode fuxir dela. Explicoulle que lles custara moito vir a España e prometeulle que alí estarían ben, que estarían *mellor*. Díxolle que tiña que volver á escola para que o neno da voz aguda vira que non lle tiña medo, que tiña que ser máis valente cós demais para que despois non dixesen que os negros eran uns covardes; que tiña que ser máis intelixente e máis amable e máis honrada...

A pequena Karima só comprendeu isto a medias, pero foi abondo para que lle dera outra oportunidade á súa nova vida. Pouco a pouco, polo seu propio pé, foi comprendendo que a vida non é branca nin negra e que naquel novo país había tamén moita xente boa, xente amable, capaz de querer ás persoas por como son por dentro sen darlle importancia á cor da súa pel. Aprendeu a falar castelán e galego, fixo amigos de pel pálida e bo corazón, coñeceu a neve e a néboa e a area branca das praias galegas... Cando facía xusto un ano que a familia se reunira en España, foron no coche vermello que acababan de mercar ata as dunas de Corrubedo, onde viron que en Galicia tamén había un cachiño de Senegal.

-Dese cachiño- dixo Mariem- formamos parte nós.

Dende entón todos os anos fan esa viaxe. A última vez Karima levou canda ela un mozo de ollos azuis e cabelo dourado e un neno mulato que a chamaba, con lingua aínda vacilante, *mamá...*

O OUTONO

Por ANA CELEIRO SAL

1º premio de poesía da categoría infantil

Xa se van os longos días
Xa se van os días de sol
Xa se marcha o verán
Levando os días de calor.

Pero chega o outono
E leva as follas con el
Deixando as árbores espidas
De folliñas color mel.

Entre as follas caídas no chan
Xoga unha meniña de louros cabelos
Xoga coas folliñas que voan sen parar
Xoga coas folliñas de tons amarelos.

Séntase ao pé dun carballo espido
Chea de castañas sobre o seu vestido
Cun peine dourado peitea os seus rizados
Entre as castañas, follas e ourizos.

Xa é hora de marchar
O outono xa se vai,
Espile o seu vestido azul
E ponse de lazo unha cinta de tul.

Marcha para a casa
Despide o outono
A bolsa chea de castañas
A cabeza chea de soños.

À BEIRA DO NEIRA

Por MARÍA LÓPEZ PÉREZ

2º premio de poesía da categoría infantil

Ao carón do río NEIRA
un día de xaneiro nacín,
cheguei con frío e néboa
a unha terra churrusqueira.

Fermosa é a súa ponte
que de todos é coñecido
que a fixeron os romanos
en tempos moi antigos.

Fermosas son as súas árbores,
que lle fan sombra ó río,
acadando moitas formas
ao longo do seu percorrido.

Que fermoso é este río!
Fillo do caudal do Miño
que, aínda que anda moitas terras
no Corgo acaba o seu camiño.

A LÚA

Por ÁNGELA RINCÓN RODRÍGUEZ

1º accésit de poesía da categoría infantil

Lúa do meu corazón
que brillas sen temor,
coa túa luz acariciasme
grazas ao teu amor.

Pola noite ti saes
coas estrelas mirando,
o teu reflexo aparece,
está nun gran charco

Lúa chea redondiña,
lúa nova fermosa,
lúa crecente amiga,
lúa minguante a última.

Ti iluminas a nosa cidade
co teu brillo reflector,
as farolas aluman pouco
comparadas co teu fulgor

Con amor ti nos queres
con amor nós quere moste
se amizade ti nos dás
moi contenta quedarás.

O Sol é teu amigo
e ao seu carón
non te poñas o abrigo
que queimarás o brillo.

A lúa é moi bonita,
non te vaias namorar,
que non chegas a ela
para poder casar.

A lúa é pequeniña
comparada co Sol
da voltas à Terra
para viaxar e viaxar.

Lúa chea redondiña,
lúa nova fermosa
lúa crecente amiga,
lúa minguante a última.

LOBEZNO E A LÚA

Por JUDIT LOURIDO VILLA

1º premio de relato curto da categoría infantil

Lobezno fai tempo que vivía sen o seu pai e a súa nai, porque extraviouse no bosque sendo aínda moi pequeno. Por iso a lúa decidiu coidalo-

Cando se achegaba a noite, a lúa ensináballe a cantar e a chamala para cando nesesitara dela.

Lobezno aprendeu que cando a lúa estaba crecente significaba que estaba contenta, xa que era o sorriso que só a lúa podía ofrecerlle.

Cando lobezno se portaba mal, a lúa poñíase minguante ata que o lobato aprendía a lección.

Cando o sono adormecía ao lobezno, ela arrolábao, mexéndose dun lado a outra para que o pequeno descansara ben e non tivera pesadelos.

Cando lobezno enfermaba, a lúa poñíase nova e quedaba xunto a el agardando que o pequeno mellorase.

Cando todo era ledicia, ela medraba e medraba porque estaba moi satisfeita, e a súa luz iluminaba o ceo e a terra.

Certa ocasión, a lúa atopou á familia de lobezno ao norte do bosque. A sorpresa causoulle tristura porque era a primeira vez que tivera un fillo e dáballes pena afastarse del. Pero o seu amor era tan grande que dábase conta de ca felicidade do lobato era estar xunta aos seus verdadeiros pais.

Unha noite de setembro, lúa díxolle na orella:

-Lobezno, vouche dar unha sorpresa.

Lúa levou oa lobezno coa súa familia. O pequeno deu brincos de ledicia e alegrouse moito de recuperalos. Pero custoulle algunhas bágoas despedirse da lúa, que tanto agarimo lle deu mentres estivo extraviado.

Cada noite subía ata a cima da colina e ouveaba moi forte para chamala e mandarlle un bico.

Ao velo os seus irmáns, ían tras el e ouveaban tamén.

A lúa quedou abararaida porque comprendeu que non perdera un fillo senón que gañara centos, porque todos aprenderon a chamala cun ouveo, como ela ensinou ao lobezero.

COUSAS DA VIDA, XA SABES.....

Por SILVIA LÓPEZ LÓPEZ

2º premio de relato curto da categoría infantil

Abril de aquel ano, na clínica.

“Clínica Laxe. Expertos en Psicoloxía e Psiquiatría.” Había montóns de tarxetas esparcidas polo chan nas que se anunciaba a clínica de meu pai. Debía de recollelas antes de que alguén se decatase daquel desorde. Quizais había unhas trescentas tarxetas ou máis. Cando rematei de apañalas senteime no cómodo sofá da sala de espera. Tiña sentado alí tantas outras veces... Desde que morreu miña nai, pasaba alí case todas as tardes, pois nin meu pai nin Violeta se afacían a idea de que quedase na casa soa despois das clases. Eu intentaba convencelos dicíndolles que non ía pasar nada malo e, que en caso de que iso ocurriera, os chamaría de inmediato. Pero eles nada. Aseguraban que o mellor era que fose á clínica. Alí estaría meu pai cerca e a oficina na que meses atrás traballara o Sr. Ramírez sería estupenda para facer os deberes. Violeta insistía en que deseguida me acostumaría.

Violeta era a miña madrastra. Logo de morrer mamá, meu pai ou o “caramelo”, como o chamaba a súa nova muller, non perdeu o tempo. Empezou a quedar con rapazas que tiñan sete anos menos ca el ou máis aínda que, todo hai que dicilo, a min seguiume tratando coma unha reina. Por aqueles tempos, el dicía que eu era a única persoa que o facía feliz, a ÚNICA. Mais eu sabía das súas quedadas. Mais adiante, xa cumprira eu os seis anos, parecía que xa se esquecera de todo o que me dixeran. Coñeceu unha muller oito anos máis nova que, para o meu parecer, só estaba con el polo diñeiro. Presentáramos un día de casualidade.

Xuño, seis anos antes, na casa dos Laxe.

Aquela dor de cabeza non me deixara pegar ollo en toda a noite. Serían as dúas e media da madrugada. Oía ruído, parecía que viña da pranta baixa. Aproveitando que non podía durmir e que tiña moita sede, decidín baixar

abaixo. Puxen a bata de Minnie Mouse que me regalara a avoa a última vez que viñera e as pantuflas a xogo. Baixei as escaleiras ás escuras e o máis silenciosa posible, tratando de non espertar a ninguén. Ás palpas, atopei a porta da cociña, xa se oía o ruído máis preto. Entrei disposta a coller un vaso de auga ou algo que me matara a sede. Ó saír, vin que a luz do comedor estaba acesa. Abrín a porta, mais a miña sorpresa foi ó ver a papá sentado á mesa ó lado dunha muller noviña da que tiña agarrada a man. No centro da mesa había un candelabro e un xarrón cunhas flores. Polo visto, estaban ceando, pero non parecía unha cea calquera.

Aquilo semellaba unha escena dunha película romántica das que lle gustaban ver a mamá. Logo diso botaríanme do comedor e despois á luz da lúa bicaríanse. Estaba pasmada, non sabía o que facer así que rompín a chorar. Papá acercouse a min coa mirada que pon cando lle preocupa algo. A xove que estaba con el tamén parecía preocupada. El abrazoume con forza e estivemos uns minutos eternos así. Soltoume delicadamente e sentoume no seu colo. A rapaza sorriuunos a min e a meu pai cunha desas sonrisas forzadas que pon a xente para quedar ben. Mirei para meu pai e pregunteille que pasaba, por que estaba aquela desconocida alí, por que a tiña agarrada da man, pregunteille se logo de botarme de alí se ían bicar e un sinfín de preguntas máis. Papá riuse nervioso e eu empecei a chorar de novo. El calmoume e con paciencia, explicoume cousas que como a vida son catro días, que había que aproveitalos, que por iso el botara moza...

E máis cousas que naquel momento non entendín o que significaban. Presentoume a súa suposta noiva.

Chamábase Violeta e parecía encantadora. Un pouco máis tarde, xa me calmara. Pero había unha cousa que aínda me aterraba.

- Papi, ídesvos bicar ou non?

Quedáronse os dous calados un anaco.

- Quizais. - ó oír iso, puxen cara de asustada - Ánxela, cariño, non pasa nada porque dúas persoas se biquen.

Cando ti teñas quince anos, xa non tanto, doce anos ao mellor, daquela entenderalo.

Fiquei uns segundos queda. Logo saín correndo de alí.

- Non te preocupes, entenderao – oínlle dicir ó tal Violeta a meu pai.

Metinme na cama, tapeime ata o nariz e probei a dormir, mais érame imposible. Fora un día, mellor dito, unha noite rara.

Seis anos despois disto, na clínica.

Recordando aquilo sentíame francamente mal. Violeta nunca me caera moi ben que se diga, eu tíña a por unha “ladroa de pais”. En vida de miña nai, papá dedicábase exclusivamente ó noso coidado e benestar, mais con aquela arpía coa que casara facía pouco tempo todo cambiara. Logo de se casaren, ela mudouse á nosa casa. Era un desastre aquilo.

Non quería seguir pensando niso, pero... como evitalo?

7 de xullo, catro anos antes.

A pesar de todo o que lle suplicáramos a avoa e máis eu para que non casase con aquela bruxa comecartos, el non nos fixo moito caso.

Era venres pola noite. Ao día seguinte sería a cerimonia de matrimonio. Os avós viñeran dende Xinzo para pasar co seu filliño aquel día.

Durante a cea, ninguén pronunciou palabra que non fose para pedir que lle pasasen o sal. Todos estábamos ensimismados pensando no que podería dar de si o día seguinte. Eu desexaba con todas as miñas forzas que ocorrixe algo, o que fose, que impedise celebrar a voda. Non só porque odiase á noiva, senón porque me estaba rigorosamente dito que debía levar o vestido rosa pomposo. Era horrible! Á maioría das nenas da miña idade gustáballes ir con vestidos e faldas rosas a modo de princesas Disney, pero eu detestábaos. Máis aínda dende que vira aquel precioso pichi vermello na tenda da esquina, que ademais quedaba de perlas cuns zapatos coma os que tiña a miña amiga Sonia. Meu pai dicía que non, que

Chegou un señor duns 80 e poucos anos e sentou preto de min. Eu ventaba que ía empezar con historias da guerra, xa que as persoas da súa idade parecían non saber máis que de aquilo, así que entrei disimuladamente para a oficina que se me adxudicara para facer os deberes. A maior parte do tempo, estaba alí no ordenador, pero ó final da tarde acababa cansando. Antes, cando aínda vivía mamá iso non ocurría. Eu esforzábame máis e sacaba mellores notas. Agora iso xa me daba igual, xa tiña lío abondo na casa, como para enredar a cabeza máis cos deberes. Ademais, meu pai non se preocupaba tanto coma miña nai polas notas. A el éralle igual o que sacara. “Ti aproba e punto”, soía decir dende que emparentou ca Violeta esa. Nunca chegara a suspender, por iso cando trouxen o meu primeiro 4.25 se montara aquel tremendísimo lío. E iso que meu pai non era preocupadizo...

Tres anos antes, na casa dos Laxe.

Aquel día chovía a cántaros, así que víñenme no bus para a casa. De camiño, viñera pensando a forma de explicarlle a meu pai aquel suspenso. Non se me ocorrera ningunha escusa, polo que non quedaba outro remedio aparte de contarlle a verdade.

Entreí na casa coa carapucha do abrigo posta. Deixei a mochila tirada no recibidor e subín correndo ó meu cuarto, tratando de evitar ver a meu pai, pois cando minto pónseme a cara vermella coma a dun tomate e delátome deseguido. Corrín ó piso de arriba. Resulta, que con tan mala sorte, papá estaba baixando as escaleiras.

- Que tal, filla?

- Ben – intentaba ocultar o meu rostro, cousa imposible.

- Pasou algo? Debes aprender a non poñerte colorada... - o tono burlón que usou molestoume, e contesteille de mala uva.

- Pois sí, mira. Primeiro, morre mamá, logo cásaste con esa bruxa e agora suspendo o exame de lingua. - choraba coma un bebé en pleno llanto.

aquilo era pouco para min, que debía ir moi guapa e elegante. Por causa disto discutimos unhas cantas veces... Menos mal que a avoa se poñía da miña parte, ela sí que me entendía! Así e todo, tiven que levar o vestido rosa.

Aquela sí que fora unha noite eterna!

Ao día seguinte espertei ás nove e media da mañá, e a esa hora xa estaba formado un bulicio xigante ni casa. Había montóns de persoas de un lado para outro, con moita présa, que nin se paraban a saúdar. Fixeime que a maioría ían vestidos elegantemente. Papá dixera que eran os do equipo de “Tenga una boda perfecta”, que viñeran dende León. Hai que ver! O que se fai por casar cunha xove...

No medio de tantas persoas de traxe e gravata eu sentíame ridícula coa miña bata de Minnie. Corrí ata a miña habitación e puxen, de mala gana, aquel absurdo vestido. Despois diso, viñera meu pai falar comigo e díxerame que esperase alí ata que alguén me chamase.

Estiven sentada na cama un bo pedazo e como vía que a espera se prolongaría aínda máis, saquei o meu osiño de peluche de debaixo das mantas. Abraceime a el e quedeime durmida.

O seguinte que recordo é a chegada de Violeta á igrexa, entre flores e aplausos. Logo, todo foi estúpidamente estúpido, sobre todo cando o señor cura os mandou bicarse. “Puaggh!”, pensei.

Todo pasou moi rápido: o bico, o arroz, o banquete... Chegamos á casa moi tarde. Papá anunciou que se marcharía de lúa de mel pasados dous días.

Foi un dos peores días da miña vida. Recordareino sempre, pero con mal sabor de boca, iso seguro.

Catro anos máis tarde, na clínica.

Intentaba esquecer aqueles recordos, mais non había sorte.

Meu pai, quedouse atónito ante a miña resposta de “mala leche”. Arrinqueei de contado para o meu cuarto.

Debín estar alomenos unha media hora tumbada boca arriba reflexionando sobre todo o que me ocorrira nos últimos meses. Moito pensei.

Ao cabo duns minutos subiu papá a consolarme e a tratar de obter algunha explicación do meu estado de ánimo. A pesar da charla que me botou, seguía sen encontrarme mellor.

- Papá, por favor, déixame soa un cacho.

- Filla..., - meditou o que ía dicir – medras moi rápido.

Ante esta resposta, calei. Xa cando se foi papá, empecei a deseñar un plan. A verdade é que non me convencia demasiado facer aquela artimaña, pero non podía seguir así. Por un lado, meu pai dábase pena, pero polo outro... Que viva a independencia ! Canto máis lonxe daquela arpía, moito mellor.

Papel e lapis en man, comecei a redactar dúas cartas. A primeira sería para a miña avoa. Sabendo que ela a ía entender, quería pedirlle que me acollera na súa casa durante un tempo. Estaba segura de que recibiría un “por suposto” como resposta. A outra era para papá. Máis ca unha carta, era... non sei... O que se soe poñer no frigorífico cando alguén se marcha de improviso da casa nunha desas películas americanas.

“Papá, sei que isto che vai doer por iso cho vou dicir rápida, clara e sutilmente. Non me gusta nada a nosa situación (arpía na casa, pouco tempo para nós...), así que decidín marcharme da casa. Non me busques porque non volverei ata que esto cambie. Eu non te quero forzar, enténdeme.

Adeus, ou mellor, ata logo. Un bico”

Sabía que aquilo era unha tolaría, pero tiña que facelo. Agora só quedaba esperar a que a avoa recibise a carta e viñese a por min ás agachadas.
Tres anos despois, na clínica.

Cada vez que pensaba no que se me ocorrera... Ai, mamaiña querida! Éche boa verdade que a desesperación manda en ti. A pesar de todo o que e me esforzara para poder marchar da casa, a avoa decepcionoume e non me agochou. Esa é outra historia longa, pero xa vola contarei outro día. O caso é que quedei na casa martirizándome.

Outros dos problemas que teño con Violeta é a intimidade. É que non pode entender que unha adolescente coma min quere, debe e ten que ter privacidade? Dende logo que non, non o entende.

Un mes e pico antes, de camiño á casa dos Laxe.

Íamos Violeta e eu pola rúa de volta á casa. Fórame buscar ó instituto despois de clase. Aínda que facía bastante frío íamos distanciadas, sen apegarnos en ningún momento. Ela falaba todo o tempo e eu o único que facía era darlle sempre a razón, coma ós tontos.

Dalle a martabela, dalle, muller – pensaba para min.

- E acórdaste do día que fumos ó zoo? Que ben o pasamos! Bla, bla, bla... Chegamos á casa esterrecidas co frío ambiente. Eu, coma de costume, subín ó meu cuarto antes de que a miña madrastra me levase para a oficina de meu pai. Abrín o peto que había agochado no coxín e saquei o meu diario. Abrino polo medio e empecei a escribir mentras escoitaba un CD que me deixara Sonia. Tiña a música tan alta que non me decatei de que Violeta entrara na habitación.

- Ánxela, cariño, podes baixar o volume? - berrou con voz de pita, a que ten, por suposto.

Obedecín de inmediato, pois non quería máis leas con ela. Seguí escribindo coma se nada, pero máis afastada e tapando disimuladamente a folla.

- Filliña...

- Non son a túa filliña, xa cho dixen! - interrompina de mala leche. Con isto contradigo o que dixen antes en canto o de que non quería leas mais era imposible calar nestes casos.

- De acordo, de acordo, perdoa. Eu quería falarche de algo serio – isto pilloume por sorpresa – Mira, creo que te estás obsesionando con eso dos noivos. Parece que queres moito a ese tal... como se chamaba? Manuel? Non, Rubén, si. Bueno, o caso é que non debes obsesionarte tanto porque hoxe en día...

- Quen che dixo a ti que me gustaba Rubén? - volvina a interromper de novo.

- Bueno..., o outro día entrei aquí e vin de casualidade que o teu coxín tiña un peto. Abrino e...

- Como!? De casualidade, si, seguro... Nada é de casualidade vindo de ti, bruxa asquerosa. Líchesme os meus segredos! As miñas confidencias! Paréceche iso casualidade? A min desde logo que non.

Eres unha apestosa arpía! Non sei como papá foi tan inxenuo... - esta é outra desas ocasións nas que é imposible calar. Isto era o colmo!

Saín do cuarto cun golpe na porta (adoito facer isto cando estou moi enfadada e quero que se me note).

Boteime a andar pola rúa e regresei á hora de cear, xa ben tarde. Non quixen dar explicacións. “Xa a poñerei verde mañá”, pensei.

Un mes e pico despois.

Case sempre intentaba evitar problemas con aquela mala persoa, sobre todo dende que papá nos botara aquela charla (según el ás dúas, pero eu sigo dicindo que ía dirixida só a min), pero despois diso..., non, xa non a aturaría máis. Tíñame que desfacer dela como fora. Era insoportable! E encima semellaba que o pasaba ben facendo das súas.

Agora recordando aquilo, veume á cabeza un fragmento dun libro que lera facía uns meses e decidín seguir os mesmos pasos co protagonista e enfrontarme ós problemas cara a cara, a pesar de que meu pai dicía que “non hai vida igual á película”. Ao día seguinte falaría con meu pai, reuniría a canta xente fixese falta e acabaría dunha vez por todas con aquela muller do....

Debería pensar un pouco en como “actuaría” pero non tiña tempo, tiña que ser xa. Estaba decidido!

A semana seguinte na casa dos Laxe.

- Papá, teño que falar contigo a soas, por favor.

- Vou, espera, déixame acabar de ler o artigo do xornal – isto matábame! - María, paréceche normal? Queren aprobar a lei esta da que falaban o outro día. Están tolos. - estas discusións coa asistenta da limpeza eran moi habituais os domingos pola mañá. - Xa está, filla, xa está. Imos para a sala. A ver, que é iso do que me tes que falar? - falaba mentres remataba o café.

- Ti sabes das miñas rifas con Violeta, non si? Bueno, pois resulta.... - conteille todo seguido, só me interrompía de vez en cando para aclarar cousas e demais. Solteille absolutamente todo, todo!

Cando rematei, papá estaba perplexo. Acaso non cría que unha mociña coma min puidese levar a cabo unha investigación (eso si, coa axuda da tía Margarida, a avogada) e delatase a unha comecartos que xa fixo sufrir a máis dun home? Anda, ho!

O tema é que meu pai convenceuse de todo o que eu lle dixera durante estes anos. Deume as grazas e todo. Si, si. Botoume outra das súas típicas engorrosas charlas dándome as grazas por facerlle abrir os ollos e que lle perdoara por non confiar en min e non sei cantas outras cousas máis.

Pasou o día coma se nada, pero habíase enterar aquela tragadiñeiro de quen son os da familia Laxe!

Dous meses máis tarde, na casa dos Laxe.

Mentres ceábamos, xa sen Violeta entre nós, comentábamnos o xuízo.

- Papá, a que a irmá de Violeta rosavermellaverdeazul ou como se chame traballaba na tenda da rúa Manciñeiras?

- Si, si que traballaba.

- Ves, María? Tiña eu razón! - dixeron burlándose de María, só en broma.

- Tiñas, muller, tiñas, pero xa verás como che hei gañar eu despois ó axedrez?

- Non, non te fagas ilusións... - botei unha gargallada e logo rimos todos xuntos. Calei, pensativa

Cada vez que o penso..., que ben lle estuvo, ho! Habíanlle de poñer polo menos uns trinta anos de traballos comunitarios, non só tres. Había que vela sufrir!

- Estalle ben, si. A verdade é que a xuíza mostrouse bastante comprensiva pola nosa parte.

- Home! Pero Sr. Laxe, así e todo non sei como se puido deixar enganar tan facilmente. Non o entendo.

- Cousas da vida, xa sabes – volvemos rir todos, aínda que esta vez máis forzosamente – Quen se vén ó cine ver unha película?

O TRASNO DO MONTE PATUCO

Por ANDREA VARELA DÍAZ

1º accésit de relato curto da categoría infantil

O trasno Patuco era pequeniño e regordete e vivía desde facía moitos anos nos montes Patuco. Alí todos os animais o coñecían e xa se acostumaran ás súas trasnadas, así que, certo día, púxose a pensar e caeu na conta de que xa era hora de saber quen habitaba unhas casiñas que se vían nun val ao fondo da montaña.

Nunha desas casiñas vivía unha nena chamada Amelia, cos seus pais María e Rodrigo. Amelia era morena, alta, delgada, e moi espabilada. Sempre estaba imaxinando que algún día se atoparía con algún personaxe fantástico ou ben viaxaría a un país deses marabillosos que saen nos contos.

Farruco baixou ata o pobo e, despois de explorar todas as casas, decidiu quedar na casa de Amelia, xa que atopou un cuartiño cerca da cheminea, que era o tal para el.

Farruco era un trasno, xa sabedes, e tiña moita gana de lerias así que pronto empezou a facer das súas. Polas noites, abría as fiestras, corría polos cuartos como se fora unha pantasma, cambiaba as cousas de sitio, e rebuscaba en todos os chineros para comer o que máis lle gustaba, todo isto sen que o viran, claro. Amelia xa andaba coa mosca tras da orella:

- Oíches mamá ti non cres nos seres máxicos, pero explícame, por que dende hai uns días están a pasar cousas moi raras? - dixo Amelia.

- Non cho sei miña filla, terei que vixiarte de noite xa que tes tanta imaxinación que igual che dá por levantarte durmida e facer todas estas trasnadas. – dixo María.

- Era o que me faltaba, botarme a min as culpas, eu só soño, mamá, non ando de troula toda a noite. – dixo Amelia.

Pero Farruco xa non só se conformaba con trastear de noite, senón que facía tamén polo día, abría as cancelas dos prados, escondía todo o que atopaba á man na horta cambiaba as prantas de sitio, tamén se metía no galiñeiro e xogaba coas pitas, subía ás árbores e dedicábase a tirar os froitos, etc. En fin, aquela casa parecía invadida por algún ser estraño, e Amelia estaba disposta a saber quen era.

Vixiaba día e noite e miraba todos os recunchos da casa, pero Farruco, que era un pillabán gustáballe xogar ás agachadas e era malo de atopar.

- Xa sei – dixo Amelia – este ser estraño debe ser moi pequeno porque eu non son quen de atopalo, mais descubrín que ao moi pillín gústalle o chocolatín, así que lle porei unha trampa.

Amelia deixou enriba da mesiña de noite un chocolate riquísimo que lle traía seu pai cando ía á feira. Deitouse e finxiu que estaba durmida e, cando Farruco se achegou para roubarlle o chocolate, Amelia acendeu a luz e, chispún!, ¡Atopeite!

- ¿Quen es ti, pillabán? – dixo Amelia.

- Ai!, Ui!, Carapui!, Churrui! Non contaba con isto.

- Con que non contabas, anano?

- Non contaba con que me atoparas, muller, e non son un anano, son un trasno!

- Un trasno debes ser, porque dende hai uns días esta casa é un desastre, ata miña nai anda a vixiarme porque pensa que son eu.

- Pois sonche eu, é que me aburría de vivir no monte e dixeran “vou ver quen habita aquelas casiñas e darlle un pouco a lata”.

- Ves, eu tiña razón, xa lle dicía a miña nai que os seres estraños non só vivían nos contos. Mañá voulo contar.

- Ai! Non, non fagas iso. Os maiores non cren en nós e van pensar que estás tola. Porque non facemos un trato?

- Cal?

- Podemos chegar a levarnos ben, non ves que se me descubres tereime que ir, e alí estouche moi só e xa che teño os meus anos.

- Arre demo! Queres dicir que che deixe seguir así na miña casa, co mal que te portas?

- Tampouco son tan malo, date conta que son un trasno.

- Bueno, vale. Deixareiche quedar, sempre que non fagas moitas trasnadas.

- Está ben, procurarei ser bo, mellor iso que volver a vivir só.

- Dacordo, xa parece que empezamos a entendernos.

Dende aquela noite a casa de Amelia pouco a pouco recuperou a normalidade, e aínda que de vez en cando Farruco facía algunha trasnada, Amelia procuraba que seus pais pensaran que fora ela, xa que se fixera moi amiga de Farruco e non quería deixalo só.

A FÁBULA DE WALL STREET

Por RUBÉN MANUEL TORRÓN VÁZQUEZ

2º accésit de relato curto da categoría infantil

Todo comezou unha fría mañá de 1979, como de costume, Peter Peverell vía amencer o día dende a rúa. Peter Peverell era un pobre mendigo de Wall Street, levaba anos pedindo polas rúas, estaba sucio, farrapento e por riba xa arrastraba tras de sí uns ben levados 60 anos.

Esa mañá as rúas estaban tinguidas de branco, era inverno e na rúa os invernos son moi duros. Neses momentos a Peter Peverell acordábanselle os seus invernos, tamén moi fríos e tristes, da súa infancia na mariña lucense, porque Peter Peverell era unseudónimo que inventara cando emigrara a Nova York con dezasete anos.

En realidade chamábase Xosé Pardo. Nunha entrevista para o New York Times dixo que emigrara a Nova York para licenciarse en Dereito. Comentou tamén que cando chegou era un rapaz do rural abraiado polos xigantes rañaceos e a abundancia de capital e xentío. Di que tivo a sorte de non coñecer os barrios baixos da cidade, como podían ser Bronx ou Staten Island.

Nas súas faccións destacaban uns profundos e saltóns ollos negros e un nariz achatado e avermellado por consecuencia das baixas temperaturas. Posuía unha longa e gris cabeleira que se tinguía de ocre ca xa escasa luz das farolas. Tiña un rasgo moi estraño, gozaba dunhas mans impecables, suaves como a seda e brancas como a neve. Gozaba dende novo dunha exuberante e poboada barba gris.

Cando vivira na mariña lucense traballara dende moi neno no mar, axudándolle aos seus pais na pesca, alí aprendera o traballo duro que pasaban seus pais para que el poidera comer. Cando tivo a oportunidade “atravesou o charco” e foi para os EEUU para conseguir da nada toda unha fortuna.

Pero cando comezou a gañar os seus primeiros casos e a ser recoñecido rapidamente por todo o bufete esquecéronselle os valores que aprendera de seus pais e seus avós, a súa sona fíxose máis grande a medida que tamén aumentaba considerablemente o seu capital.

Chegou a ter mansións en: Manhattan, Brooklyn, Miami, Nevada e California. A súa vida podía definirse con tres palabras "o soño americano". Pero sorprendentemente non era feliz, Nova York cambiáralo e el sabía así que, un día deixouno todo, doouno a unha ONG e marchou vivir para a rúa, gañar a vida honradamente, a ter que buscar no lixo doutros aos que noutros tempos chamaba mortos de fame, chegou a facer iso para poder comer. Aprendeu que caer para levantarse, non é caer e a loitar polo que quere. Agora non vive rodeado de riquezas pero é feliz. Di que cando poida reunir algo de diñeiro volverá á súa terra para crear unha nova vida.

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DOS PREMIOS DA V EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO "TERRAS DE CHAMOSO"

Sendo as 19:30 h do día 14 dado para fallaren os premios da V edición do Certame Literario “Terras de Chamoso”, convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, do que forman parte:

D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
D. Xosé Manuel Castro Castedo
D. Darío Xohán Cabana Yáñez
Dna. Paloma Lugilde Rodríguez
Dna. María Juncal Martínez Modia

Exercendo de secretaria do xurado, sen voto, a tesoureira da A.C. Arumes, Dna. Josefa González Díaz.

Logo das deliberacións pertinentes e das votacións oportunas, os membros do xurado conclúen declarar premiados na V edición do Certame Literario “Terras de Chamoso” como segue:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

- 1º premio: María López Pérez, de Cela (O Corgo), pola obra “A nena do río”.
2º premio: Ángela Rincón Rodríguez, de Sarria, pola obra “O outono”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Andrea Varela Díaz, de Castroverde, pola obra “Máis que amigas, irmás”.
2º premio: Jorge Folgueira Sánchez, de Marei (O Corgo), pola obra “Un peixe chamado Merlín”.

CATEGORÍA: XUVENIL*Modalidade: poesía*

1º premio: Elisabet Rey González, de Noia, pola obra “O linde que nos separa”.

2º premio: Miriam Fernández Piñeiro, do Corgo, pola obra “Canción á miña nai”.

Modalidade: relato

1º premio: Silvia López López, de Castroverde, pola obra “Memorias dun vello testán”.

2º premio: Javier Rivas Rodríguez, do Ferrol, pola obra “A derradeira carta”.

CATEGORÍA: ADULTOS*Modalidade: poesía*

1º premio: Xosé Otero Canto, de Lugo, pola obra “A praia amanceba”.

2º premio: Soraya Cortiñas Ansoar, de Chantada, pola obra “A avoa”.

Modalidade: relato

1º premio: Xulio Romero Suárez, da Coruña, pola obra “Penando”.

2º premio: Tito Pérez Pérez, da Coruña, pola obra “Elba”.

Os membros do xurado agradecen a colaboración de Dna. M^a Consuelo Vázquez Castro, D. Xosé Enrique Casanova Sánchez, Dna. Sonia Rodríguez Páramo e D. Roberto Rodríguez Páramo polo seu asesoramento nas categorías infantil e xuvenil.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, cando son as 22:00 h do día 14 de decembro de 2011.

Asdo.: Xurxo Xosé Rodríguez Lozano

Asdo.: Xosé Manuel Castro Castedo

Asdo.: Darío Xohán Cabana Yáñez

Asdo.: Paloma Lugilde Rodríguez

Asdo.: María Juncal Martínez Modia

Asdo.: Josefa González Díaz

A PRAIA AMANCEBADA

Por XOSÉ OTERO CANTO

1ª premio de poesía da categoría de adultos

MAR 1

Sempre a brisa esvaecendo,
apaxando as mesmas cores no infinito,
as mesmas formas de antano conformadas no hogano.

Temón gobernado pola inmensidade,
pola enxarcia das estrelas que olen o iodo do desexo,
o salitre da busca,
a espuma da paixón.

Sempre a brisa temesiña
aloumiñando procuras
na auga que explora a horizontalidade da distancia,
o confín harmónico no hotel dos peixes,
o límite encadrado neste lenzo azul de eternidade,
nestas liñas espreitadas polo infindo.

MAR 2

Neste coito acompasado,
nesta cópula de ondas que ameazan
vou sedento de útero
apazugar as ágoas do suicidio.
Xustillos destrenzados
e mamas arrastradas, pola area.

Tetos de leite e ubres mananciais
babosando a tinguída xerfa de limacha.

Caracois esporronchados
da cuncha que retén noites
no pracer ignífugo.

Pertinaz suba de leite muxido na arribada
e de glúteos e de carnes ben pintadas.
Entrega dos dons do ignoto
no embigo da praia amancebado.

MAR 3

Sempre esbandallando,
anacando os cons na escachada.
Acachoando as pedras impertérritas
coas linguas de aceiro mollado.

Sempre bourante nesta loita arrizada.
Sempre trafegando en vaivéns de eternidade afoutada
. . . e a percherona penedía
que espera a abordaxe da fera inmensidade,
rompe as ondas en foulas e fainas borralla.

Bastións dos pobres que aguantan
as turradas multifaciais dos potentados
felpados polos rolos largacíos do leme das vagas.

Cariátides da morte.

Atlantes do desespero.

Sempre aguerridos de impasibilidade,
quedados, na vosa enteireza.

a AVOA

Por SORAYA CORTIÑAS ANSOAR
2º Premio de poesía da categoría de adultos

Vivir consiste en construír futuros recordos
(Ernesto Sábato)

...o óbito

Chegou a hora
na que, nalgures,
o fío de luz cega
abre o camiño de pedra
a aquel que aínda non naceu
e pecha una porta inerte
para os que xa estiveron.

... a AVOA

Na sinopse de seis vidas
foches o paratexto perfecto.

O INICIO

Coas túas mans
delineaches estradas
asfaltadas de metáforas solidarias.

Non perdeches o rumbo nunca
acollendo sempre,
entre os teus brazos,
infancias cheas
de aliteracións vitais.

Acariñaches os precipicios
temporais
do destino,
cun oxímoron contraído
sempre na boca.

Verbalizaches, entón,
as colleitas máis ricas de
hipérboles,
cando o agarimo era,
lexicalmente,
interminable.

E marchaches,
pronunciando,
sen reparar,
sinestesias debuxadas
no verso blanco do teu sono.

(Agora, eres sen dúbida,
a epanadiplose constante
de 85 valores)

PENANDO

Por XULIO ROMERO SUÁREZ

1º premio de relato curto da categoría de adultos

A vida de Francisco Caamaño non foi boa de levar, pero tampouco a morte. O ser orfo tivo moito que ver. Seu pai despenárase polos cantís da enseada da Barda, perto do Roncudo, mentres apañaba uns tetos de percebes; e desaparecera. Aos oito días apareceu flotando no Cabo de Laxe. O cadáver estaba inchado. O rapaz veu o corpo do pai naquelas circunstancias e foi como se lle virase o sentido. Nin lle pingou o moco pero o seu carácter tornouse máis rebelde, ata canalla. A nai quedou soa con catro cativos, dúas femias e dous varóns. Francisco, Chuquiño, era o segundo. O Caudillo mandoulles uns sacos de comida para unha tempada. A nai palillaba día e noite para gañar unhas pesetas vendendo a puntilla. Os rapaces compaxinaban a escola cos traballos para a casa: pelaban na ribeira, apañaban argazo, ían ao argueiro, sementaban patacas e millo... O máis agudo de todos era Chuquiño.

Súa nai, que era moi piadosa, meteuno de Sancristán en Canduas. O crego decatouse de que o rapaz era agudo e convíu coa nai e preparalo para o seminario. Eso si, antes debía limar certas asperezas e correxir a inclinación ao pecado que por aquel tempo xa parecía posuír. A Chuquiño gustábanlle as mozas. Nada tería de malo se non fora porque el aínda era moi neno. Agochábase detrás dunhas xestas ao axexo agardando a que as mozas da palillada saíran a mexar no descando, espiaba ás parellas de noivos tras as paredes do camposanto na festa de San Martiño, observaba aos cans en tempo de raxeira,... non era normal. O mestre tamén se decatou de que lle levantaba as saias ás compañeiras da escola e gritaba: Oooole!,.....Definitivamente, non era normal.

A cousa non trascendería se non fora porque o crego o pillou so na sancristía da igrexa coa pixa na man. Facendo qué?. Non ven ao caso. Pero falou coa nai do rapaz. Un candidato a ministro do señor tiña que mortificar o seu corpo, privarse de cousas mundanas e ollar por enriba dos asuntos terreaís.

Nas tardes de verán, Chuquiño cuidaba das ovellas no terreo de Semonte e de paso aprendía do carneiro e da cabuxa, que tampouco mortificaban o seu corpo. A nai falou co crego e conviron que era o momento. O rapaz

comezaría en setembro no seminario. Foron a nai e máis o párroco a onde a el. Chuquiño, que non era parvo, viunos vir, tirou a vara e saiu correndo cara os penedos. Aquela noite durmíu na eira de mallar, entre a palla. En troques súa nai non pegou ollo. Non era normal.

Fíxose mociño e aprendeu un oficio, o de carpinteiro de ribeira. Empleouse na tilleira de Canduas co seu tío e namorouse dunha rapaza que paseaba tomando o sol pola veira da ría, Rosa de Freire. A mociña era filla do Sarxento Freire, comandante do posto da Benemérita. Rosa non parecía estar ao seu alcance. Paseaba con zapatos de charón, con sombreiro e antuca e non sabía o que era ir á fonte coa senlla de auga na cabeza. Falaba castelán e xamáis se mesturaba coa mocidade da aldea. Chuquiño, que xa descubrira moitos dos segredos da vida, intimou con ela no salón de don Pepe, onde se celebraban os bailes do aniversario do Alzamento...Acudiron xuntos ao cine de Ponteceso a ver películas de cine mudo. No cine, Chuquiño era un mestre en xogos de man, e seguiron véndose na clandestinidade dun paleiro en Taboído ata que o Sarxento se enterou e decidiu cortar a relación. Para entón, a filla da Benemérita xa comezara a engordar e o pai a sospeitar.

Enterouse a nai de Chuquiño de que a do “Guardia” andaba baixo sospeita, e de que o seu fillo estaba no punto de mira do Comandante do posto e decidiu tomar cartas no asunto. Vendeu unha leira que tiña na Mundiña e máis os xogos de labor que gardaba para os casamentos dos fillos e decidiu embarcalo para América. O crego axudou a preparar os papeis.

O sarxento Freire, que era un home de honor, decidiu vingar o agravio contra a súa filla. Saíu na procura daquel “moinante”. Os verdes daquel tempo non eran os ecoloxistas de agora. Chuquiño agochoouse nas covas das antigas minas do volframio coma un fuxido da Guerra Civil. Non era normal.

Leváronno a nai e máis os irmáns á Coruña nun camiión que levaba o peixe ao muro. Pagaron o fialato pola viaxe e ao día seguinte embarcou no Doderó rumbo a Bos Aires. Canto choraron na despedida.

O Doderó era un buque apto para transporte de animais; pero os animais substituíanse por galegos que viaxaban en terceira clase amoreaos nas adegas. A Chuquiño resultoulle estrano a súa pasaxe: “primera clase para

personas” e “tercera clase para gallegos”. El non era persoa, era galego. Embarcou con dúas maletas, unha boina, un traxe de liño e uns zocos de coiro que pertenceran ao seu difunto pai, os mesmos cos que bailaba a muiñeira na romería de San Fins.

A travesía fíxose dura. Parecían esfameados. O cheiro das adegas do buque era peor ca do cortello dos porcos. Durante a viaxe morreron dous vellos e un meniño. Chimpáronnos ao mar. Asistíaos un médico ou algo así, polo menos vestía unha bata branca, que sempre recetaba o mesmo tipo de pastillas. Tanto servían para as espullas, coma para a febre ou para o cancro. O “médico”, cunha boina coa insignia da naviera, semellaba Napoleón. Alcumábano o “meigo”.

Os tiburóns do océano, a pesar de que non se lles arroxaba tanto engado coma antes da Guerra Civil, estaban moi agradecidos aos galegos. As epidemias nos buques foran a menos, pero de vez en cando aínda se lle chimpaba algún que outro cadáver. Os galegos eran afamados pero daban de comer.

Chuquiño tivo tempo para reflexionar ao longo da travesía. Amaba á filla do “Guardia”, e ao partir sentiu que se lle apagaba o corazón a medida que as luces da costa ían desaparecendo. Pero era un caveira e na adega do buque había moitas mozas. Sempre espertaba a carón dun corpo feminino e finxía non ter unha explicación por tal casualidade.

Arrivou ao porto de Bos Aires, a Dársena Sur. Acudiu ao Centro Galego da rúa Belgrano en compañía doutros compatriotas para buscar traballo. Desempeñou varios oficios: de estivador no peirao, camareiro nunha barra americana, carpinteiro nunha fábrica de mobles,... ata que ao final acadou a súa propia carpintería. Os anos de aprendiz na Tilleira de Canduas servíranlle para algo.

Acadou unha boa amizade cuns galegos de Corcubión que traballaban na hostalería e frecuentou o centro corcubionés da localidade de Martínez, na rúa Libertador. Alí coñeceu a Aurora, natural de Toba, perto de Cee. Xuntos acudían os fins de semana á praia de Río de la Plata. Celebraban merendas en el Ancla, cos emigrantes de Corcubión e asistían ás romerías galegas. Chuquiño calzaba os zocos do seu defunto pai para bailar a muiñeira. Encandilaba ás mozas cos seus danzares,... e cantares:

*Eso que tu tapas con tu camisola
Falando galego chámanlle pirola
Eso que tu tapas con tu delantal
Entre dos columnas palacio real...*

Petaba cos zocos no sobrado de madeira con toda a súa forza cando picaba, cos brazos ergueitos e un sorriso pícaro, e ceibaba un aturuxo que estremecía a quen o escoitaba.

Fixera plans de boda con Aurora e o día antes do casamento fuxiu a Bahía Blanca cunha napolitana. A aventura durou pouco e cando tornou, Aurora casara cun alférez da Mariña de guerra. Pasou polos brazos doutras tantas amantes, moitas delas de dubidosa reputación e despois de cada ruptura maxinaba na Rosiña de Freire. E no abrocho que lle deixara. Rosiña fora a única muller que amara de verdade. Pasaron os anos e os remorsos foron a máis e a morriña tamén. Morrera a súa nai e morrera o Sarxento Freire. Os anxeos de volver ao terruño que o vira nacer aumentaran. Plateáronselle os cada vez máis escasos cabelos. Enrrugóuselle a faciana. Eivóuselle o lombo. Perdeu algún que outro dente...

Deitouse unha noite nunha habitación dun hotel de Mar del Plata cunha piba vintecinco anos máis nova ca el a cambio dunha boa suma de prata. Espertou a media noite e resfregoulle a man pola faciana. Estaba fría coma o mármore. Acendeu a luz da mesilla e atopouse co rostro dunha caveira de sinistra ollada cuberta dunha carrapucha escura. Relocíalle a dentamía e os ollos semellaban cavernas escuras. Era a da Gadaña que viñera na súa procura:

- Caamaño, ata aquí chegaches. La tua vita e finita.

Atopáronno morto ao mencer. Os amigos de Corcubión fixéronse cargo das exequias e enterráronno na Chacarita. Non puidera cumprir o seu desexo de volver á terra e bicar a tumba da súa nai.

Colocáronlle unha lápida de mármore con nome e apelidos, idade e data de falecemento, rogando unha oración polo seu eterno descanso. Aurora acudiu ao enterro e rezou pola súa alma e máis pola súa salvación que non parecía estar moi clara. A primeira noite baixo terra foi a do despertar ao inframundo. Presentouselle un misterioso anxo de brillantes vestiduras, semellante aos das esculturas da escea do Xuicio Final do pórtico da

entrada do camposanto. O heraldo advertiulle que para un mellor destino ía ter que penar para purgar o seus abondosos pecados. Chuquiño aceptou a penitencia imposta co desexo de volver á terra e reunirse cos restos dos seus familiares no camposanto da aldea.

Na Chacarita non había noite sen esmorga. Era un dos camposantos máis grande do mundo, ateigado de galegos penitentes co anxeo de tornar ao lar patrio. Había máis galegos alí que no San Amaro da Coruña. Co tempo, Chuquiño ficou nos osos. Bailaba a muiñeira cos zoquiños que foran do seu pai picando nas lápidas do camposanto. A Chacarita era moi animado pola noite. Había penitentes de todas as nacionalidades e de todas as condicións. Alí descansaban Carlos Gardel, Santos Discépolo, Waldo dos Ríos ou Miguel de Molina ademáis de políticos, deportistas,... pero os galegos formaban unha numerosa colonia á que todos chamaban a Santa Compañía Galaica. Caamaño non sacaba ollo das difuntas mozas, cos seus osíños brancos e longas cabeleiras penduradas da caveira. Pero era un penitente purgando os seus pecados e abstíñase de volver ás andadas. Ademáis, debía cuidar os osos, os cartílagos e o periostio para volver á terriña.

Na Chacarita pasou unhas noites de lúa moi agradables en tempo de verán. reuníase cunha manda de galegos a carón da tumba de Gardel para cantar cancións porteñas do insigne artista: mano a mano, Buenos Aires, Barrio reo, muchachos,... brincando con aquelas tibias e cos peronés, cos fémures... máis lixeiros ca nunca. ¿Quén dixera que a vida era un tango e a morte un pasodobre?.

Chuquiño era un defunto de carácter inquedo e aventureiro. Decidiu percorrer o mundo e volver pouco a pouco á terra. Despediuse dos seus paisanos nunha das noites de troula do cemiterio, colleu á lápida ao lombo por si lle pedían cédula de identidade e botouse a andar en compañía doutros penitentes que peregrinaban de camposanto en camposanto cada noite. Foi así como iniciou a súa peregrinaxe en compañía de políticos, homes de negocios, eclesiásticos,... todos eles na procura do perdón polos pecados cometidos en vida, noite tras noite coas velas acesas, cos rezos invocando ao Deus misericordioso. Os galegos estaban en todas as partes. No cemiterio Presbítero Maestro en Lima coñeceu a uns galegos de Malpica que emigraran polo negocio da pesca. Alí pasaron unhas noites agradables recordando á terra, paseando entre os mausoleos dos virreies do Perú; e polo día escoitaban os evocadores laios das carpideiras, mulleres contratadas para chorar aos finados, que

emocionaban aos mesmos defuntos. Visitou diversos cemiterios de Panamá, ateigados de galegos; moitos dos cales morreran nas obras do Canal. As despedidas foron moi emotivas.

O que mais lle impresionou foron as alegres exequias dos camposantos mexicanos: epitafios graciosos, os vivos cantando e bailando con flores arredor das tumbas. Alí daba gusto descansar eternamente, pero claro, o de Chuquiño non era eterno. Pasou unhas veladas acolledoras en compañía de moitos galegos en San Andrés de Mixquic que semellaba un xardin floreado. Pasou outra estadia no cemiterio civil dos Dolores en Mexico D.F. onde coñeceu a uns defuntos de Santa Comba, panadeiros de profesión cos que xogou unhas partidas á brisca e ao tute.

Unha noite embarcou nun buque con destino a La Habana, metido nun dos cadaleitos de exportación con destino á illa caribeña. Nos camposantos de la Habana encontrouse cos miles de paisanos e paisanas cos que tamén compartiu agradables noites e cos que celebrou unhas pandeiradas arredor das tumbas. Alí cantaron a coro o himno galego. De novo calzou os zocos para bailar unha muiñeira de despedida e peregrinou á colonial Cienfuegos desde donde se contemplaban as luces da badía. Intimou cuns galegos que loitaran pola independencia de Cuba e recibiu unha cálida homenaxe denantes de partir definitivamente cara Europa nun barco de pasaxeiros en viaxe de placer. Chamábase “la Perla del Caribe”. Como cambiaran os tempos, canto luxo e suntuosidade, cantas frivolidades e cantos cartiños gastados. Tanto como el sofrera na compañía dos seus paisanos na travesía da emigración. Na viaxe adicouse a aterrorizar a moitos dos pasaxeiros daquel cruceiro de frivolidades, especialmente a parellas de noivos nas noites de placer. Correu a voz de que o buque estaba encantado, que un cadavérico fantasma traspasaba as paredes dos camarotes aterrando aos viaxeiros... que se escoitaba o taconeio duns zapatos con ritmo de muiñeira galega,...

Desembarcaron en Londres e Chuquiño dirixiuse pola noite a traves dos tuneis do *underground* ao camposanto de Highgate, situado no alto dun outeiro. Highgate era unha fermosa alfombra verde chea de árbores que se alongaba ata o parque de Waterlow. Tratábase dun cemiterio ateigado de mausoleos de estilo victoriano. Nel descansaban Reies, artistas, escritores, políticos... na compañía dos raposos, mouchos, árbores, plantas de todas as cores,... Semellaba o *Bosque Animado*. E como non podía ser menos, atopouse cun grupo de galegos que penaban naquel

camposanto. Establecéranse na década dos sesenta e casaran con naturais do país. Aínda así sentían morriña polo lar patrio. A Caamaño chamáronno o Fendetestas. Era tanta a humidade do lugar que a miúdo había que limpar o verdello e máis a varola do periostio. A humidade nunca fora boa para os osos e alí todo eran osos, así que unha vez máis decidiu que xa era hora de partir, e partíu... cara París, en avión, nunha maleta da pasaxe. Aterrou no Charles de Gaulle unha noite e internouse polos tuneis do alcantarillado ata acadar o camposanto de Pere-Lachaise, case tan grande coma o da Chacarita. Atopou dous defuntos galegos que alí descansaban facía anos. Foran republicanos fuxidos da Guerra Civil que loitaran na Segunda Guerra Mundial contras as tropas de ocupación. Das costelas penduraban cadanseu adovío: condecoracións ao valor. Nacionalizáranse franceses, casaran na capital na que traballaran de taxistas ata o pasamento. Con eles bailou unhas muiñeiras a caron da tumba de Jim Morrison. Logo partiu cara Galicia camiñando todas as noites polo Camiño de Santiago en compañía doutros defuntos que expiaban os seus pecados deste xeito.

Na ruta xacobeá coñeceu diversas persoaxes do outro mundo. En Santa María de Eunate intimou cuns espectros templarios que levaban séculos penando, algúns dos cales eran galegos.

En Logroño coñeceu a unha pantasma galega. Tratábase dun afixador ourensán que morrera facía cen anos de camiño ao sur de Francia desenrolando o oficio.

Percorrendo os cemiterios das provincias de Palencia, Burgos e León atopouse con defuntos galegos que finaran naqueles lugares tras o seu exodo á seitura durante séculos.

Finalmente chegou a Galicia entrando polo Cebreiro. Na súa terra era distinto. A morte e máis a vida ían da man. Nas tebrosas noites era moi doado encontrarse con difuntos penantes nas carballeiras, nos cruces de camiños, nas corredoiras solitarias, nos adros das igrexas,... Os camposantos rebordaban vida ao contrario das aldeas e vilas dos vivos. O balbordo dos cemiterios semellaba o dunha feira. Había penantes de toda clase e condición destacando caciques, narcos, funcionarios corruptos, picapleitos por asuntos de terras,... Efectivamente, Galicia era sitio distinto. Nos cemiterios accedíase cun santo e seña que non deixaba de ser máis ca unha pura formalidade. Por exemplo no de Leboreiro:

Aire de morto non ten conforto (recitaba o anfitrión)

Aire de vivo é confortativo (contestaba o visitante)

No camposanto de Melide atopouse cuns galegos retornados de Arxentina, de Lanús, cos que pasara unhas noite de esmorga no centro da capital:

-Che, vos. ¿qué hasés por acá?. Qué bueno que viniste!

-Callate pibe. Más que un descanso eterno, esto parece un eterno deambular-, contestoulles Caamaño, canso xa de andar dun lado para outro. Desexaba chegar á casa. Despedíronse cun tango que lles recordaba á cidade porteña:

*Caminito que el tiempo ha borrado
Que juntos un día nos viste pasar,
He venido a contarte mis penas,
He venido a contarte mi mal...*

Era noite de San Martiño en Canduas. A orquesta París de Noia actuaba no campo de Tilleira. Xentes de todas as parroquias veciñas acudían á festa. O esquelético Caamaño baixaba polas corredeiras de Borneiro en dirección ao Camposanto. Cantaban as chicharras e máis os grilos. Agromaba o millo nas gándaras. Chuquiño bagoaba de emoción. Por fin na súa terra. Xa se vía ao lonxe o campanario da igrexa parroquial, templo no que servira de sancristán, no que confesara os seus primeiros pecados, no que roubara as primeiras moedas da caixiña de escolas... e a rentes, o cemiterio de Canduas.

-Santo e seña!-, solicitou unha voz espectral na cancela do camposanto.

-Arrecarallo!-, contestou Chuquiño.

-Lamecricas!-, confirmou a voz. Podía entrar.

Un numeroso séquito de espectros parecían agardar ao visitante. Era a Santa Compañía de Canduas. Reinou o silencio por uns minutos. A Caamaño tremáronlle as tibias, os fémures e os peronés. Era de emoción, pero tamén de medo. Entre os presentes destacaba unha pantasma que relocía á luz da lúa. O verde da indumentaria que cubría os brancos osos e

maís o tricornio negro eran indicio da súa identidade. Tratábase do sarxento Freire. Chuquiño a piques estivo de tirar a lápida de mármore que portaba ao lombo e saír correndo cara as Pampas. So unha voz llelo impediu:

-Francisquito. Soy yo.

Era ela, a filla do guardia, Rosiña de Freire, unha caveira atractiva con melena, antuca e zapatos de charón. A pesar de estar nos osos conservaba o atractivo da época en que se coñeceran. Caamaño dirixiuse ao seu encontro ante a ollada de todos.

-¿Porque che tocou penar?-, preguntoulle Chuquiño

-Porque nunca dejé de quererte y deseaba esperarte. Sabía que vendrías.-, contestoulle a señorita Rosita.

A continuación fundíronse nun óseo abrazo ante o aplauso de xúbilo de todos os espectros presentes, incluído o severo representante da Benemérita.

Logo foron á tumba dos pais de Caamaño. Chuquiño bicou por fin a lápida da súa nai a quen vira por última vez no peirao da Coruña. Afortunadamente descansaba eternamente alén do barrio das estrelas en compañía dos que cantan panxoliñas en camisón e brancas ás. A tumba de Rosita de Freire destacaba sobre as demais. Unha manda de rosas adoviaban o nicho. O fillo que tivera con Chuquiño deixaba cada semana aquel presente. Por fin, a parella se reunía no alén. O anxo misterioso presentouselles para anunciarlles que podían partir ao país do aínda máis alén eterno, xa cumprida a pena que lles fora imposta. Por fin a chalana de Caronte os agardaba na punta do Roncudo para cruzar a inmensa lagoa Estixia do Atlántico. A vida?, un tango!... e a morte?, un pasodoble...

*No niño novo do vento
Hai unha pomba dourada,
Quen puidera namorala
Quen puidera namorala
Meu amigo...*

ELBA

Por TITO PÉREZ PÉREZ

2º premio de relato curto da categoría de adultos

Elba, o río que desemboca en Hamburgo. A insula do exilio Napoleónico. Non sei por que cando lembro a Elba penso no tacto da pel suorenta dunha femia sobresaltada pola danza da noite. Penso na experiencia de pasar a rentes delas e case nin rozar as súas epidermes untuosas, mais sentir no meu alcoholismo incívico os seus poros desenfreados como geysers en ebulición, exhalando un desenfado de desleixo tan voluptuoso como efémero. Sentir facerse público, común a cantos se dignen a percibilo, todo o húmido engado das súas sensualidades desbocadas en arquetípicas láminas de soños nauseabundos e lascivos. Sentir o máis intrínseco dos seus celmes canda un mesmo durante nada máis que un intre para logo esvaecerse na barafunda do atafego precoital que todo o arrodea.

Endexamais me aconteceu compartir semellante experiencia con Elba, cando menos non conscientemente. Polo xeral estas viravoltas non teñen nome, nin sequera rostro, aínda que ás veces coido que Elba tampouco o ten, e a cotío non son máis que fuxidíos cheiros a améndoa pedestre, ou estouridos de linguas descarnadas e súpetas a rebuldar no meu carneato, ou cecáis nin iso. Mais o seu recordo está unido a Elba. Está unido indisociablemente a Elba.

Elba naceu en min dun xeito enigmático, indefinido, como unha aparencia pretérita e futura, endexamais ostensible. Naceu como un eco esmiuzado ó lonxe, agochado canda os penedos dunha penumbra noctívaga á beira dun abrente incerto, como un adaxio sempre disimulado e nunca irrevogable. Naceu como unha presenza ubicua e invisible, como un ente non humano que todo o abrangue e que nada o apreixa.

Ás veces coido que se cadra a Elba de meu non é máis que un nervio sensitivo, un xeito sucesivo de apouvigarse no interior dun e ficar alí presente e inadvertida, latente na espera do seu despertar. É como unha

desas rás que dormitan no inverno baixo a lama dun bulleiro e chegada a primavera agroman nas brañas para expeler o seu canto irrisorio e monótono, que fornece de banda sonora ó crepitar da vida que se espreguiza. Mais no mundo de meu a Elba da primavera subtráese, e non dá chegado senón de xeito fugaz e proclive como a catarse dun cuco.

O cheiro da lama lémbreme a Elba. Máis ben o cheiro duns zapatos de nena de doce anos enchoupados na lama da beira dunha lagoa. Alí e así é onde teño lembranzas de Elba por vez primeira. Non sei que faciamos naquel lago, unha festa familiar, comuñón, bautizo, voda, eu era máis novo ca ela, dous interminables anos máis novo. Pero algo naceu en min, ese algo do que falo e que non é exactamente Elba e cecáis que non é nada en xeral nin en particular. Lembro as samesugas trebellando ás agachadas na beiriña da lagoa, a exploración xunto a ela dunha sección minúscula da ourela, cincuenta, cen metros, parecéndonos un mundo que descubrimos ámbolos dous a oito, unha árbore dentro e fóra da lagoa, coas raíces e as pólas sobranceando de cando en vez as augas tristes e nós enguedellándonos enriba das gallas de madeira ríspeta, arriscándonos a caer alí na lama, a enchoupármonos a infancia naquel illó ancestral de inmundicia e auga turbia... Recordos difusos é o que me traen estas divagacións. Outros cativos brincando aló enriba, xogando á pelota nun campeiro estéril e limpo, e todo rematando cedo, tan pasadío como o pensamento dunha ollada e a señardade que produce.

O cheiro da lama húmida, os zapatos enlamados de Elba, a lama batuxada en pingas compactas e enxotas polas súas mans e as súas pernas espidas e virxes... o pantalón curto daquela Elba e a súa face límpida como unha pérola coriscante... Aquela Elba ficou no pantano sen nome con recendo a lama, soterrada baixo as samesugas arruibadas e as galladuras daquela árbore inextricable.

Só entón unha nova Elba xerminou paseniña como un carballo novo das cinzas da Elba salamántiga, nun gotexar desesperante de ausencias nomeadas vagamente, visións encrequenadas en espetos cónicos e semellanzas a cabelos crechos dela fungados derredor. A nova Elba medrou sobre os alicerces do lameiro onde ficara para sempre a Elba púbere, e zougou as súas esencias mesturándoas nun formol de faladurías pasivas e medias insinuacións inconexas. A Elba anterior permaneceu inerte, mergullada no meu extasío perenne, nunha retentiva axeonllada perante o insomne devir do tempo. Non existiu a Elba rabuda, a Elba

xenerosa, a Elba soturna, a Elba flor, a Elba concupiscente, a Elba dourada, a Elba antolladiza, a Elba ninfómana, a Elba atroz. Todas elas transcorreron nun paralelo axóuxere incorpóreo e febrilmente albiscado sen achegarse a min sequer.

Foi entón cando Elba se transformou un pouco no que é agora ou no que foi antes e sendo agora.

Ren cambiou a outra lembranza que dela teño. Un ambiente escuro, unha rapaza morena e alta poñendo contra a parede a alguén difuso e case roxo. Un cheiro a nada principalmente, cecáis a humidade imbrando dende o chan, a xente e máis xente a se remexer nas súas roupas reflectidas pola brétema fosforita de luces intermitentes. Unha cervexa a medias na miña man, no meu fuciño, e Elba na miña forella, anicando o seu beizo canda o meu. Acaroándoo máis por intres. Alí e así é onde comezan as lembranzas que teño de Elba por vez última. O demais foi esquecemento e recordo, abandono e identidade todo fundido nun arrouto tan embebido en lama como en luxuria, en flegmatismo como en presteza, en palpitación como en miseria... As nosas éngoas fundidas nun palpebrexar de fulgores nostálgicos, enfrascadas en ínfulas de cuspe lamacento e consumado. Un remuíño ignorante e mutuo de traizóns arrebatadas, extirpadas, reasumidas nun ruxerruxe histórico de balbordos mudos, xordos, esfarrapados como angustias enmascaradas...

Elba, o río que desemboca en Hamburgo. A ínsula do exilio Napoleónico. Nada máis intelixible pode ser Elba. O inintelixible fica lonxe e sen obxecto nalgures.

O LINDE QUE NOS SEPARA

Por ELISABETH REY GONZÁLEZ
1º premio de poesía da categoría xuvenil

Esvaeciches,
tal vez eu quixera iso,
marchar entolecido
coa furia nas dedas
e respirando latexos.

Estiraches demasiado corpo
coa forza da euforia
créndote bolboreta no ceo
e perdendo o punto de volta
esquecíche do número de esperas,
de bágoas e ilusións ópticas.

Quedan só mísiles de auga
e pompas de xabón
en tardes de cinza crara
e sombrías noites.

Quixera eu tamén marchar
nun asubío do vento,
englobando os pulmóns.

Ti,
que constrúes para ti e en ti
un corpo de aire
de fase indecisa
e vida impropia.

Marchaches entolecido,
sen saber como nin porque
a vida ia en serio.

Deixaches solitaria a fala
silenciaches os aloumiños
dos que algún día me alimentei.

E esvaecíche tal e como
eu sempre quixen facer.

CANCIÓN A MIÑA NAI

Por MIRIAN FERNÁNDEZ PIÑEIRO

2º premio de poesía da categoría xuvenil

Mil rosas pola mañá
cen caricias ao espertar,
dez canción ao teu oído,
es tan bela coma o mar

Di, como tes eses ollos,
esa dozura ao falar?.
Dime coma conseguiches
esas perfeccións, mamá?.

Ti, pequena sereniña
es meu poema e meu mar,
ti que en min vives moi dentro,
ti, sereniña do mar.

En ti ás veces me perdo,
eu sen ti non sei medrar,
naiciña, sen ti non vivo,
coma a terra sen o mar.

Ti que sempre voas alto,
ata o ceo has chegar.
Ti que sempre me quixeches,
eu morro senón estás.

Ás veces malos momentos,
ás veces, che vin pasar.
Ti, que me deches a vida,
miña naiciña, meu lar.

Que sexas feliz naiciña
nun día tan especial,
pasa o tempo e os días
e sempre te vexo igual.

Un cariño e un sorriso,
ao teu ser, á túa bondade,
a ti, á naiciña máis boa,
segue sendo realidade...

MEMORIAS DUN VELLO TESTÁN

Por SILVIA LÓPEZ LÓPEZ

1º premio de relato curto da categoría xuvenil

<<A curva máis bonita do teu corpo?, o teu sorriso>>

Un sorriso; había tempo que non vislumbraba un na súa face...

[...]

Só paso uns minutos cada día con el pero disfrútoos tanto... Primeiro, cólleme unha man, dame un bico na meixela e di "Ola, avó. Como estás hoxe?", sen importarlle que non lle poida contestar ou que quizais nin o oiga.

Lembro que cando era un rapaciño de seis anos coma el, ía axudarlle todos os días ao meu avó á leira coa esperanza de que cando rematásenos me dera un anaquiño de chocolate do que gardaba para as <<ocasións especiais>>, mais sempre me decía que eu era o máis especial de todos e de todo. De vez en cando ocorríaseme preguntarlle que que faría se se lle presentaba unha desas ocasións especiais e non lle quedaba nada de chocolate porque xa o comera todo eu. Ría paseniñamente durante uns segundos e logo alentábame a terminar de comer, pero nunca conseguín resposta á miña pregunta.

Agora de vello doume conta de por que non lle importaba quedarse sin nada de chocolate nas datas sinaladas. Eu era máis importante para el ca uns visitantes (ás veces estraños), tal como para min Santiaguíño é o máis importante que teño.

[...]

- Avó, cando te poñas bo habemos de ir dar un paseo ben grande polo carreiro que leva á Chousa e habemos de subir ata Lourentín falar cos veraneantes. E logo, se temos forzas aínda, baixaremos correndo ata a ponte sen parar, e alí hasme coller no carrancho e daremos voltas e voltas

ata cansar. Mollaremos a cara no río para parecer que sudamos e semellar así que somos uns heroes ou algo diso. Xa verás como a señora Francisca da Lence se ha de quedar abraida mirando para nós!

[...]

Cando estou eu só no cuarto, hai veces que empezo a matinar. Matino en Santiaguíño e na súa imaxinación. Sempre me anda decindo que cando sane habemos facer isto e o outro. Que inocente e inxenuo é... Se soubera que non hei de curar nunca..., pobriño. Pero iso non é malo.

Eu de neno tamén imaxinaba cousas inverosímiles. Había veces que ata chegaba a ser unha especie de Superman antigo.

Outros días penso na vida en sí, cousas parvas, xa o sei. A onde iremos parar logo de morrer?

A un buraco, si. Pero todo se acaba aí?, ninguén o sabe... Eu non son desas persoas que cren concienzudamente en un dios, ou en profecías sobre a morte, non. Tampouco teño unha teoría sobre este tema, pero non me castigo a min mesmo por isto, xa que sempre fun algo soñador e aberto a cambios, a opinións e a distintas maneiras de pensar.

Sin embargo, creo que son diferente. Antes non me preocupaba o máis mínimo a onde fósemos parar. Solía dicir que hai que vivir a vida mentres se poida, e non pensar que pasará despois. Agora, en cambio, dende que estou vinte e catro horas ao día, sete días á semana na cama, e vexo como transcorre a vida coma se fose unha película, dou en matinar en cousas estrañas. Ás veces sorpréndome a min mesmo preguntándome de que serve traballar e desvivirse por algo ou por alguén se, de todas formas, terminaremos no buraco igual.

Deseguido intento apartar aquel sucio e miserable pensamento da miña mente, pero é inevitable impedir que volva a asomarse por algún lugar da miña estropeada cabeciña.

[...]

- Avó, toma un vasiño de leite quente. Toma. Así, ben. Di o tío Tomás que é para que che quenza un pouquiño a gorxa, que fai moito frío, aínda que eu hoxe non noto tal frío. Teño este xersei posto porque me obrigaron a poñelo antes de saír para a aira, que se fora por min... Ai, que tarde é xa! Voume, que me vai reñer a mamá se perdo o autobús da escola!, adeus!, pórtate ben, eh!

[...]

Santiagoño vén despedirse de min todas as mañás antes de marchar para a escola. Nunca se esquece de darme un bico na meixela. É unha sensación rara. Eu non podo percibir o tacto dos seus beizos, pero noto o cariño e a delicadeza co que os pousa na miña cara.

Dos seus anos, eu tamén lles daba a cotío bicos aos meus avós, pero non cando ía ao colexio, claro, xa que daquela aínda non había tal invento. Eu dábалlos todas as noites antes de durmir.

Había veces que ata me deixaban durmir a carón deles. Iso facíame sentir seguro e protexido.

Si, na cama dos avós sentía que ninguén me podería facer dano de ningunha maneira posible, que eles me ían protexer. Logo á mañá seguinte, non sabía como, aparecía por arte de maxia na miña cama dormido ao lado de Tomás. Non lle din importancia algunha a iso nunca.

[...]

- Xa cheguei, avó. A que non sabes o que me pasou hoxe? Lembras que o outro día che falei de Andrea? Si? Ben, pois estou segura de que me hei de casar con ela. Hoxe na clase de plástica decateime de que estaba mirando para min moito tempo, e cando lle pedín prestado o rotulador azul sorriume amplamente. Non cres que lle gusto? Dende logo, agora vai ser a miña noiva!

[...]

Eu tamén tiven algunha noiva antes de casar con Pilar, que en paz descanse, pero xa tiña algún aniño máis ca Santiaguiño, claro. Aínda que non nego que á súa idade tamén me pasara o que lle pasa a el hoxe en día.

A máis especial foi Fina; non quero dicir que ás outras non as quixera, que non é verdade, pero esta era distinta. Debía ter eu uns dezanove anos, estaba a punto de marchar para a mili.

A nosa foi unha historia destas que che quedan gravadas na mente para o resto da túa vida.

Ao principio todo era xenial, un conto de fadas. Quizais por eso doeu máis o final da historia; xa que debía pensar que aquilo sería para sempre. Inxenuo de min! Xamais hai que subestimar a unha muller, e menos a unha tan espabilada coma o era Fina. Menos mal que coñecín a Pilar aquel domingo de feira, senón non quero nin saber o que sería de min... Mentres vivía, foi ela quen coidaba de min, quen se preocupaba de si tiña unha deda do pé destapada, quen me traía a comida e ma levaba á boca sin protestar xamais, facéndoo tan só porque me quería.

Non creo que merecesse morrer tan pronto..., máis o merecía eu, por non axudarlle en nada.

Si, é certo, levo incontables anos neste leito, pero acaso iso é unha razón válida? Eso debía pensar ela, ou polo menos é o que deixaba entrever.

[...]

- Avó!, avó!, feliz cumpreanos!, isto é para ti. É un pequeno agasallo que fixen eu mesmo.

Espero que che guste, eh. Tamén preparei unha torta de chocolate, que me axudou a mamá. Púxenlle unhas galletas por riba, que sei que che

gustan moito. Pero ninguén me di cantos anos cumpres, din que son moitos. Moitos deben ser, si, porque para que non os den contado... E bueno, como ninguén me di iso, non puider dicirle ó tío que fose mercar unha candeia cos números para a torta. Ao fin e ao cabo, eu tampouco quero saber cantos tes porque... Bueno, é igual. Non , voucho decir, pero tesme que prometer que non llo vas dicir a ninguén, vale?, é un segredo. Ben , pois eu son o rapaz máis novo da miña clase e sempre me da envexa cando os demais me din os anos que teñen. Todos son moi maiores!, e eu tamén quero! Pero non llo digas a ninguén, eh, e menos á señora Dolores da Campa, que sempre di que non se pode ter envexa, que é un pecado moi grave. Bóh!, pero eu penso que só o di para fardar de todo o que aprendeu na escola isa de monxas, porque a min paréceme que cando Manola de Xulio aparece cun mandil novo , deses tan bonitos que hai agora, ela está a punto de morrer, envexosa ela.

Pero, avó, por que non miras o que é o agasallo? Veña, ábreo! Estás enfadado?, por que non o abres?

[...]

Ai, Santiaguiño, que gran corazón tes, mociño. Ti aspiras a moito nesta vida, xa verás.

O meu cumpreanos, si..., o meu cumpreanos. Canta ilusión che fai cumprir a ti anos, eh, rapaz! Tamén a min me facía gracia. Emocionábame todo, mais daquela non había tales agasallos nin celebracións nin grandes cousas. Como moito a avoa facíame un roscón de aceite que tanto me gustaba. Lembro que sempre me cabreaba, pois convidaban ao señor cura a comer, e este atiborrábase a comida, sobre todo co roscón. Deixaba un cacho pequeniño tan só, que tiñamos que compartir Tomás, Lidia, Pepe, Ramón e eu. E tiñamos que esperar a que a mamá nos fixese disimuladamente o sinal de que podíamos coller xa a comida.

Ai, meu sol, canto che queda por diante aínda. Envexar envéxote eu a ti, neniño. Cantas noites de troula che quedan, cantas trasgadas cos amigos por facer, cantas risas por botar aínda, cantas mulleriñas por conquistar, canto que disfrutar... E espero de todo corazón que disfrutes todo o posible. Como dicía aquel home: "Oxalá vivas todos os días da túa vida" Si, oxalá, Santiaguiño, oxalá.

Tan só déixame pedirche que cando eu morra e ti te decates de que xa non estou , coides da miña filla, túa nai, que tanto che quere.

Grazas, mozo, por aturarme e non fartarte de min. Grazas.
Quince anos despois
Sorriu.

A DERRADEIRA CARTA

Por JAVIER RIVAS RODRÍGUEZ

2º premio de relato curto da categoría xuvenil

Decembro de 1936

O meu nome é Andrés Sáenz e dentro de tres horas vou estar morto. Sin embargo, non quero acovardarme ante a inminente chegada da morte. Simplemente esperareina, coma se dunha vella amiga se tratase, esquecendo todo o negativo e pensando que, á fin e ao cabo, morro sen cometer maior pecado que loitar pola liberdade.

Hoxe, cando o reloxo marque as tres, serei fusilado. Tiven moita sorte, pois á maioría dos presos de guerra os torturan e fusilan sen xuízo algún. Durante este (que afortunadamente durou pouco), non falei e mantivenme nunha posición de dignidade ante o inquisitorio tribunal militar. Mais, non todo é malo. Agradezo ao soldado anónimo que me permitiu poder escribir estas últimas palabras para expresar os meus pecados e as miñas boas accións:

Nacín en Barcelona en 1912. Pasei os meus primeiros anos de existencia nun orfanato. Non o podo dicir con toda seguridade, pero é o que me dixeron as relixiosas: Que a miña nai fora unha muller solteira, pecadora e pobre que fuxiu e me abandonou alí. Os curas e as monxas que me coidaron nunca me deron un agarimo verdadeiro. Os mestres falábannos de que El sempre estaría connosco, pero non era certo. Sentíame un ser sen función no mundo.

No orfanato ensináronme a ler e a escribir, o que me permitiu expresar o que non podía dicirlles nin ás monxas nin aos meus amigos nunha folla en branco. Adoitaba escribir pola noite, mentres o resto durmía. Para min era unha liberación, unha razón pola que loitar, unha maneira de esquecerme

da miña dramática situación. Creo que non esaxero cando digo que foi isto o que me mantivo vivo e forte naqueles aciagos anos da miña modesta existencia.

No paso da infancia á adolescencia atopei outra gran paixón: a política. España vivía nese momento anos de gran efervescencia política, e eu sentía que quería vivilos persoalmente, non como un mero espectador, senón en primeira liña. Soñaba con ser algún día como Maura, Azaña ou Unamuno, políticos, oradores e escritores sen igual, e aos que eu consideraba modelos case inalcanzables.

Cando cumpríamos os dezasete anos, os mozos do orfanato de Santa Teresa eramos enviados a diferentes lugares para aprender un oficio e así, deixar ocos libres a máis nenos sen fogar. No meu caso, o director do centro non soubo moi ben que facer: non posuía a devoción necesaria para ir ao seminario; tampouco ía ser de proveito nun cuartel do exército, pois todos sabían da miña rebeldía ante ordes de superiores, por non dicir o solta que tiña a lingua sobre certos temas políticos.

As monxas non se crebaron a cabeza pensando nun lugar con proveito para min, e déronme en adopción a unha familia pobre de xornaleiros, que traballaban para o terratenente local. Este oprimía aos seus traballadores dun modo brutal, sen clemencia algunha, sabendo que non dubidarian en deslomarse por unha faragulla de pan. Eu non aturaba a situación denigrante que os meus pais adoptivos soportaban. Pronto me afillei á CNT, o sindicato maioritario daquela zona, para loitar e defender os dereitos da miña xente.

En 1931 España deu un gran salto en favor da liberdade. O 14 de abril, as masas botáronse á rúa para celebrar a chegada da Segunda República. Feito este que me alegrou, pero que fixo que os patróns descontentos se vingaran nos pobres xornaleiros. Foron anos nos que traballei moi duro. O sindicato nomeoume delegado e representante da comarca. Negocie con varios patróns e mesmo organiceí unha folga comarcal, que foi todo un éxito, pois o terratenente claudicou nas súas tiránicas normas.

Pero foi o ano 1936 o que marcou o fito histórico maior da miña vida. A CNT entrou no Goberno como forza da coalición da Fronte Popular. Chegado a este punto da narración, teño que admitir que se sucederon macabros feitos, como a queima de conventos e igrexas ou atentados que, a pesar de que os cometeron xente do meu propio partido, condénoo e digo que é unha verdadeira vergoña para a CNT.

España converteuse nun campo de batalla, co goteo case diario de mortos. Sucedeu un feito moi curioso e digno ser comentado: Forzas dereitistas, nunha das súas incursións habituais, cometeron o bárbaro asasinato do tenente Castillo, da Garda de Asalto. Os seus subordinados, como vinganza, decidiron executar ao que estaba destinado a ser a cabeza civil do Alzamento, Calvo Sotelo. Os enterros de Castillo e Calvo Sotelo coincidiron á mesma hora e no mesmo lugar. Alí eu puiden ver rancor e odio entre as eternas dúas Españas. As caretas xa caeran das caras.

Todo isto desencadeou o maior suceso violento dos últimos anos en España. O 18 de xullo comezou a Guerra Civil. Ai, a guerra! Esa tolemia dramática que transforma ao máis manso nun lobo feroz, cambioume a min tamén. Da miña comarca trasladéime a Barcelona por orde do sindicato, que repartía entre os afiliados armas roubadas a un cargamento naval. As milicias tomaron as rúas. Era un magnífico espectáculo ver ás masas afervoadas berrando “liberdade”. Quizais se me quedara na casa, non estaría nesta noxenta cela, vixiado por un mouro e un lexionario armados con fusís, e con moi pouco tempo de vida.

Os nosos líderes cenetistas reaccionaron rapidamente á situación de guerra, e en semanas formaron columnas de milicianos armados que se despregaron por Aragón, Cataluña e Madrid. Eu engrosei as filas (maldita decisión) da columna Durruti, comandada polo famoso líder.

Madrid resistía baixo a artillería inimiga un fogo cruento, insistente, masivo e indiscriminado contra a poboación civil. O medo a morrer na trincheira, na Praza de España ou no Prado era o mesmo. O terror alagou a cidade e

comezou a desbandada. Era un tres ou un catro de novembro e nomeáronme capitán do 5º rexemento, as milicias populares. O Goberno fuxira a Valencia e só quedaba vencer ou morrer. Ninguén sabía como deter a marea de morte que se abalanzaba sobre Madrid, pero polo menos íámolo tentar. O exército franquista tiña medios para tomar unha cidade indefensa. A clave era mobilizar ao pobo, pois, se Madrid caía, habería asasinatos, violacións e outras macabras escenas.

Mandaron á miña compañía a defender a Cidade Universitaria. Os meus homes estaban mal armados, sen apenas munición nin víveres, pero contrarrestábano cunha increíble moral. Non dispuñamos de artillería, pero a sección de metralhadoras descargou as súas armas. Ordenei que os milicianos se despregasen nunha liña irregular. Pasados uns minutos empezaron a caer os proxectís inimigos. Producían un longo zunido ao cruzar o aire, e logo, ao impactar a uns metros da nosa posición, estoupaban cunha desagradable deflagración.

Eu sabía que o asunto ía ser difícil. Todos o sabíamos. Os meus homes estaban cos nervios a flor de pel. Miraban ao redor constantemente e insultábanse á menor provocación. Aí dinme de conta de que era angustioso saber que había alguén que facía todo o posible por matarte. Alguén da fronte inimiga decidira que o alcance de tiro era o axeitado, porque a miña compañía foi minguando mentres defendían con afán a Cidade Universitaria. Producíanse estoupidos ensordecedores a ambos os dous lados. Eu mesmo tremía, aterrorizado.

Por fin, tras a masiva cortina de artillería, vimos ao inimigo. Era unha longa liña de mouros, lexionarios, cabalería e milicias. Agarrei a miña pistola, unha Astra 400 regulamentaria, coas mans suorentas. Podía sentir o fortes latexos do meu corazón. Finalmente, levanteime da trincheira que me daba precario refuxio e gritei “Adiante!”. Todos os milicianos agarraron os seus fusís e avanzaron. Cando o inimigo viu que nos moviamos, o fogo de metralhadora intensificouse. Refachos mortais varrían o campo de batalla, destruindo todo signo de vida. Martelei a pistola e botei unha ollada ó meu redor. Os meus homes deixaran de correr e puxéranse a cuberto como eu, ben nos pequenos ocos que deixaba o estoupido dunha

bomba, ben na raquítica vexetación que quedara. Algúns milicianos estaban a disparar, outros recargando os fusís e outros xa se retorcían de dor polas feridas.

Entón, cando tentei incorporarme berrei de dor. Tiña a coxa cuberta de sangue. Tirado no chan, observei como a marcha das tropas franquistas intensificábase. Finalmente, perdín o coñecemento. Cando o recuperei, atopeime sendo empuxado de malos modos por uns lexionarios. Aquelas tres ou catro horas que proseguiron á batalla foron de gran intensidade, horas das que envellecen a un home. Fun golpeado e arrastrado ata unha camioneta, onde me deixaron caer, medio inconsciente. Ao meu lado colocaron a outro preso, que recoñecín como un sarxento galego da miña compañía, un home moi afable que fora mallado por aqueles brutos.

A camioneta ía dando tombos por un poeirento camiño que non puideren recoñecer. Tras un tempo chegamos a un cuartel que, polo que vin, supuxen que sería o das tropas de reserva, en Alcorcón. Dous soldados leváronme a empuxóns a unha cela colectiva, chea de prisioneiros de guerra republicanos. Era un lugar fedorento e escuro, cos teitos moi baixos e vixiado por, como xa comentei, un regular e un lexionario. Un grupo de presos, vendo o meu uniforme, ofrecéronse solícitos a axudarme. Tiña mazaduras por todo o corpo e a ferida sanguenta da coxa esquerda. Supuxen que ao ver o meu uniforme de capitán os mandos pensaríanse o de pegarme un tiro sen máis.

Os meus compañeiros de infortunio informáronme de que non ía mal encamiñado na miña hipótese de localización. Estaba en Alcorcón, coa columna de reserva nº 9.

Ao día seguinte obrigáronme a saír da cela para que un médico militar, sen moito entusiasmo e coa mirada cargada de odio e resentimento, me curase a ferida. Eu entón non o sabía, pero á irmá dese médico, unha monxa, asasináraa unha horda de exaltados milicianos anarquistas. Por

iso non podía impedir que aflorase ese odio cara á miña persoa, cara a ese capitán anarcosindicalista que capturaran.

Así termina a serie de desagradables e dramáticos sucesos que me levaron ás miñas últimas horas de vida. Non me arrepinto de nada, pero á vez gustárame ter tomado outro camiño. Un pensamento algo contraditorio este, pero, qué pensa un home cando sabe que lle axexa a morte?

Para a miña desgraza...eh! que é iso? Vaia, o reloxo deu as dúas e media. Un lexionario con rango de sarxento, coa camisa verde aberta en exceso e con aire de superioridade, fulmíname coa mirada a través das reixas. Sabe que se achega a miña hora, e quere amedrentarme, mais non o conseguirá. Tras el, un mouro abre a cela e empúxame. Eu vou coxeando, pola miña coxa dorida, cara ao patio do cuartel, onde un pelotón de fusilamento espera, aves de rapina uniformadas, cos fusís no alto.

O sarxento pregúntame se quero unha venda para que me tape os ollos. Eu, con certa fachenda, dígolle que non. Se vou morrer, máis vale facelo coa mirada no alto.

Finalmente, entrégolle esta folla ao sarxento, coa intención de que non a rompa e chegue a boas mans. E coa esperanza de que o masacre termine pronto. No pasado, pensaba nunha España nova, un país revolucionario e anarquista. Pobre inxenuo de min. Nunca houbo unha nova España. Era un país que se odiaba a si mesmo. Un país que nunca tería paz e unidade mentres os seus dous pobos non aprendesen a respectarse mutuamente. E así poño fin á miña última carta, o meu último sopro de vida. O meu último adeus.

Andrés S.

A NENA DO RÍO

Por MARIA LÓPEZ PÉREZ

1º premio de poesía da categoría infantil

Unha nena vin nacer
a carón do Río Neira
os seus sedosos cabelos
asomaron na ribeira.

Unha árbore murmuraba
da fermosura da nena,
que era igual a súa nai
que era igual á Lúa Chea.

O vento sopraba
e as follas caían,
a meniña choraba
porque a súa nai non vía.

Non chores miña rula,
non chores queridiña,
que a noite xa se acerca
e túa nai te vixía.

O OUTONO

Por ANGELA RINCÓN RODRIGUEZ

2º premio de poesía da categoría infantil

O outono é un cadro
pintado de marrón
amárelo e vermello
cheo de cor.

Debuxo paisaxes
dun bosque espído
donde as follas fan
un fermoso vestido.

As árbores frondosas
moitos anos teñen
aguantan fríos ventos
que de todos lados veñen.

Termina o outono
e chega o frío
cae xa neve
con moito brío.

MÃIS QUE AMIGAS IRMÃS

Por ANDREA VARELA DÍAZ

1º premio de relato curto da categoría infantil

Ametx vivía nunha cidade do País Vasco, en Bilbao. Por desgraza tivo que virse para Galicia con dez anos e abandonar todo o que máis quería. Seu pai tivo un accidente de traballo do que quedou bastante mal e incapacitado para traballar, así que, decidiron vir a vivir a unha aldea da montaña lucense de onde era nativa súa nai. A súa vida cambiou por completo; acostumada as comodidades da cidade, a outro idioma, á xente que coñecía dende nena... De repente atopouse nun lugar estraño para ela e nunha aldea moi pequena, onde ela era a forasteira. No novo colexio atopouse con nenos mellores e peores, como acostuma a pasar nestes casos, custoulle bastante integrarse, ata que coñeceu a Uxía. En moi pouco tempo Ametx e Uxía fixéronse inseparables e moi amigas. Uxía axudoulle moito a ametx, aprendeulle moitas cousas do seu pobo, das súas xentes, da cultura galega, e a súa vez Ametx ñia contándolle o mesmo a uxía, pero dos seus anos vividos no País Vasco. Así foi como foron forxando unha gran amizade.

Sihiro vivía en Barcelona e gustáballe moito a súa terra, pero tamén coñecer novos sitios por todo o mundo. Levaba anos comentándolle aos seus país que non estaría mal irse a vivir a Galicia para coñecer a terra que vira nacer aos seus avós. O que ela non sabía era que seus país non estaban ben sentimentalmente e que estaban a piques de divorciarse. De repente a súa familia desintegrouse como a manteiguiña, seu pai falloulle, e a súa nai viuse obrigada a vir a vivir con Sihiro á casa que seus avós tiñan en Galicia, nunha aldea da montaña lucense, afastada da urbanización. Tempos duros para Sihiro, que medrara feliz e rodeada de moitos amigos. Colexio novo, unha aldea pequena cunha vida máis tranquila, pero moi aburrida ata que coñeceu a Ametx e a Uxía, que á foron animando e dando ese cariño que lle faltaba, nelas atopou dúas boas amigas.

Eu son Uxía, vivo nesa aldea da montaña lucense, lonxe das que dicen comodidades da cidade e das novas tecnoloxías, no que hai pouca xente,

pero todos nos coñecemos. A vida aquí é moi tranquila e casi nunca pasa nada. Vivo nunha casa de campo en contacto coa natureza e cos animais, xa que meus pais son gandeiros dende hai uns anos. Son a única nena que hai na aldea, así que teño todo o tempo do mundo para aburrirme. A meus pais as tarefas do campo absorbenlles moitas horas e loitan contra vento e marea para sacar o negocio adiante e non ter que abandonar a aldea como xa lles pasou a dos dos nosos veciños. A min gustame ir á escola porque alí estou con outros nenos e podo xogar e relacionarme, casi me gustaría que houbese cole todo o ano, porque no traballo de meus pais non se sabe de vacacións: bueno, de vez en cando, saímos a merendar xunto a un río, que aquí en Galicia hai moitos. Tamén temos outras saídas como á Praia e a algunha feira, pero nunca lonxe porque hai que volver ao traballo de cada día. Aínda que aquí na aldea hai poucas novidades, estes tempos houbo dúas moi interesantes: chegaron dúas nenas novas a aldea, Sihiro e Ametx, das que aprendo moitas cousas. Elas cóntanme como pasaron eses anos fóra de Galicia, e eu voules contando cousas de aquí: da nosa cultura, das xentes.... Intercambiamos experiencias e así, pouco a pouco, aínda que somos distintos e nacemos en sitios diferentes non será impedimento para que a nosa amizade vaia medrando día a día. Estou segura que Ametx e Sihiro chegarán a ser moi felices aquí en Galicia, poden contar co meu cariño e tamén co do resto dos veciños. Agora xa non son a única nena da aldea, xa teño con quen xogar e compartir marabillosos momentos e oxalá que nunca falte xente que decida deixar a comodidade da cidade pola tranquilidade das aldeas, que pouco a pouco están quedando despoboadas.

Mentres que nós as tres sigamos a ser inseparables, máis que amigas seremos irmás

UN PEIXE CHAMADO MERLÍN

Por JORGE FOLGUEIRA SÁNCHEZ

2º premio de relato curto da categoría infantil

Durante aqueles días de verán, o estanque do parque estaba cheo de peixes de cores: Laranxas, verdes, rosas e azuis...

A todos lles gustaba xogar e nadar cos seus amigos.

A xente a miudo botáballes pan e palomitas, iso gustáballes moito. Era o momento máis divertido do día.

Un día ao saír do colexio, Daniel foi ver ao seu peixe favorito, un peixe laranxa con raias azuis; ao que lle puxo de nome Merlin.

Un dos tantos días nos que Daniel ía ver ao seu amigo Merlin, atopouse cunha desagradable sorpresa, buscouno por todos os sitios nos que sempre estaba pero non o atopou. ¿Qué lle puido pasar?. Preguntábase moi triste e preocupado.

Daniel saiu do parque coa cabeza baixa e pensativo, entón viu a un rapaz camiñando tranquilamente pola rúa e nas súas mans levaba unha bolsa con auga e no seu interior un peixe de cor laranxa era...era Merlín! pensou.

Non o dubidou nin un instante, botou a correr cara aquel extraño cativo e seguiuno ata que o pillou. Ao cativo tremíalle todo o seu corpo, estaba moi nervioso.

Daniel moi confuso preguntoulle:

-¿Por qué colliches ese peixe do estanque?

-E a ti que che importa, contestoulle o cativo.

-Si que me importa, e moito, díxolle Daniel, ese peixe e coma se fose a miña mascota, véño ver todos os días e traílle comida, ata lle puxen un nome, chámase Merlín.

-Buenoo... non sei como explicarcho, e algo curioso, contestou o cativo.

-Onte cando fun ao parque senteime na beira do estanque e díxenme este peixe móvese de distinta maneira cos demais. Entón achegueime un pouco máis e vin que tiña a súa aleta rota e ocorreusese que como meu pai e veterinario igual o podía curar.

-¡Pobre Merlín! dixo Daniel preocupado, e ¿podo ir contigo?, preguntou.

-Está ben, como vexo que a ti tamén che preocupa o peixiño, podes vir.

De camiño a consulta do veterinario ou do pai do cativo foron falando:

-Eu chamome Daniel e ti ¿Cómo te chamas?

-Miguel, contestou. E ¿cantos anos tes?

-Teño doce e ti.

-Eu teño once.

Nise intre os dous riron, seguiron falando e descubriron que tiñan moitas cousas en común; gustábanlles os animais e inventarse historias.

Cando chegaron a consulta, o pai de Miguel sorprendido ao velo ali, preguntoulle.

-Ola fillo e ti ¿qué fas aquí?

-Ola papá, veño porque quero pedirche unha cousa.

-Dacordo, respondeu o pai, ¿de que se trata?

-Verás... e que onte cando fun ao parque no estanque vin este peixe que non podía nadar porque tiña a súa aleta crebada e pensei que ti poderíaslle axudar.

-Moi ben e ¿onde está o peixe?

-Está aquí nesta bolsa con auga.

Miguel sacou ao peixe da bolsa pero... non se movía, estaba moi quieto e cos ollos moi abertos, ¡parecía que estaba morto!

Entón o veterinario colleu a bolsa e o peixe e marchou cara unha sala na que había unha peixeira.

Ao botalo alí Merlin moveu a aleta, agora solo faltaba curarlle a ferida.

Despois de examinalo, dixo:

-Deixademe un tempo para observalo.

-Vale papá e gracias por curalo.

Despois de uns días na consulta e cando o pai de Miguel os chamou para que fosen a ver a Merlin, dixolles:

-¿Sabedes? Ao observalo deime conta de que este peixe ten algo especial, algo extraño.

-Si,eu sempre ouvín coma o rei do estanque e o meu peixe favorito, dixo Daniel sorrindo.

Carlos, o veterinario, sin decir nada quedou mirando a Merlín, abraiado, quería seguir investigando sobre a orixe daquel curioso peixe .

-Nuns días estará recuperado, dixo Carlos.

Mentres pasaban os días os nenos, que se fixeran amigos, ían pasear polo parque tamén se achegaban ata o estanque aínda que faltaba alguén importante para eles. Mirando fixéronse en que os outros peixes estaban coma desorientados dando voltas sen saber cara onde ían, os nenos extrañáronse daquilo.

Ao ver aquilo a Miguel ocorreuselle que Merlín podía ser o rei do estanque e así seguiron inventando historias sobre a vida dos peixes.

O veterinario seguía buscando sen descanso algo que lle resolvera esas dúbidas que tiña, xa non sabía onde buscar , estaba esgotado, ¡tiña que atopar algo pronto!

Daniel e Miguel ían contarlle a Carlos o que estaba pasando no estanque¿podería ser certo que o seu querido peixe fose o rei do estanque?. Os cativos estaban desexando contarllo ao pai de Miguel; pero este que non daba creto ao que lle dicían, decidiu ir con eles a comprobar que era certo e levaron a Merlín.

Ao ver todo aquilo Carlos dixolles os cativos se querían ver a Merlín de novo no estanque.

-Sí, dixeron os dous a vez.

Cando o peixe tocou a auga todos os demais foron cara él, coma se falasen entre eles. Un deles achegouse a Merlín moi preto e desapareceron cara o fondo do estanque durante uns segundos. De repente aparece Merlín cunha coroa de algas dourada e verde.

Os cativos e o veterinario quedaron abraiados mirando aquela escena, non daban creto. A aleta de Merlín estaba curada.

Os peixes nadaban ledos polo estanque e Merlín virouse movendo a súa aleta laranxa e azul como dándolles as grazas aos seus amigos por tralo de novo ao estanque.

Daniel estaba a punto de chorar coa emoción. E con isto os cativos aprenderon unha lección. O peixe estaba ferido e triste sen os seus amigos

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DOS PREMIOS DA VI EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO "TERRAS DE CHAMOSO"

Sendo as 19:30 h do día 16 de decembro de 2012, na localidade do Corgo, reúnense os membros do xurado para fallaren os premios da VI edición do Certame Literario "Terras de Chamoso", convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, do que forman parte:

D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
D. Xosé Manuel Castro Castedo
D. Xan Ramiro Cuba Rodríguez
Dna. M^a do Pilar Campo Domínguez
Dna. M^a Esperanza Fernández Camiña

Exercendo de secretaria do xurado, sen voto, a tesoureira da A.C. Arumes, Dna. Josefa González Díaz.

Logo das deliberacións pertinentes e das votacións oportunas, os membros do xurado conclúen declarar premiados na VI edición do Certame Literario "Terras de Chamoso" como segue:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

- 1º premio: Lara Domínguez Chantres de Baleira, pola obra "As
nubes máxicas".
- 2º premio: Carla Castedo Pereira, de Francelos- Barredo
(Castroverde), pola obra "O outono".

Modalidade: relato

- 1º premio: Alicia García Cabaleiro, de Laxes (O Corgo), pola
obra "Linda: A tola feliz .
- 2º premio: Catarina Castro Sas, de Lugo, pola obra "A viaxe de
Monshair".

CATEGORÍA: XUVENIL*Modalidade: poesía*

- 1º premio: Deserto.
- 2º premio: Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo), pola obra “A mentira do amor sen verdade”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Lucía González Campos, de Montecubeiro (Castroverde) pola obra “A voz da vinganza”.
- 2º premio: Patricia Fúlias Guzmán, de San Paio Castroverde, pola obra “Contando estrelas entre catro paredes”.

CATEGORÍA: ADULTOS*Modalidade: poesía*

- 1º premio: Javier Rodríguez González, de Ourense, pola obra “Homenaxe”.
- 2º premio: Eva de la Torre Conde, de Lugo, pola obra “Nadas de nobre estirpe”

Modalidade: relato

- 1º premio: Marcelino Sisto Deibe, de Ferrol, pola obra “Mariñeira”
- 2º premio: Tito Pérez Pérez, de A Coruña, pola obra “O Conto do esquío e da martaraña”

Os membros do xurado agradecen a colaboración de Dña. M^a Consuelo Vázquez Castro, D. Xosé Enrique Casanova Sánchez, Dña. Sonia Rodríguez Páramo, D. Manuel Fernández López, D. Roberto Rodríguez Páramo polo seu asesoramento nas categorías infantil e xuvenil.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, cando son as 22:00 h do día 16 de decembro de 2012.

Asdo.: Xurxo Xosé Rodríguez Lozano

Asdo.: Xosé Manuel Castro Castedo

Asdo.: Xan Ramiro Cuba Rodríguez

Asdo.: M^a do Pilar Campo Domínguez

Asdo.: M^a Esperanza Fernández Camiña

Asdo.: Josefa González Díaz

HOMENAXE

Por JAVIER RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
1º premio de poesía da categoría de adultos

VENEZIA?

Xa non haberá odas a Ezra Pound,
nin epitafios en San Michele,
agora somos tan só a cidade e mais eu,
espreitándonos, infinitamente absurdos,
nesta hora vasta, incomprensible,
tantas veces vivida ou fabulada.

Rendido á cruel diáspora do día,
contemplo absorto as glaucas augas,
desfiguradas polo tempo e a memoria,
a lenta inminencia do ocaso,
o azourido brillo que fenece nas canellas
(súbitas revelacións, evocación apócrifas)
Arxila solar ao costado do verán.

Agora, Salute e Aduana semellan vivencias espectrais,
mentres a nave ebria se achega moribunda
ao cadencioso compás do atardecer,
o profesor Aschenbach languidece nunha Praia
que xa non existe,
e eu moldeo os contornos do esquecemento,
esfolo a abnegada xeometría dun máxico labirinto.

Venecia é só un soño:
Venedig liegt nur noch im Land der Träume.
Que debo elixir?
A desmemoria ou a morte?

NADAS DE NOBRE ESTIRPE

Por EVA DE LA TORRE CONDE

2º premio de poesía da categoría de adultos

Fomos masa feita
de boa materia prima, nobile genere natus
no noso ablativo de orixe.

Desas mulleres fortes
e espelidas até o infinito
que ergueron o fogar
no que nos criamos
e do que elas sempre foron
lume de lareira
ao redor do cal se quentaban
todos os demais.

Forza infinda e vital
a do lume,
acendendo das cinsas
unha e outra vez
como se non houbese
queimadura consumida
nin cansanzo acumulado de
muller.

Tamén para nós
ha de chegar o día de fogueira sernos,
de atravesar un paso canadense
dende esta nosa beira
e facer esvarar nela
a todos os becerros

que ousen cruzar a fronteira
do noso reservado
e sentido sentimento.

Paceremos daquela,
ledas,
lúcidas dende esta nosa beira,
como as vacas ben mantidas
nos pastos comunais
que levan cara Mondoñedo
nos confíns da vista.

Alá toparemos
por fin
a Merlín e familia
para bailar unha muiñeira
ou un agarrado
en lume de repichoqeada foliada.

A TORRE

The Lady of Shalott tece e destece a noite:
Cantata lunar. Soliloquio do Néckar.
Fenden as correntes magnéticas
A escura lira dos deuses:
*Aber meinst du nun, es haben die Tore vergebens
Aufgetan un deu Weg freudig die Götter gemacht?*

Scardanelli, que ven os teus ollos,
que son os teus ollos baixo este inefable silencio?
Que din as pegadas indelebles do vento
Neste bosque indescifrable?

Debes voar como Píndaro,
ata outra beira da linguaxe.

1º premio de poesía da categoría xuvenil
Deserto

A MENTIRA DO AMOR SEN VERDADE

Por CRISTINA PERNAS PEREIRO

2º premio de poesía da categoría xuvenil

De antaño fun senhor dun falso segrel
os seus versos mencionábanme fermosa,
ben talhada, sabedora, mansa, boa;
seica foi finxido ese amor cortés.

Apertas ante o son de gaitas inquedas,
quizais rock para os desexos prohibidos,
ou harmonías creadas con sacrificio
por algún trovador das cantigas vellas.

Seica testemuña dos nosos segredos
foi aquel gran regato que fixemos noso,
beixos sorrindo nas beiras do Chamoso
en noites escuras sen lúa, sen medo.

Teu era o sume cano que me envisgaba
en luscofusco albiscados por sombras,
meu eras ti namentres eu era túa toda,
tempo de garulada,
esmorga,
algueirada.

Esculpidas no meu ser as madrugadas
onde os corpos esvaraban na humidade,
ti eras o meu lume desacougante,
eu agora, a túa cinsa desamparada.

E de cando en vez evoco o teu sorriso
e as miñas bágoas espertan axiña,
e de cando en vez os teus latexos mentían
e os teus beizos de tinto eran perigo.

As Señoras do pasado de Ferrín,
a captura que me fixo ficar menos,
todo o que quería e xa non quero
pereceu co anaco de sombra de min.

Agora memorias, recordos, lembranzas
tórnanse só en triste esquecemento,
e lembro, e recordo e mentres esquezo
os soños gravados nun anel de prata.

Murmura en silencio na súa soidade
o desacougo dun amor que remata,
e berra en silencio na súa compañía
a mentira dun amor sen verdade.

MARIÑEIRA

Por MARCELINO SISTO DEIBE

1º premio de relato curto da categoría de adultos

O barco costeaba na procura do lugar para a pesca. Oíase o poderoso e apagado bruar nas cachoeiras da costa.

Ó mellor nese momento estaría o ceo gris, claro e luminoso, pola luzada dun invisible Sol, trala pantalla da tenue bruma; o mar liso e pesado, como de estaño fundido e o horizonte esvaecido pola melura. As gaivotas, nun remuíño de pasadas próximas, pescarían xoubas co peteiro, nunha algarabía de axiridos; algún corvo mariño voaría a rentes da auga, cara ás rochas, alá, na terra. A costa, naqueles farallóns, que semellaban monstros durmidos e contra os que rompían os lombos das ondas demoradas, que se desfacían entre os escuros penedos en brancas e pequenas fervenzas.

Despois de xantar a caldeirada, traballarían coas comportas, coas redes, coa brillante carga de peixes, cinguidos polo gris do mar. Terían que porexar, pero ¡que distinto ó da fábrica! Suarían pola fronte e ben, que é suar por onde Deus manda, que hai moitas clases de suor: o do medo, o da enfermidade, o do traballo a contra man, o do amor, o do traballo feito a modo...

Alí queda o pesqueiro encol dun mar tranquilo, baixo o ceo pesado, de tronada; bo día para pescar, —que en días así, o peixe anda pampo—, apagado o “top-top-top” do seu motor. Se facemos un rectángulo encadrando o pesqueiro, verémolo como unha pequena estampa mariñeira, de cores elementais e vivos. Unhas sombras chinesas animan a cuberta ó contraluz do solpor. Cun zoom imaxinario arredámolo ata que sexa só un puntinho, ben pequeno, no horizonte. Mira, xa non se ve ren. Tan só o gris do mar, espido.

Dende o barco eran as cidades as que se amosaban cinguidas pola fútema cárdena e velenosa. Claro que nesas cidades había xentes de intelixencia tan aguda que semellaban sabios e ó mellor era preciso ese noxo para que se desenvolvese ben esa intelixencia, tal como o facían as frores co esterco.

Vivía con Rosa, a súa muller, nun piso da rúa Andrés Segorbe, con casas soamente por unha beirarrúa xa que na outra había hortas, arredadas da rúa por bardais de alfaneiro, bieiteiro e silveiras, entre as que aniñaban os merlos. A casa era pequena e vella, de ventás estreitas nas que Rosa quixo poñer a nota de cor dos inevitables xeranios entangarañados, prisioneiros nas súas macetas de plástico. O seu interior era escuro e esta escuridade era maior desde que Rosa puxera unhas cuquiñas cortinas de cretona. O soallo, de madeirame luída e branca a forza de lixivia; dúas habitacións, unha delas cega e húmida, con cheiro a mofo e unha cociña inverosimilmente pequena e incómoda, compoñían o niño daquela parella que un bo día decidiran dar o paso adiante, fóronse para o altar, fartos de agardar outras posibilidades e porque daquel xeito non se podía seguir e aquilo non era vida, non señor.

Pescaban á liña e acababan de largar os aparellos. Os bocartes, que levaban vivos en viveiro abordo, iscaban os anzós e lanzaban as liñas, con tres ou catro pés, a unhas trinta brazas. Subían os abadexos de tres en tres e pagaba a pena agardar un pouco máis.

Daniel era traballador, non importaba no que fose, teimudo e incansable, admitindo o traballo como a única posibilidade de supervivencia. Na fábrica non lle gustaba o seu traballo e realizábao un pouco como ó boi: baixaba a canga e turraba para adiante. A súa vocación era porén o mar; dende moi novo atraíao con forza todo o que con el tivera relación, o mesmo un conto de piratas que coller camaróns con trueiro entre as pedras da ribeira; igual ver saír un barco que soletrear vocábulos mariñeiros: empanetado, convés, cabrestante, botaló, camareta, codaste, chumaceira... A súa infancia transcorrera na ribeira collendo cangrexos

cos amigos, que cocían e comían alí mesmo; collendo navallas cunha fisga feita cunha variña de paraugas, ou ameixas, berberechos e mexillóns, que abrían nunha lata que facía de prancha, encol dunha pequena cacharela, agás os berberechos que, tras ronquealos —un xiro, cu contra cu—, comíanos crus; todo isto cunha alegría ancestral, sentindo un atávico goce como o que empuxa ó cazador a perseguir ás súas pezas; pescando pequenos peixes dende o caes do mole; friscando eiroas cun garfo nas pucharas que quedaban ó arredar das grandes pedras da ribeira pola baixamar, ou acometendo arriscadas e emocionantes aventuras infantís como a de meterse nun bidón do chapapote, baleiro, abandonado nunhas obras próximas e lanzarse a navegar nel, ata seren recollidos pola lancha de pasaxeiros que cruzaba a ría, cando ían á valga, preto de Coende; ou a de calafatear un caixón, cravarlle un par de táboas simulando unha proa e construír así unha especie de basta piragua que bautizaron como “ARaiña dos Mares do Sur”

Era aquela fábrica na que traballara un inferno ateigado de ruídos e fume e graxa, no que se atopaban moitos condenados e, ó seu arredor, andaban uns demos con grandes francadas, coas que lles punxían no cu, mentres berraban: ¡Traballa! ¡Non fales! ¡Cala! ¡Produce! ¡Obedece! ¡Faino mellor! ¡Non fumes! ¡Non vaias mexar! ¡Esquece o ludre! ¡Produce! ¡Non te deteñas! ¡Así non! ¡Máis ás présas! ¡Non te distraias! ¡Produce! ¡Produce! ¡¡Produce!!...

Aquí era outra cousa. E canto máis se movía o barco, canto máis arfaba e se bandeaba, máis forte berraba animándoo e apupando ó mar e ó vento. E, imitando co aceno da man o navegar dun barco, dun pincho botouse na liteira.

O patrón de pesca entraría en funcións. Os mariñeiros prepararan os aparellos horas antes e se efectuarían os lances; mentres tanto dous vixías, a babor e estribor, rastrexaban coa mirada a tona do mar na procura de mansíos e xarabais.

Somos tan fatuos, tan cheches, que supoñemos que o mar, o inaccesible mar, traballa e brega para nós ou contra nós, pero non é así: importámoslle moi pouco, realmente ren. Pola volta do serán atristúrase e segue co seu interminable bater, semellando obedecer un supremo mandato, unha lei. ¿Para que? ¿Que pretende? Algunhas veces, se cadra irado pola nosa presenza desfaiase contra das cachoeiras e despois queda máis acougado durante uns intres, pero cunha xorda e contida tranquilidade, cun inqueda e teimudo e morcón sosego.

Era un tanto estraño ver o mundo do revés, dende o lado do mar: alí estaba o mundo principiando naqueles cantís e farallóns de xisto, ou de pedra de gran, que semellaban monstros durmidos e contra os que estouraba o histérico, o nervioso o infatigable mar. Detrás daqueles montes que os seguían, estaban as cidades e as vilas cinguidas dunha néboa que a Daniel antollábaselle o produto de tódalas porcalladas humanas. Parecía mentira que se puidera vivir dentro daquel globo de gases sen afogar. Moitos amenceres os tiña ollado, dende o pequeno motor, naquela atmosfera pegañenta e pesada que nin o vento era quen de afastar. ¡Que se queden dentro os que o desexen! Eles, mentres tanto, bregarían coas redes, coas comportas, coa brillante carga de peixes, arrodeados de sol, de aire limpo e de mar. No cope viría asemade algún marisco que xantarían todos, arredor do caldeiro, demoradamente, ronqueándoos con habelencia.

Antes, naturalmente, terían que suar, pero ¡que distinto!: suaría ben e pola fronte, que é suar por onde Deus manda, e polos brazos ó len, aburados polo Sol e o salitre, que están postos alí, tamén, para iso, e polo peito e o lombo, enchoupando a camisa de cadros de cores, esvarando en pingas tépedas e cohegadas, fluídas, normais e non como na fábrica que se suaba ó revés, polos pés, cun suor frío e pegañento, mesto, ateigado de toxinas, de veneno ou de peste fedorenta... ¡Que si, que si, que xa o dixemos que hai moitas clases de suores: o do medo, o da enfermidade, o do traballo a contra man, o do amor, ou o do traballo feito a gusto.

Alí queda o pesqueiro, co mar tranquilo e o ceo claro, embazado o ¡top-top-top! do seu motor, coas súas cores vivas e elementais –verde, vermello, branco– e coa súa negra cheminea. Afastándonos un chisco e tracexando un rectángulo imaxinario no que o barco quedara no centro, repetimos, faría un bonito e sinxelo cadro mariñeiro, unha estampa modesta, sen pretensións. O mar rízase coa xirifeira airexa nalgún recanto; o ceo é un pouco máis escuro, ou máis claro, naquel outro; un carrán, próximo, bate enerxicamente as ás manténdose sobre a tona do mar, para coller rápido e seguro, un pequeno peixe co peteiro; tres ou catro, máis lonxe, máis afastados, completan o cadro. No pesqueiro unhas figuras, escuras pola distancia e o contraluz, móvense sobre cuberta, preparando o preciso para facer un lance, para encetar unha xornada ou para pechala.

Ó mellor o rectángulo non sería vertical, que semellaría máis elegante, senón horizontal, apaisado e o barco non o poñeríamos no centro, senón nun lado, deixándolle espazo para que puidera navegar se o precisase; ollarémolo como polo visor dun tomavistas e cun zoom imaxinario afastarémolo ata que se amose como un puntiño moi pequeno. Mira, xa non se ve ren...

Cando o seu marido marchou para a fábrica, ela puxérase tamén a traballar. Fregaba na casa duns militares na que, como ela dicía: “–Alí si que viven coma reis” e o que traía á final do mes era unha axudiña. Agora, se este embarazo era certo, non lle quedaría máis remedio que deixar de ir. De momento seguiría indo mentres o corpo llo aturase.

Pesáballe terse casado. ¡Co ben que estaría agora sen nenos, sen problemas, sen atafegos de fin de mes, sen a vergoña de ter que iren á tenda de fiado... Tiña señardade dos anos deixados atrás, despreocupados. Tiña unha idea moi elemental do matrimonio: na seu lugar os que casaban tiñan unha casa, unhas leiras e unha vaca e unhas galiñas e criaban un par de ranchos e vivían, mellor ou peor, pero vivían.

Aquí, nesta vila, se non atopabas traballo, xa te podías morrer de fame, que ninguén che botaba unha man.

E era unha pena porque vivir na cidade era fermoso, pero non como vivían eles, claro.

Na casa onde traballaba ás veces quedaba soa e se asomaba ó balcón e soamente iso, asomarse ó balcón, era xa unha festa: pasaban mulleres elegantes, ben vestidas; moitos coches; rapazas novas con traxes de estrea, que con rapaces despreocupados ían á praia, ós bailes, entraban nas cafeterías. Xente a vagar que paseaba matando o tempo, do que parecían dispoñer de moito; os comercios cheos de parellas, de matrimonios, de mozas, ¡como os envexaba!

Imaxinábase vivindo naquela casa de mobles caros, elegantes, cun fato de cousas bonitas que non servían para outra cousa máis que para adornar, encher ocos. Grandes macetas con plantas ben coidadas. Obxectos de arte. Un despacho ateigado de libros. Uns cadros moi grandes; nun deles a señora ollando de fronte, cunha man pousada no respaldo dunha cadeira traballada moi retorneada. Estaba máis guapa no cadro que na realidade. Un moble bar, con moitas botellas de nomes raros, ningunha de viño.

Recibirían ás amizades, cando as tivesen, da mesma maneira que vía como o facían alí: viñan señores importantes que falaban e rían moito e que nin a vían, pois nunca a saudaban nin ollaban para ela; que baixaban as escaleiras que levaban ó xardín, na parte traseira da casa, onde os nenos xogaban preto do garaxe, para non estorbar, en randeiras ou coas bicicletas. O señor chegaba do seu traballo e se poñían todos escarolados e ían de paseo ou a vai ti saber onde, que tampouco non llo dicían, nin tiñan por que, esa é a verdade.

Alí se lles poñía doente un neno e viña de camiño un médico simpático e louvamiñeiro que o miraba e remiraba e tranquilizaba ós pais e lles pedía que o tivesen ó tanto da evolución da doenza.

Pola contra, se ela se poñía cunha febre de cabalo e ía ó Seguro, alí dicíanlle que o médico que lle correspondía consultaba pola tarde. Á tarde o novo médico informábaa de que non era el quen lle correspondía agora, senón don Mengano que consultaba pola mañá. Ó día seguinte atinaba co doutor, dáballe unhas pímulas e o bo era que sandaba. A ver se resultaba que a medicina do Seguro era unha medicina espida e a outra ía vestida de moito conto e aduanada gabadora.

Na casa, pola contra, o Daniel chegaba do traballo, guindaba as zapatillas suadas nun recanto e botábase a durmir coma un toro de árbore. Iso cando traballaba na fábrica, que agora nin iso, pois descargaban o peixe lonxe de alí.

¡Que pena non poder vivir ben na cidade! Ou, polo menos ¡que pena ter saído da aldea!

Lembrábase da súa casa; os seus pais eras sinxelos, eran bos, tiñan para vivir e á nena nunca lle faltara ren do elemental: o seu traxe novo para estrear pola Semana Santa; traballo na horta ou esfolando o millo, debullando chicharos ou asando patacas no remol dunha fogueira feita cos ramallos secos. Ou levando a pacer a vaca, grande e mansa, polo prado de vizoso verde; indo lavar ó río, a latricar coas comadres.

¿Desde cando non tiña noticias do seu home? Facían mareas de tres meses. A ver se daba chegado para o parto...

*

Uns par de meses levaba o Daniel nesta vida cando ocorreu: tiveron que recoller o aparello ás présas, polo mal tempo, que se puña bravo e cando ían protexerse nunha abra, perderon o leme e foron contra dos cons dun coído. O barco partiu o casco nunha pantocada e foi deturpado nas laxes da costa, entre unha fervedura de escumas. O Daniel aguantou un bo cacho, loitando coas ondas e coa friaxe e enxergou que ía morrer.

Esgarecía. Foi metido entre dous farallóns, onde o bruído era abouxador. Ampeando, medio afogado, viu baixar pola penedía a uns soldados cuns adivais nas mans. Aínda puido escoitar, moi distante e embazado polo bruar das ondas ó arredor, o rumor das súas voces.

Alentaba salsa e tragaba escumas e o corazón non era quen de soste-lo arrío dos brazos e batía en van. Íaselle parar. A presión da auga semellaba de toneladas e o acoraba de vez. E íanse quedando moi lonxe os bruideiros balbores e, imbele, tiña xa que deixarse ir. O corpo non respondía a aquel remol de espírito. Aínda tivo un feble e fuxidío relembro da súa Rosa.

Ó día seguinte a praia recollía dous cadáveres; os outros apareceron en lugares arredados do suceso e recollidos pola lancha da Comandancia da Mariña.

*

No momento do naufraxio Rosa, axudada pola parteira, paría un neno na casa.

Xa había relevo...

O CONTO DO ESQUÍO E DA MARTARAÑA

Por TITO PÉREZ PÉREZ

2º premio de relato curto da categoría de adultos

*“No bicarelo do bico do brelo
canta o paxariño.*

*No mesmiño
bicarelo do bico do brelo.”*

Uxío Novoneyra

- Pois o outro día, oín na tele que os esquimós teñen moitísimas maneiras de lle chamar á neve. Neve no chan, neve caendo, tormenta de neve, neve que se move, neve azulada, neve nova, neve para construír iglús... Segundo dicían, hai ata dezanove palabras.

O avó fixo como se non ouvisen ren. Andaba a tensar un sedal fibroso de cor verde arredor dun obxecto con forma de buxaina achanzada. Enrolaba o cable con precisión artesá, cun ricto entre concentrado e distendido a un mesmo tempo. Mentres, endereitaba co furabolo unha pena de viva cor vermella. Coidaba estender a súa pompa en dirección perpendicular ó eixo da pequena buxaina, que remataba no outro lado a xeito de afiado anzol.

- Así e todo, non me parece cousa moi estraña.

- Ai si? Vas dicir entón que sabes ti algo máis curioso? Dende logo, eu nunca tal vin.

Sen deixar en ningún intre de enrolar a tanza, que se ía sobrepoñendo a si mesma nun arrebol de revoltas, o avó respondeu con voz calma.

- Tan curioso non, é ben certo. Pero cecais moi semellante.

- Bah! Non creo nadiña - retrucou o cativo.

Rematando de axustar a pena ó corpo da mosca e cortando o fío sobranste, admirouna con degaro, movendo a súa face en torno dela, como esculcándoa na busca de defectos ocultos. Unha vez acadado o ángulo preciso, e comprobada así a infalibilidade do seu trebello, un medio sorriso se besbellou nas comisuras dos seus beizos. Quizais, xa case podía sentir no ceo da boca o gusto da troita que de seguro había de agarrar con aquel enxeño.

- Ai, home sen fe!

O rapaz, mirou cara a el con ollos anceiantes, como con gana de comezar coa lería. O avó, meticuloso, aínda se demorou un anaco en recoller os seus aparellos, labor que, dende sempre, facía cun apazugamento e unha solemnidade que case lembraban un rito relixioso. Ó cabo, secomasí, e despois de terse servido media cunca de viño e tela bebido dun senlleiro grolo, sentou nun tallo, ollando como dende as alturas o seu neto, mais, en verdade, aloumiñándoo co seu candor de vello intrépido.

- Coido que cho vou amosar cun conto, para que o entendas mellor, que seica a ti os contos sábenche case tanto, ou máis, que a min o viño. É un defecto que temos, e non lle hai cura, así que non lla vaias procurar. Tes que pensar que o conto lle aconteceu a un esquío e non a unha persoa. Que as persoas naquela idade andaban todas trabucadas, e ningunha delas facía algo que dese pé a un conto, cecais porque daquelas aínda non sabían rir, quen sabe. O caso é que o esquío andaba a manducar daquelas nunha landra, ben encrequenadiño contra un garolo do toro dun carballo. E o asunto non iría a máis, se non fose que unha martaraña o viu e foi tras del, rubindo polo toco. O esquío decatouse e deixou a landra, fuxindo veloz cara á galladura da árbore. Unha vez alí, e vendo que a martaraña o seguía moi áxil, rubiu por un dos moitos gallos da árbore, que no seu inicio era ancho e rexo. E aquí comeza en realidade o conto que nos interesa, pois logo continuou pola póla que collera antes e que cada

vez era máis estreita, e como a martaraña víñalle moi preto, chimpou e agarrouse noutro cango que tiña á súa dereita, pero a martaraña reaccionou e tiroulle as gadoupas, mais o esquío continuou polo brelo, que daquelas xa non era nin ponla, nin varelo, nin galla, nin gallo, nin ramallo, nin sequera canipa, e moi cedo, na tola carreira daqueles dous, foi unha flaira, case tan esguía como unha tea de araña, e xa cando estaban chegando ó bicarelo de toda a longa póla, na mesma fronza, esta crebrou nun estrondo, mais o esquío, no derradeiro intre, volveu chimpar e deu coa polingra dun castiñeiro, aferrándose con moito tento a ela, e ademais tivo a sorte de que a martaraña non era tan habelenciosa e non puido reaccionar, caendo ó chan e ficando medio pampa por uns intres, namentres o esquío fuxía polos gallos, as gallas, os cangos, as pólas, as ponlas, os brelos, os varelos, as polingras, as canipas, as canellas, os canos, as canas, os canóns, as flairas, as fronzas, as Franzas e tamén polos ramallos, ramallas, ramos e as ramas dos carballos, castiñeiros, faias e amieiros e demais árbores daquel bosque tan enorme que naqueles tempos cubría a terra toda. E así coido caerás na conta, meu meniño, que non fai falla ir tan lonxe, ata a terra dos esquimós, para atopar un asombro semellante ó que ti mencionabas.”

Mentres o avó volvía servirse unha cunca de viño e sacaba o queixo e o pan da lacena para tomar a merenda co seu neto, o cativo matinou no conto que acababa de escoitar, e rematou por preguntarse cál podía ser a causa de que ata hai uns intres soubese con exactitude o número de verbas que significan neve en inuit e case que non reparase no número de verbas que poden empregarse para nomear unha póla na súa lingua mai.

A VOZ DA VINGANZA

Por LUCIA GONZÁLEZ CAMPOS

1º premio de relato curto da categoría xuvenil

Diego entrou na casa e sentiu berros no cuarto. Oía a voz da súa nai queixándose e a do seu pai insultando á nai. Xa estaba canso de que todos os días se repetira esa situación cando menos, dúas veces. Comezaba a pensar que igual era mellor que se divorciasen, ou que a súa nai denunciara, pero el non era quen de dicir nada, ademais, seu pai sempre fora bo con el, sempre o levara de viaxe, sempre xogara con el cando lle pedía... E quería, despois de todo, era seu pai!

De súpeto, Diego saíu da súas maquinacións ó recordar o que sucedera o día anterior. A discusión chegara tan lonxe que o seu pai lanzara un xarrón á súa nai. Por sorte a cerámica escachara na parede, mais súa nai caera no chan co susto e abrira unha pequena brecha nun ollo contra a mesiña da sala de estar. Cando alguén preguntara que fóra o que lle pasara, todos dicían que andaba pola casa, tropezara cunha alfombra e dera co ollo na esquina da mesa, tal e como seu pai lles fixera prometer ó seu fillo e á súa muller que dirían. O rapaz non quería que nada así volvесе ocorrer, de modo que subiu as escaleiras de dúas en dúas co medo de que o seu pai tivera algunha cousa coa que ferir. Tentou a porta do cuarto, pero desta vez, estaba pechada por dentro. Comezou a patear nela, mais era demasiado grande e grosa como para derribala. Súa nai berraba máis e o pai mandáballe calar. Diego sentiu tal impotencia que comezou a chorar coa rabia, e ocorreuselle marchar en busca dalgún veciño que lle axudase. Cando saía pola porta da entrada, abiscou ó lonxe a Manolo da Serra, e sen pensalo dúas veces, botou a correr cara el e explicoulle a situación entre choros e nervios. Manolo e o rapaz botáronse cara a casa de Diego e xa dende fóra sentían os berros, que ademais de incesantes eran cada vez máis altos. Manolo tamén tentou a porta, mais non puido abri-la. De maneira que acabou convencendo ó rapaz de chamar á garda civil.

Presentáronse de contado. Consequiron abrir a porta e atopáronse coa estampa que marcaría a vida e os recordos da infancia de Diego: a súa nai choraba acurrucada nunha esquina, cos ollos vermello e bastantes magulladuras. O pai, tiña tamén os ollos vermello, pero nos del podíase ver a rabia e o enfado. Podíase adiviñar con que a golpear, a enciclopedia Larousse que lle regalaran a Diego polo seu aniversario, e que agora estaba toda rota ós pés da nai, e seu pai sostiña unha pasta, o único que quedara nas súas mans logo de golpear a súa muller con ela.

Cando se decatou de que fora descuberto, maldiciu ó seu fillo, á súa muller e a todo o corpo da garda civil. Comezou a golpear o inmobiliario da casa ata que a parella logrou sostelo contra unha parede e poñerlle as esposas. Mentras os gardas facían o seu traballo, Manolo da Serra e Diego correron ata a esquina na que estaba Marga, a nai, e axudárona a erguer. Logo, Manolo apartou un pouco e deixou que o rapaz e a súa nai se abrazasen forte. Marga choraba, aínda estaba nerviosa, tiña todo o corpo mazado, pero o que de verdade lle doía, era a alma. Non podía soportar que a súa vida, perfecta dende nena, se derrubase así. Escollera un mal home, pero sobretudo, escollera un mal exemplo de pai.

Marga pensaba no seu fillo, o seu Dieguiño. Que pensaría el agora dela? Seguro que a tiña por unha indefensa, unha inútil que nin dun home se sabía defender. Pero, e se o seu fillo non a quería ver máis, se lle botaba a ela as culpas? Se a deixaba de querer? E se se encerraba nun labirinto depresivo e se volvía taciturno?

De momento tíñao con ela, estábao abrazando e víaa chorar, víaa sufrir, de seguro que se sentía mal por ela. Os dous xuntos, ollaban como os gardas levaban ó pai ó cárcere. Pronto se decatou de que Diego xa non era tan pequeno, e soubo aceptar o sucedido, mesmo se vía aliviado, e en verdade estábao. Por fin rematara todo. Era seu pai, e queríao, pero non permitiría que lle fixese ningún dano máis a súa nai. Xa tiña quince anos, era case un home, súa nai tiña que recuperarse e el axudarlle. Por primeira vez, uníronse completamente e comezaron a contarse todo o un

ó outro. Era a relación que a nai soñara entre ela e o seu fillo, e a Diego tampouco lle disgustaba.

Tamén estaba alí Manolo, que miraba atónito a escea. Nunca pensara que naquela casa se ía dar ese caso. Que pequeno lle parecía o mundo agora! Ata na súa vila se daban casos deses! O que pensaba Manolo, foi o que se falou en todas os recunchos da vila nos que se atopaba calquera con calquera. Eran unha parella coma outra, sempre ían ás festas, ás reunións dos veciños, do instituto do rapaz, sempre andaban xuntos, e semellaban namorados, víanse felices co seu matrimonio e co seu fillo Diego, que sempre lles daba as maiores alegrías que un fillo pode dar. Marga traballaba na taberna da vila, era unha boa muller, sempre atenta para toda a clientela, incluso para a máis cansina. Pola súa banda, Rubén era mestre de Educación Física, e tiña moi boa fama entre os raparigos do lugar. Dende logo, non eran problemas de cartos. E cousa do rapaz tampouco semellaba. Os veciños máis fisgóns quedaron cunha intriga xigantesca, coma en todos os casos de violencia de xénero que se dan.

Os pais de Marga mudáranse á vila dende o pobo veciño. Crían que era o mellor que podían facer pola súa filla e polo seu Dieguiño. Marga collera a baixa, e agora estaba na casa todo o día. Pero os seus pais non podían permitir que se encerrara na casa e non saíse. Despois ía ser peor. Tiña que erguer a cabeza e saír á rúa. Ela estaba ben, dentro do malo, o que sucedera era o mellor que lle puidera pasar. Agora o seu marido xa nada lle podía facer. Pero ela tiña vergoña, non podía soportar que a ela, que tivera sempre unha vida tan perfecta e chea de felicidade lle pasara aquilo. Sempre fora admirada por todo o pobo, por todas as súas amigas. Fora unha rapaza modelo. Que lle pasara? Por iso os avós decidiran irse a vivir con eles. Entre todos, conseguiron sacar a Marga da casa. A avoa ía de paseo con ela. O avó, agardaba por Diego a que chegara no bus, e despois, merendaban e mentras o rapaz facía os deberes, o avó Tino sentaba ó seu carón e ollaba os continuos progresos do seu netiño. Despois de todo o malo, fora unha maneira de que toda a familia permanecera unida.

Moitas amigas de Marga, asustadas, decidiran acabar a súa relación con ela, pero as que de verdade eran súas amigas, visitábana constantemente. Non a ían deixar soa. Incluso moitas veciñas se solidarizaran con ela, e lle ofreceran apoio. Algunhas delas convertéranse nas súas mellores amigas. Pero Marga seguíase sentindo mal. Se nada fixera antes, fora porque aínda seguía querendo a Rubén. Pasaran tantos momentos xuntos... Os meses de noivado, a primeira vez que coñeceran ós pais da súa parella, cando lle pedira matrimonio, o día da voda, aquela lúa de mel, os meses de embarazo, o nacemento de Diego e todos os días que pasaran con e gracias a el. Quizais Rubén sempre a utilizara, pero entón, para que casaran? Para que tanta tontería e tantos papeis de parella se o final era ese?

Os seguintes meses transcorreron sen alteracións. Un día, Laura do Zapateiro chegara á súa casa. Laura era a veciña que mellor lle caía. Viña con noticias frescas, e coa ilusión de facer que Marga cambiara a cariña e sorrisa un pouquichín. Era un anaco de pan, e fora de gran axuda para ela. Marga abríralle a porta e invitáaa a tomar algo. Sentaron arredor dunha mesa na compañía dos avós. Marga serviulles o café e unhas galletas mentras escoitaba a Laura. Ecantáballe que chegara alí con novas. Era unha muller xoven, e tiña uns ollos brincadores que reflexaban a inocencia na mirada. A Marga recordáballe a muller que ela fora. Aquel día, Laura foilles contar que unha nova familia chegara á vila. Tratábase dun matrimonio sen fillos. Ela chamábase María e era mestra de historia no mesmo instituto no que dera clases Rubén, e el, era transportista. Mudáranse á vila para que María tivera máis preto o traballo. Seguiron falando ata a hora do xantar, que Laura se despediu e marchou.

Días despois, María e Marga coñécéronse. Marga decidira pasar páxina. Xa logo se cumpría un ano dende aquel suceso fatal, polo que decidira retomar a súa vida normal. Algún tería que facelo. O bar estaba enfrente do instituto no que traballaba María, que aquel día fora tomar algo alí no recreo. Cando a viu, preguntoulle se ela era Marga, e ela, asentiu.

- Estaba desexando coñecerte, teño oído moitas cousas de ti! Sinto moito todo, pero xa verás como agora todo vai mellor. –Díxolle María.

Marga sorriu. Dende aquel día María ía pasar alí os recreos nos que non tiña que facer gardas. Fóronse coñecendo pouco a pouco e pronto se fixeron amigas. Tiñan a mesma idade e compartían gustos. Como o marido de María era transportista, María pasaba bastante tempo sóa na casa. Entón, quedaban e pasaban moito tempo xuntas. Marga sentiu que voltaba á súa infancia, a cando quedaba coas amigas da súa vila e ían unhas á casa das outras. Estaba comezando a ser feliz. Pero a Laura non lle gustaba moito aquela amizade. Non cría que María fose de confianza. Marga pensou que eran só celos, pero a verdade era que ninguén na vila falaba ben da mestra. Todos a tachaban de soberbia, e non pensaban que aquela amizade fose boa para Marga despois de todo o que vivira. Ela merecíase outra amiga, alguén que a escoitase e a aconsellase, pero non que gobernase a súa vida coma se fose unha alumna máis. Marga xa saíra daquela época facía tempo de abondo, os problemas que tiña agora non se solucionaban co mangoneo, pero Marga fixo oídos xordos e seguiu coma sempre con María.

Ademais, había uns días que comezara a recibir unhas cartas anónimas ameazándoa, culpándoa de que o seu marido fose ó carcere e de que o seu fillo quedase sen a figura dun pai, ou mellor dito, de que a figura de pai que tiña fose a que lle deran. Nos anónimos, ademais, prometían vinganza. Marga contoulle o que lle estaba a ocorrer a María, e ela prometeulle axuda. As cartas non cesaban e Marga comezou a poñerse nerviosa, a controlar o seu fillo e entrou en tal estado que todo lle parecía sospeitoso, ata o punto de parar de durmir por medo.

Así, un día, María decidiu invitar a Marga a pasar unha fin de semana na praia, as dúas xuntas, para intentar que se relaxase un pouco e disfrutase outra vez da vida. Os pais de Marga, axudáronlle a María a convencer á súa filla, que non quería deixar o seu Dieguiño só, por mor das mensaxes anónimas.

Así que alá marcharon as dúas mulleres un sábado pola mañá, pensando en todo o que farían neses dous días de liberdade. Nada máis chegar, baixaron á praia e correron cara as ondas, saltando, nadando e rindo coma nenas. Despois, secáronse ó Sol mentras lían a “Qué me dices” que levaban na bolsa de praia. Cando xa estaban secas, decatáronse de que a marea subira e que estaba atardecendo, así que decidiron subir algo máis arriba as toallas e facer un partido de pás. Estábano pasando coma cativas, e todo o mundo ollaba para elas, sen saber a historia de ningunha delas, pero admirando aquela amizade que as facía comportarse coma rapazas de dez anos. Elas estaban felices, pasaran a tarde xogando e disfrutando da costa.

Cando a noite foi caendo, volveron ó hotel. Cearon e despois deitáronse en candansúa cama. Marga estaba demasiado cansa como para seguir de troula. Así que falaron un pouco e logo decidiron apagar o televisor e a luz. Marga entrou nunha crise de pánico, estaba alí, sen a súa familia, sen saber que lle estaría pasando a Diego, que cearía, se faría os deberes, como lle fora o día... María intentou calmala, pero era imposible. Entón decidiu darlle unha pílula tranquilizante, e por fin adormeceu.

Aquela noite, Marga soñou cos seus pais e con Diego. Tamén apareceu Laura dicíndolle que María era mala. E máis caras veciñas falando mal dela. Ela negábao, negábao, negábao...

Ó día seguinte, domingo dezaseis de xuño, unha noticia conmovía ós veciños da vila, ademais de a toda Galicia e España. Na primeira páxina do xornal, aparecía a seguinte información:

“A violencia vai máis alá. Unha muller morreu en Fisterra a pasada noite mentras pasaba unha fin de semana nun hotel da vila acompañada dunha amiga non localizada. A primeira autopsia realizada parece responder a unha morte provocada pola inxesta de medicamentos de composición tóxica.”

Diego, Laura, Tino e a súa muller, Manolo da Serra... Todos os veciños da vila de Marga se decataron en seguida do sucedido. **MARÍA!**

Pronto a policía comezou a unir lazos e chegaron á verdadeira solución. María era mestra con Rubén. O seu marido nunca estaba na casa. Coincidencia todo? Quizáis. Mais algúns compañeiros do instituto deran a súa testemuña da “magnífica relación” que existía entre Rubén e María. Por que María quixera acercarse tanto a Marga logo do encarceramento de Rubén? Seguían as coincidencias? A policía non cría nas casualidades, e dende logo que ese caso non albergaba lugar para elas.

Un día despois, celebraron o funeral máis memorado en toda a historia da vila. Substituíron as coroas por pancartas contra a violencia de xénero e mensaxes de aviso, cheos de rabia e melancolía. Laura atendeu a toda a prensa interesada no acontecemento. En cada canle televisiva saíu a pregunta que Laura lles facía ós gobernos e a todos os encargados de frear estes casos:

AHÍ TEDES OUTRA, IDES PERMITIR QUE ISTO SIGA?

CONTANDO ESTRELAS ENTRE CATRO PAREDES

Por PATRICIA FULIAS GUZMÁN

2º premio de relato curto da categoría xuvenil

Eu son oncológa, por se alguén non se decatou aínda eu son especialista no cancro, en todo tipo de cancro. Rematei a carreira fai tres anos, e nese período de tempo vin de todo, todo o que un oncológo ve a diario.

Ser oncológa non é un traballo que decidas unha mañá ao espertar, non. Escolles este traballo, porque sabes que queres axudarlles a estas persoas a superar algo tan complexo coma o cancro. Podes pensar, voume facer famoso porque vou salvar vidas, e vou encontrar a cura contra o cancro, pero neste mundo, non todo é de cor rosa. Un mínimo erro, pódete costar a vida do teu paciente.

Recordo o meu primeiro día nun hospital. Era un hospital coma calquera outro. Todo moi branco. Ás veces pesaba que o poñían todo branco, para que a xente vise as cousas máis positivas e non pensase que estar nun hospital era tan horrible.

Levaba posta a típica bata branca que todos os médicos levan, e o meu apelido detrás das siglas Dra. Era unha das máis novas, ademais das máis novatas, e levaba un pouco de medo no corpo. A enfermeira que me axudaba era veterana, e aseguroume que os primeiros días non me deixaría soa, e así o fixo. Chamábase Dolores, pero gustáballe máis que a chamaran Lola. Lola, era baixa, co pelo branco, polas canas. Usaba lentes e non se separaba da súa carpeta. Era unha muller adorable, a que lle collías cariño moi axiña.

O primeiro día que comecei, estaba temerosa, pero aí estaba Lola, o meu lado e dicíndome que me tranquilizara. Pasaranme a lista de pacientes os que ía atender, e tiña que ir presentarme e revisar o seu historial para comezar a traballar.

A pesar de ser oncológa infantil, tiven que atender a algúns adultas por mor da baixa dun doutor. Primeiro fun a ver ós nenos. Todos os pacientes con cancro estaban nunha mesma planta para facilitar o traballo. A primeira nena que vin, era un terremoto. Apenas tiña pelo, polo que souben deseguida que xa levaba bastantes quimioterapias. A pesar de todo, era una nena alegre e sorrinte, algo que non pensaba atopar nunha nena con cancro. Cando a vin pensei en todas as cousas polas que os demais sofren, e comparado con ela, eles eran os verdadeiros meniños. Chamábase Carla e tiña oito anos. Era una nena moi fermosa, de ollos cor caramelo, e un sorriso igual de fermoso ca ela. Coma alguén coma ela podía estar pasando por algo tan terrible? Non daba creto, pero supuxen que iso ía ser normal dentro duns cantos anos, pero xamais se me fixo normal ver ao unha criatura de tan poucos anos pasando unha enfermidade coma o cancro.

Coñecín a moitas outras persoas que tamén me chamaron a atención, pero cando o vin a el o corazón partíume en dous. Cando abrín a porta alí estaba, un home de xa certa idade que estaba a mirar pola fiestra ata que me viu. Os seus ollos eran tristes, a pesar de que tiña oído que era un home que solía ter bastante xente ao seu redor coidándoo. Cando lin o seu historial puíden ver como a súa tristura era doutro mundo. Acabábanlle de diagnosticar un cancro estraño que por desgraza xa estaba desenvolvido e era cuestión de semanas que falecese. Miroume atentamente e viu como o meu rostro cambiaba. Logo voltou a mirar pola fiestra.

De súpeto, apareceron tres persoas. A anciá semellaba ser esposa do home, e o rapaz e a nena os netos. En canto a máis pequena viu o seu avó tirouse a el, e a el cambioulle a expresión da cara. Semellaba un pouco de felicidade, e iso era bo. O medio sorriso que lle sacou a súa neta era o que precisaba naquel momento. Mentres o seu neto observaba calado todo o que pasaba ao redor. Miraba ao seu avó pero a vez trataba de escoitar o que falaba coa súa avoa e que a súa irmá non dixerá algo incoherente.

Manuela, a avoa dos rapaces presentouseme e comezoume a falar de todo o que cambiara dende que Paulino se puxera enfermo. Esta claro que

cando unha persoa está enferma de unha enfermidade grave, non só sofre a persoa que a padece, senón que tamén a persoa que ve día a día como a persoa que quere, se vai deteriorando e cada vez resulta máis irrecoñecible. Non só polo físico, senón por todo o que cambia unha persoa cando sabe que vai morrer. Sobre todo Paulino, que era moi testán, e gustáballe moito levar a contraria agora era un neno obediente que só falaba se era preciso.

A historia de Paulino chegoume a alma ao igual que outras moitas. No mundo no que mergullei sabía que isto podía pasar, e así foi. Pero sentín coma se todas esas persoas que estaban naquelas catro paredes, necesitaban algo, e pensei que quizais ese algo era eu.

Cada día, visitaba a todos os meus pacientes, miraba o seu informe médico e despois buscaba o meu propio informe. Para min tamén era importante saber se esa persoa estivera sola todo o rato, ou se necesitaba un abrazo, porque ser médico non só é dicir o que ten a persoa e intentar curala, ser médico e poder facer que unha persoa que non se encontre ben, xa sexa algo físico ou psíquico poida ver as cousas doutra maneira. Que aínda que saiban que van a morrer nuns días, que recorden que aínda que non é xusto para ninguén, que vivan a vida, que sexa curto pero intenso. Os médicos deberíamos dicir, sinto dicirlle que ten cancro, e que intentaremos encontrar a cura, pero mentres pode ir coa súa familia, e pense que isto só é un aviso para que disfrute da vida. Isto é o que deberíamos facer, e non encerralos en catro paredes, tendos encerrados e sen poder ver uns raios de sol.

Por iso propuxen que os meus pacientes debían saír, e volverse a sentir xóvens ou no caso dos nenos disfrutar do seu momento. Por qué encerralos cando o único que facemos e privalos dos seus soños? Por esta idea recibín críticas, mais para min a maior satisfacción foi o sorriso de todas esas persoas que dalgunha maneira indirecta me daban as grazas con eses sorrisos.

En canto as mortes, que dicir. Para todos os médicos e difícil dicir que a persoa faleceu. E cando se trata diso, non hai maneiras especiais de dicir algo así. Sentín todas as mortes, e ata me sentín culpable. Algunhas persoas botáronme as culpas das mortes, e chegueino a sentir no máis profundo. Ao igual que a un profesor, lle doe saber que os seus alumnos os critican, a min dóeme saber que a pesar de que intentei todo o posible, e o imposible tamén, non puiden salvar a esa xente indefensa.

Aprendín moito de toda a xente que pasou polo hospital. Coñecín a un rapaz de dezaseis anos, que tiña cancro de tibia. Era un pouco tímido, pero intentei que se abrixa un pouco. Era un neno moi intelixente, que aínda non se dera a coñecer. Un día, nun rato libre que tiña funo ver, e estaba escribindo algo nun caderno. Pregunteille que estaba a anotar e el contestoume: “Estou contando estrelas entre estas catro paredes”. Era a primeira vez que alguén me dicía algo así. E a pesar de que lle din voltas, non entendín o significado. Pero el mesmo mo explicou. As súas palabras textuais foron: “Como xa teño moi vistas as estrelas de noite, agora púxenme a contar as estrelas que pasaban por esta habitación. Evidentemente toda a miña familia e unha estrela, e algunha xente máis tamén. Sabes? Ao principio pensei que ninguén de aquí podía ser unha estrela, pero decateime de que ti es unha estrela e das grandes, desas que se ben desde lonxe e das que brillan moito.” As súas palabras fixeron que as bágoas bañasen as miñas meixelas. Cada palabra que me dicía facíame sentir orgullosa de facer o que estaba a facer.

Poucos meses despois, foise e fixo de novo vida normal e eu intenteino, xa que dende que el se foi, ninguén me volveu a valorar como eu me valorou el. Ninguén, xamais me dixo que eu era coma unha estrela. Ou polo menos ninguén me dixo algo que me fixese sentir como me sentou o que el me dixo. Por veces pensaba que era estúpido pensar que un rapaz de dezaseis anos, puidese facer sentir especial ao unha persoa que lle dobra a idade.

Non o volví a ver, pois tampouco o busquei. A cada instante estaba coñecendo xente que dalgunha maneira, me cambiaban a vida. Todos

esas persoas, espertaban en min curiosidade, e cando estaban a punto de irse, mostrábanme as cousas desde a perspectiva que para eles era real, que ao final sempre era a correcta.

Coma aquela muller que me ensinou que non podes ver sen observar. Podes mirar as árbores e non observar como unha folla se deprende da árbore. Ou podes ver unha parella e non observar que teñen as mans apertadas. Pequenos detalles que cambian por completo a imaxe que estás a ver. Isto tamén me axudou cos meus pacientes a hora de comunicarlles algo.

A comunicación é algo esencial na vida cotiá, nunca chegaras a nada, mediante gritos, ou pelexas. Por iso o meu ton de voz sempre foi baixo. Non me gusta gritar, paréceme inútil, dicir as cousas cun ton de voz máis elevado do normal. Se ninguén gritase non pasaría a metade das cousas que están a acontecer. Por iso non lles grito aos meus pacientes. E aínda menos aos nenos.

É moi complexo explicarlle a un neno que ten cancro, pero tamén o é dicírllelo aos seus pais. Como lle explicas a un neno que ten unha enfermidade da que aínda non hai cura, e que terá que deixar a súa vida normal, para estar encerrado nun hospital facendo millóns de probas? Non é sinxelo. Por iso aos máis pequenos propoñolles un xogo, e aos rapaces expícollelo con pelos e sinais. O mal sabor de boca co que me vou cada día que engano a eses nenos, ou vexo como rompen a chorar e indescribible. É unha das peores sensacións das que sen dúbida tiven na miña vida, por que a quen lle gusta mentir?

A miña vida, así como a conto non parece moi interesante, unha oncológa que se dedica a diagnosticarlles aos seus pacientes que teñen cancro e que centos de mortes pasaron polos seus ollos. Pois a verdade é que, como xa dixeran, quería ser oncológa para salvar xente, e por moito que non o semelle, así o fixen. Curei ao sesenta e cinco por cento das persoas as que atendín, entre ela nenos de menos de cinco anos e anciáns de máis de setenta. E ese era o propósito co que facía o meu traballo. Paciente novo, outra vida que intentarei salvar.

Pero todo isto non se remonta neste propósito, non. O día que descubrín que unha persoa moi cercana a min tiña cáncer, intentei facer todo o posible para que os médicos non deixasen que el se fose, cando apenas pasara quince anos xunto a el. Sempre estaba no hospital, a espera de novos resultados, que nunca eran bos. Ata que me fartei e lle preguntei a un doutor que está a pasar, porque non podían facer nada para que mellorase.

-Todos, absolutamente todos os médicos especializados nisto estamos a facer todo o posible para atopar a cura, pero non é sinxelo. O cáncer semellase a un xogo, as veces gáñase e as veces pérdese. Pensa que o mellor para el, e que se vaia a outro mundo mellor, para que sufrir?

-Non, aquí tenme a min, no outro mundo non ten a ninguén. Sodes uns inútiles, e verdade o que din, sodes uns matasanos. Pola vosa culpa está peor! Non quero que se vaia, aínda non lle dixen todo o que lle tiña que dicir. Non!

Foi a primeira vez que lle falaba mal a unha persoa descoñecida. Naquel momento non era consciente da situación, tan só vía unha única opción, que el vivise. E a medida que maduraba, arrepentíame cada vez máis de todas as toleadas que lle dixen a esa persoa, que no fondo non tiña culpa de nada do que estaba a acontecer. Cría que se eu fose médica, o que aquel día pasou non se volvería a repetir xamais, pero estaba equivocada. Por iso sentín a historia de Paulino, como se fose el de novo, que volveuse a miña vida para ensinarme que non todo foi tan mal dende que el se foi. Que as veces as perdas das persoas son ganancias, aínda que non o vexas ao principio.

Mais todos os momentos alí foron extremistas, ou ben eran moi malos, ou ben eran moi bos. Nunca había un término medio a pesar de que me esforzaba en encontralo. Por momentos pensaba que nada podía ir peor e empeoraba. Estiven neses momentos da vida nos que desexas de todo menos o que che está a caer, pero eu mesma decidín o meu futuro e debía

cargar coas consecuencias así fosen boas ou malas. Ata que ao final acostumeime a contar con todo, así fose positivo ou negativo.

En realidade teño miles de anécdotas que contar sobre a miña experiencia, pero todas veñen a dicir o mesmo. E increíble todo o que aprendes tanto nuns meniños, como dos máis veteranos. Pero pode que o máis increíble de todo o que pasou na miña vida, e que agora teño cancro. De que? Nin eu mesma o sei. Por iso deixo esta carta para que cando alguén ingrese no hospital, na segunda planta, no bloque A e na habitación 159 e este a ler isto non pense que é desgraciado porque estar alí. Alguén, non sabemos quen, decide que a nosa vida acaba nun momento determinado e que todo o que tiñamos que vivir xa o vivimos aínda que non o pareza. Deixo familia, amigos, compañeiros deixo o mundo no que estaba a vivir, para reencontrarme con el e sabe Deus onde.

Se tes a sorte de salvarte e fuxir do meu mundo, noraboa. Pero si sabes que vas deixar este mundo, deíxao dunha maneira especial, sabendo que eu vou estar esperándote aínda que non te coñeza, porque o feito de que leas esta carta xa nos une.

Att. A túa amiga.

AS NUBES MÁXICAS

Por LARA DOMINGUEZ CHANTRES

1º premio de poesía da categoría infantil

Chego a un campo,
cheo de frores,
todas feitas,
con bonitas cores.

Túmbome nel,
e poñome a mirar,
unha chea de nubes,
coas que poder imaxinar.

Das súas mil formas,
podo sacar,
un paxaro comendo
pompiñas de cristal.

Un peixe no mar,
coa cor e sombreiro,
que coa súa man,
saúda ao mundo enteiro.

Un elefante moi grande,
con orelliñas pequenas,
que o vento vai desfacendo
ata deixalo sen elas.

Un castelo xigantesco,
donde vive unha raíña

e dende a súa alta torre,
vai soltar unha cousiña.

Tamén hai dragóns,
con linguas de lume,
que non dan medo,
porque son de fume.

Hai un zapato de tacón,
sen pé que poñerlle,
esa nube é rara,
non hai que facerlle.

Un sapo pequeno,
fumando un cigarro,
que cousas mais raras
se ven deste lado.

Tumbada no chan
mirando as nubes,
con imaxinación,
moitas cousas descubres

O OUTONO

Por CARLA CASTEDO PEREIRA

2º premio de poesía da categoría infantil

Xa chegou o outono,
xa caen as follas,
encollen os días
e as noites son máis longas

Xa se achega o Samaín,
que é do outono a data meiga,
todos os nenos piden doces
sexa na cidade ou na aldea.

Xa sopra o vento forte,
xa sopra o vento frío,
dende os cumes das montañas
ata as beiras dos ríos

Recollemos as castañas
para facer un magosto,
hai rapaces e rapaciñas
camiñando polo souto.

Fermosos os soutos,
de cores varias,
cheos de follas e ourizos
e cada vez máis castañas.

Volven os días frios,
na casa e no colexio,
volven os días de choiva
na miña fiestra ao cuberto.

Eu comparto cos amigos
a maxia do outono en Galicia
que nos fan sentir moi ben
e cheos de ledicia.

Gústame observar o ceo
cando está nubrado,
gústame inventar historias
entre raios e lóstregos.

Pronto rematará o outono,
o inverno vai chegar,
xa se van as follas
e as neves cubrirán o chán.

LINDA: A TOLA FELIZ

Por ALICIA GARCÍA CABALEIRO

1º premio de relato curto da categoría infantil

Era un lugar frío, con paredes frías, con baldosas frías, incluso as sábanas eran frías.

Todos levaban un chándal branco, unas zapatillas brancas, e as mulleres que tiñan o cabelo longo recollíano nunha coleta ou cunha simple cinta do pelo de cor branco.

Os horarios eran sempre iguais.

A maior parte dos enfermos vagaban polo centro todo o día, pero ela era diferente.

Linda era unha tola feliz. Era amable e simpática, e sempre estaba facendo algo.

Todos os días se oía a súa risa.

Cantaba e daba pequenos concertos cos que alegraba a todo o mundo. Había unha pequena sala na que podía facer as cousas que lle gustaban. Todos a querían moito, e sempre lles arrincaba un sorriso.

Tiña só vinteseite anos, pero o seu rostro xuvenil semellaba o dunha adolescente.

Era moi fermosa: o seu cabelo negro como o azabache baixáballe polas costas.

Ás veces levábao solto, outras recollíao, e na primavera adornábao con frores.

Os seus beizos eran moi vermellos, de tamaño mediano. Tiña os ollos verdes como esmeraldas, moi grandes e fermosos.

Asúa pel era branca, pero non tiña un ton enfermizo.

Non era moi alta, estaba delgada, pero non en exceso, e non daba a imaxe de ser unha persoa débil, senón que semellaba forte.

Christian era o enfermeiro que máis relación tiña con ela. Tiñan a mesma idade, e tíñalle moito cariño.

Bailaba con ela cando llo pedía, pintaban xuntos, daban paseos ao redor do centro... coñecíanse dende que entrara a traballar alí.

Unha das cousas que máis lle gustaba dela era o seu bo humor, que se lle contaxiaba cando estaba ao seu carón, o seu sorriso, que lle alegraba o día, o entusiasmo que poñía en cada cousa que facía...

Sabía que ela o quería, pero era consciente de que non debía deixarse levar polos seus sentimentos, pois era o que se encargaba dela. A ollos da xente eles eran só médico e paciente, e sempre habería algún que pensara que algo máis alá desa relación significaría que intentaba aproveitarse dela.

Como Linda non daba problemas e non precisaba algún que a coidara de día e outra persoa para anoite, Christian ocupaba os dous postos, e tiña unha pequena cama no cuarto da moza.

Unha noite Linda tivo un pesadelo, espertou tremendo, empapada nun suor frío, e con bágoas rodándolle polas meixelas.

Christian espertou, e foi ao seu carón; sentou na súa cama e aloumiñouna con cariño.

Tremía entre os seus brazos. Bicouna na fronte e sorriulle.

Linda apertouse aínda máis contra o seu peito, e permaneceu calada, mentres el lle acariñaba a cara e o pelo.

Sentíase segura cando estaba con el, que pro primeira vez a notou pequena e fráxil.

Xa non se durmiu. Cantaba en voz moi baixa unha canción.

Christian sentiuse moi triste por ela. Susurroulle palabras consoladoras, e preguntoulle se lle quería contar que soñara

Por fin, díxolle que no pesadelo estaban ela e máis seu irmán nun bosque. De pronto, apareceron uns homes armados con navallas, que lles dixeron que lles dera o diñeiro. Seu irmán levaba un anel de ouro, pero negouse a dalo, e entón, un dos ladróns cravoulle a navalla no estómago.

O último que lle dixo a Linda foi que a quería, que fora feliz e que nunca deixara de sorrir.

Os asesinos tivérona engaiolada como se fose un animal. Maltratárona, pegáronlle, ameazárona...

- E despois, espertei. Concluíu.

Christian preguntoulle se fora só un mal soño ou se trataba da súa historia.

- É parte da miña vida

Non recordo nada durante un longo período de tempo despois diso, canto intento recordar, só vexo unha mancha branca. A seguinte cousa que recordo é o manicomio.

Levo aquí moitos anos, e sempre fun feliz.

Non me sinto soa. Ti estás ao meu carón. Díxolle cunha lixeira vergoña.

Cambiou de tema, pois non se sentía cómoda. ¿Gústache este colgante?.

- É precioso.

- Regaloumo o meu irmán

- Eu... eu tamén tiña un...un regalo para...un regalo para ti.

- ¿Cal?

- Pecha os ollos. Díxolle, e unha vez os tivo pechados, achegouse aínda máis a ela e bicouna. Acunouna entre os seus brazos ata que se durmiu e estivo moito tempo contemplándoa. Finalmente o sono venceuno e durmiuse.

Cando espertou, seguían abrazados.

Ese día, Linda semellaba a persoa máis feliz do mundo. Estivo todo o día cantando, pintando e bailando. Máis que feliz, estaba eufórica; ía repartindo abrazos a todo o mundo. Ese día non vira a Christian, estaba atendendo a outro tolo.

De pronto cruzouse con el. As caras dos dous ilumináronse cun sorriso enorme.

Antes de separarse outra vez, Christian retívola un segundo e susurroulle:

- Díxome un paxariño que andas repartindo abrazos a todo o mundo, pero eu sei de alguén que está triste porque aínda non o abrazaches.

- ¿Sí? ¿Quen é?

- Estou diante de ti. Contestoulle rindo, ao tempo que a abrazaba.

- Quérote. Dixo Linda como única resposta mentres el marchaba.

No manicomio todo permaneceu igual durante moito tempo, pero un día, mentres todos durmían soou a alarma de incendios.

Un tolo prendera lume no manicomio.

Os bombeiros fixeron o que puideron, pero había moita xente, e algúns quedaron atrapados.

Linda estaba no seu cuarto, acurrucada nunha esquina, paralizada polo medo.

Christian corría polos corredores, buscando a Linda. Tiña que atopala; se lle sucedía algo non o perdoaría.

Entrou na habitación e viuna quieta, tremendo, díxolle que tiñan que saír de alí ou morrerían calcinados, pero ela semallaba non escoitalo.

De pronto derrubouse parte do teito, bloqueándolles calquera saída.

Abrazouna, díxolle canto a quería, e despois desmaiáronse por causa do fume.

Cando os servizos de emerxencias conseguiron apagar o lume, e accederon ás habitacións en busca dos desaparecidos, atoparon nunha delas dous cadáveres abrazados.

A VIAXE DE MONSHAIR

Por CATARINA CASTRO SAS

2º premio de relato curto da categoría infantil

Esta é a historia de Monshair, un neno de catorce anos que é de Senegal. É o maior de doce irmáns. Monshair era orfo de pai, morréralle a consecuencia dun disparo na guerra. Vivía nun poboado illado no que había moita falta de alimentos e auga, para sobreviviren só tiñan algunhas terras que cultivaban e unhas cantas cabras que lles daban alimento.

O seu amigo, Sarú, tiña dous irmáns que emigraran a España. Sarú sempre quixera emigrar coma os seus irmáns coa intención de volvelos ver. Un día pola mañá entre os dous deciden que teñen que marchar para levar unha vida mellor. Cando Monshair llo di a súa nai, esta cala uns segundos e ao fin di:

- Eres moi pequeno aínda, ademáis moita xente que o intentou, por desgraza, fracasou. Así que non.

Pasados uns meses Monshair e Sarú non pensaban noutra cousa. Unha mañá, cando Monshair ía soltar as cabras, de repente ve máis da metade mortas. Nese momento xura que ninguén o deterá para emigrar a España e conseguir unha vida mellor.

Ao día seguinte volve falar con Sarú e de novo din de irse. Sarú dille que sabe dalgúns rapaces aos que tamén lles gustaría emigrar a España. Tamén saben que o verán é o mellor tempo para viaxar.

Monshair fala novamente coa súa nai que o escoita en silencio e despois di:

- Se eso é o que ti queres aceptareino.

Pasada a semana Monshair reúnese novamente co seu amigo e acordan partir o luns pola mañá cedo.

O día anterior despídese da súa familia pois di que se se ten que despedir no momento de partir poñeríase moi triste. Pola noite déitase intentando durmir sen conseguilo, só pensa na viaxe.

Á mañá cedo levántase, colle as súas cousas e ponse en marcha cara ó punto de partida.

Reúnese cos seus amigos, todos están un pouco nerviosos. Falan durante un tempo e deciden xuntar o diñeiro que teñen para a viaxe. Nese momento Monshair decátase de que non ten nada, disgustado tira a súa bolsa ó chan e, nese intre, oe un tintineo como de... moedas! Abre a bolsa e no fondo ve unha pequena bolsiña de tea, ábrea e ve un pouco de diñeiro que lle axudará pero tamén ve unha nota que di:

“Querido Monshair:

Douche os nosos pequenos aforros para a túa viaxe, espero que así consigas cumprir o teu obxectivo, espero que regreses algún día, estareite esperando cos brazos abertos.”

Le a carta e, ao acabar, gárdaa na súa bolsa de novo e ponse en camiño, os seus ollos échense de lágrimas.

Os rapaces maiores advirten aos máis pequenos dos grandes perigos que poden ter na viaxe, teñen que recorrer a pé moitísimos quilómetros ata chegaren a un transporte de autobús. Pasadas seis horas empezan a ter fame e sede, por sorte un pastor dilles onde poden atopar auga para beber, así foi, como lles dixeran o pastor, transcurrido un tempo ven un pequeno río e deciden acampar alí cerca.

Ao día seguinte emprenden a viaxe moi cedo, sabían que aínda lles quedaba moito por camiñar. Pasadas unhas catro horas atopan unha parada de autobús que os leva a unha cidade de Mauritania pero non paran moito tempo alí por medo a que os colla a policía.

Tardaron máis dun mes en chegar a Marrocos, escapando e escondéndose da policía, viaxando só pola noite para avanzaren máis tranquilos.

Un día, de madrugada, albiscan unha cidade marroquí, alí había moitos outros rapaces esperando o momento de poder cruzar o mar. Entre todos acordan formar grupos de dez, cada grupo xunta un pouco de diñeiro que lles quedaba para comprar comida, auga e unha pequena patera.

De noite deciden saíren a España. Moi tarde soben á patera e desaparecen mar a dentro. O mar parece estar calmo, ao amañencer aínda se ven as costas de Marrocos. Segundo van avanzando, o mar enfurécese máis, a patera ameaza con emborcar e os pasaxeiros están moi mareados. No medio daquel caos, albiscan por fin as costas españolas.

Tratan de pasar ás escondidas pero a policía descúbreos, só Monshair, Sarú e outros tres conseguen chegar. Permanecen escondidos bastantes horas. De repente, dous grandes camións cruzan por diante deles, pensan rapidamente e deciden subir. Monshair e Sarú suben nun camiión e os outros tres a outro. O camiión de Monshair e Sarú ía a Madrid e o outro a Asturias.

Sarú sabe que os seus irmáns traballan en Madrid, saca da súa bolsa unha carta que lle mandaran e nela busca o enderezo.

Pasan uns días perdidos na cidade, durmindo na rúa. Un día despértanos un par de rapaces tamén africanos, Sarú érguese rapidamente, abre a bolsa e colle unha foto de cando os seus irmáns eran pequenos, pareceulle que aqueles tiñan un grande parecido cos da foto. De repente un deles recoñeceo e dille:

- Sarú, es ti!

- Si, eu son Sarú. E ti...Es Shombar o meu irmán?

- Si, son eu.

Entón pregúntalle ao outro:

- E ti es Doshin?

O outro non contesta, entón Shambar dille que é mudo.

Pasados uns minutos Sarú dá a volta para falar con Monshair pero xa non está, só ve un papel que pon:

“Grazas por axudarme Sarú, pero teño que ser libre, quero estudar medicina para mandarlle cartos a miña familia e facer que vivan mellor. Deséxoche moita sorte na túa nova vida.

Monshair pasou un tempo vivindo na rúa, xuntouse cun grupo de rapaces que facían música nas rúas de Madrid, pronto conseguiu tocar algún que outro instrumento bastante ben. Unha noite quedouse durmido nun portal porque estaba agotado. Desperta porque un bonito canciño lle estaba lambendo a cara; Monshair, un pouco enfadado, levántase e o canciño bótase a correr cara unha nena pequena que lle pregunta quen é. Monshair dille:

- Son unha persoa cansa.
- E que fas aí tirado?
- Intento durmir.
- Eu xa durmín moito hoxe. - dixo a nena.
- Pois eu non. Sabes? – Gritou Monshair.

Anena botouse a chorar, entón Monshair consolouna e preguntoulle:

- Onde vives?
- No 1ºC.

Monshair lévaa e chama na porta, sae unha señora con cara desgustada que en canto ve á nena cóllea e empeza a darle bicos e a abrazala. Dalle as grazas a Monshair e convídao a pasar. A señora prepara un chocolate quente e explícalle que a nena se escapara, despois pregúntalle porqué estaba durmindo no portal el cóntalle toda a súa historia desde que saíu de da súa aldea.

A señora deixao quedarse no cuarto dos invitados, co tempo chegan a un trato: Monshair coidará da nena e el poderá quedar na casa.

Pasados os anos Monshair consegue ser médico, ademáis de converterse no irmán maior daquela nena.

Monshair mandará a maior parte do diñeiro que gaña á súa familia e a súa aldea.

E esta é a historia da vida de moitas persoas que por desgraza viven como Monshair.

ESCRITORES QUE COLABORARON NALGUNHA EDICION DO
CERTAME LITERARIO

GASTROENTERITE MENTAL

Por TOÑO NÚÑEZ

Ata polos currunchos do teito revoaba a tensión nerviosa. Alí, onde tecen as arañas, tecían naquel abrocho de noite arroutos de prepotencia. Ata onde medraría a goleada? José Ángel de la Casa dicía nos preámbulos que os xogadores de Malchiprestein eran panadeiros, carpinteiros ou condutores de autobús que dedicaban parte do seu lecer a xogar ao fútbol. Michel, coma sentenzas, entre comentarios que recendían a desconsideración e a xenofobia, espallaba leccións maxistras ou receitas infalibles para a vitoria. Ía ser unha gran noite. Por iso el chamara ó hospital e mentira, pagaba a pena. Dixera que andaba indisposto e que non podía facer a noite.

No bandullo do forno a pel da pizza ía dourándose a lume lento para ser devorada no descanso. As patacas fritidas írían abrindo boca. El, madridista rancio que só usaba roupa interior branca, rebordaba preocupación por ver se xogaba Raúl, quen andaba algo minguado. Respirou tranquilo cando o viu aparecer á fronte das nosas hostes co brazaletes de capitán cinguido ó brazo. Era o seu ídolo. Por el pelexaría a morte con quen fose. Como fixera aquela tardiña, estando na mili, por defender, precisamente a Michel, o día que a este lle dera por acariñarlle o paquete ao colombiano Valderrama. Aquel roxo ousado de orixe arxentina chamáralle boludo ao noso oíto. Boa a fixera. Semellante aldraxe non lla podía aturar, porque el sabía ben que se Michel facía aquilo... por algo o faría. Non, non lla ía consentir; e menos sentíndose arroupado, como se sentía, pola forza moral que o feixe de cubatas de garrafón que levaba bebidos na cantina do cuartel aquela tarde lle outorgaban. Confiaba en Michel a cegas e dicía del que era unha gran persoa, aínda que nunca unha palabra con tal persoa trabara. Daba o mesmo, era do Madrí. E isto supuña aval dabondo para arriscar o pelexo por el. Ou o óso do nariz, que

fora, en definitiva, quen as pagara aquel día de recordo inesquecible. O oriúndo non era manco. O seu actual nariz esmagado daba fe. E, o que son as cousas: un Michel que noutroa non fora trigo limpo, agora ciscaba ensinanzas de balde na televisión a favor do Fair Play...

Empezou o partido, á fin. Segundo Michel, estábanlles deixando que se confiasen. Para, logo, mallalos ben mallados. Pero, co decorrer dos minutos, a ilusión ía mudando en decepción. As posibilidades de goleada devecían perigosamente porque o xogo dos nosos esfarelábase diante da vontade, da orde e da dignidade dos afeccionados rivais. A pizza do descanso sentoulle mal e, mesturada coa cervexa que ía engulindo, provocoulle a activación da úlcera duodenal, que lle era fiel dende vello. A noite presaxiaba treboada. E esta desatouse cando, no minuto setenta e sete, marcaron os ninguén...

Consumouse, finalmente, a desfeita. Desta volta, nin o árbitro podía responsabilizarse da catástrofe; non tivera arte nin parte. A borracheira de cervexa que o anegaba non lle acalaba a mala conciencia nin lle aliviaba as queimuras que lle subían pola cheminea dixestiva. Coma se dun meigallo se tratase, a gastroenterite que finxira para faltar ó traballo, obrou na realidade. Mentres se erguía con urxencia e con dificultade, escoitou as lamentacións de Miguel Ángel de la Casa:

-Cuesta creerlo, Michel, pero... es cierto, nos ganaron...

-Que se fodan, a fútbol ganaron... pero cartos ganamos máis nós! – farfallou.

O alcol toldáralle o escaso entendemento do que era dono. Pensou que el, que de novo nin sequera fora capaz de xogar no equipo do seu barrio, tamén era xogador internacional; a gastroenterite mental impedíalle lembrar que el non era máis ca un mal celador de hospital.

UM CONTO CHINES TRISTE

Por ADELA FIGUEROA PANISSE

Ele veio das terras de Xim- Xim onde dormem
Num sonho eterno
Os oito mil trezentos guerreiros de barro
Que defendem,todavia,
um imperador cruel e imaginário.

Teve de caminhar quilômetros de lama
e de estradas,
antes de chegar ao mar da China
onde as ondas do oceano o aguardavam.

E parou na ilha Formosa, hoje Taiwan,(中华民国,)
com parentes que ele antes não conhecera.
*Que são muitos os chineses que têm parentes
Por todo o lado.*

Num barco ateigado de contentores
Veio a trabalhar de camareiro
Correndo o Mundo inteiro,
até chegar a um porto da Hispânia.

Lá estavam á sua espera familiares,
*que são muitos os chineses
que têm parentes
por todo o lado:*
*o mundo inteiro em redondeza
lhes forneça,
amigos , primos, tios e achegados.*

Trabalhou em casa de jantares
e em diferentes e abastados bazares
por pouco dinheiro e cama quente,
que são muitos os chineses
que têm parentes
por todo o lado.

Passeava por estradas e mesmo podia
viajar de carro cada dia,
a escutar de ouvidos bem abertos
falares diversos .

Era livre, naquele reino, d'ir e vir onde ele quisesse.
Embora estiver sozinho não tinha qualquer saudade
do seu longínquo País, onde ele cria
que o sol nascia
para o mundo inteiro, cada dia.

Sempre a caminhar
Seguia o devalar
do astro ardente, até vê-lo deitar
num vermelho espelho, leito d'água.

Descobriu então o fim da Terra,
Com a bola de fogo no mar
A mergulhar
Entre as ondas das águas em profundidade.

No lindo cantinho verde onde o sol banho tomava
no seu vermelho leito d'água,
entendeu um falar no som que ouvira
aos marinheiros da longínqua ilha
Formosa ,hoje Taiwan (中华民国),deitada no mar da China.

Circulo mágico do Sol, dos humanos e das línguas
A envolver a Terra inteira
Com palavras, luzes e canseiras!
Sentiu que ele, como o sol,
Precisava estabelecer seu corpo em alhures
E o seu espírito
Pousá-lo também num necessário referente afetivo.
Soube então que queria companheira.

Escreveu à sua família da remota aldeia
das terras de Xim- Xim
com a sua requisitória
e os pais arranjaram-lhe uma moça,
Saudável, de família conhecida e trabalhadora,
chamada Méi
que em chinês quer dizer flor de ameixeira.

Gostava das ameixas que apreendera a catar na terra
deste país tão pequeno que é a Galiza.

Gostou do nome
E gostou da mulher quando a viu,
dentre um rio de inúmeras pessoas,
a saírem da porta
“Arrivals”/Chegadas”
do aeroporto internacional de Lavacolha.

Tímida e correta, de olhos para o chão e passinhos curtos
como tinha sido ensinada
pela sua mãe e pelas suas tias que moravam
lá tão longe! Em sua pequena aldeia perto de Xim-Xim.

Ele já tinha preparado um lar onde viver
com a Méi nos arrabaldes da cidade.

Recuperou assim os velhos costumes
que tivera noutrora em sua aldeia de Xim-Xim:
Voltou a ser o homem duma casa: Num lar chinês.
e Méi cozinhava e lavava
e trabalhava com ele na loja do Senhor Tai-Pé.

*Que são muitos os chineses que têm parentes
por todo o lado.*

Uma noite era tarde e a Méi nunca chegava
e ele tinha fome e sentiu-se irrequieto.

Acabrunhou-se e o seu mau humor aumentava,
e o infeliz imaginava
o que não queria imaginar :
e viu-a em braços de outro homem
embora isso fosse
apenas com os olhos da sua imaginação.

Esperou-a impaciente , ausente :
a vista na porta,
o Wok de cozer as verduras agarrado com as duas mãos.
Pelas dez horas, da noite
Méi fez girar a chave no fecho.

Empurrou a porta,
lançou no quarto o pé direito
e entrou.
Um seco golpe do Wok de ferro
deixou os seus cabelos pretos
sujos de óleo queimado
e a sua cabeça aberta
a projetar
um jacto de sangue morna e espessa.

O líquido vital estendeu-se
Lentamente
Pelo chão limpo da sala
- pois o sangue das chinesas é igual
que o sangue doutra qualquer mulher -
e o vermelho escorregou pela branca pele da sua garganta
até remansar no bordo
da gola de seu fato gasto do trabalho.

Méi não soube que é o que for
aquilo que aterrou
com força sobre dela
quebrando-lhe o osso occipital da sua cabeça:
Os seus sentidos não estavam alerta:
Vinha demasiado cansada de colocar fileiras
de figuras de Buda nas prateleiras
da loja do chinês Tai-Pé.

Que são muitos os chineses que têm parentes
por todo o lado:
o mundo inteiro em redondeza lhes forneça,
primos, amigos, tios e parceiras.

UN ALBANEL

Por ISIDRO NOVO

Era un venres nun décimo terceiro
colocaba xa os últimos tixelos
e estaba a piques de ir tomar os grolos
cos colegas do oficio cachoteiro
O chan agardou con afán certoiro
cando por mor dun mal pé caeu a rolos
estrándose nel o sangue e os miolos
e o solto por non usar moedeiro
E xa non puido gozar coa cea
na que ían pór de final leite frito
nin ver o sábado na tele a brea
do seu equipo ao suposto favorito
pois tratándose de xente da grea
ata a morte incumpre os prazos de rito

Poema inédito do libro tamén inédito
SONETARIO IMPERTINENTE)

NOSA NAI, GALIZA!

Por MARIO OUTEIRO IGLESIAS

Poema para ser recitado en grupo, cun/ha narrador/a principal e unha coral que enérxica repita as palabras en maiúscula.

Nosa Nai que estás en todo:
Galiza,
es ti frol fermosa no medio do outono.

GALIZA!

Acende a loita das nosas liberdades
pra facer a vontade dos probes
dende Fisterra aos Ancares.

GALIZA!

Danos o pan día tras día,
Galiza,
mais non perdoes a cantos aldraxan
a amada lingua de Rosalía.

GALIZA!

Apreixa a fouciña; fuxide
caciques, temede a xustiza!

NAICIÑA!

Galiza que tes de nome:
Naiciña,
en ti confiamos a nosa sorte.

NAICIÑA!

Prima raíña da áurea vella,
racha antergos elos que
aínda te amordazan, na Terra.

NAICIÑA!

Achega aires novos
Naiciña,
nos peitos dos bardos que
ledos cantaron eses teus ollos.

NAICIÑA!

Levanta a testa, fixa a vista,
e sen mirar pra'tras, camiña!

GALIZA!

AS CATRO LÚAS DE AGUSTINA-CAROLINA

Por MARICA CAMPO

Lúa nova

Non anda soa a nena polos campos de Valga,
con ela sempre corren a fame e mais o frío
ou, cando non, a sede e a calor abafantes.
Peta nas portas, pide un triste pan de esmola
e paga, os pés descalzos, coa danza daquel xogo,
“a carrasquiña”, dinlle, baile dos simulados.

Tingue o ar de beleza cando dobra o xeonllo.
A aspereza do cardo, a dureza das pedras,
e unha voz delgadiña coma un fío de auga,
canta polos camiños a escorrentar o medo.

O medo ten o rostro dun animal estraño,
da Estadea ou Compañía, de meigas malfeitoras.
(As olladas dun home axexan entre a fronde.)

Agustina se chama, filla de nai solteira,
territorio sen dono, co porvir desde o sangue.

Home, besta ou coitelo, raio, (mal raio o parta!),
xorde da sombra e rompe a nenez coma un vidro.
A piedade da morte quere borrar as dores,
porén, a vida gana, ben máis cruel por veces.
Lúa nova, astro negro, lúa negra, e no vento
unha queixa apagada. Perdeuse, aí, Agustina
no labirinto acedo da memoria que manca.

En Valga, nunca máis! Nunca baixo este ceo
que viu e non caeu sobre a face do mundo.

Cuarto crecente

Velaí vai a rapaza, prematura muller,
por Compostela, linda, velaí vai polo río.
De servir pasa ao leito, mercadoría nova,
aprende o vello oficio, coñece o que unha ollada
pode valer se alcanza outra ollada e acende
mesmo as laxes das rúas.

Na cidade levítica
hai cregos coma corvos que deveñen noitebras
cando a noite é escura e procuran celadas
entre as coxas e o inferno que para outros anuncian.
Homes de leis e médicos a xurar polo día
honradez e decencia, catedráticos sabios,
comerciantes de pro, estudantes con cartos
non reparan na idade da pequena Agustina.
Reparan nas súas artes, nos cabelos de abruño,
nos meandros docísimos do corpo adolescente.

Vellas candongas fican co groso das moedas
e ela reconta os restos coa ambición en crecent
a medrar como a lúa, a soñar coa distancia.

Alguén dirá París ao declararlle o amor.
París, unha mazá en que cravar os dentes
sen sospeitar velenos na polpa saborosa.
Morder París, o loto do esquecemento, un tallo
entre o que foi outrora e o que resta de vida.

Lúa chea

Tiña que ser así, o nome é como a pel,
as coitas, tal a sarna, aran e fan carreiros,

trazan mapas, constrúen o atlas do infortunio.
Cómpre tirar o nome, arrincar esa pel,
aventar os recordos como argueiros que punzan.

E outra pel vén de Valga coa acta de bautismo,
di “Carolina Otero” porque o cura a confunde
cunha irmá falecida ao pouco de ser nada.
E Carolina estrea co nome outra memoria:
española do sur, filla dunha xitana
e dun capitán grego, mentiras ou verdades,
que máis ten, o que importa é borrar as pegadas.

Virán días de gloria, amantes e amadores,
luxo e riquezas tantas como as horas vendidas.

Velaí vai Bella Otero cuberta de diamantes,
rutilante de estrelas, a máis cara entre as caras.
Reis, magnates, banqueiros, ven un volcán na escena
e teiman en queimarse no ardor da cupletista.
Só ela sabe o frío que o corazón lle garda,
mais finxe igual que mente e de si cerimonia.

Cerimoniar de Bella Otero é ser reina da noite
e perdición dos homes que non poden mercala.
Rir a cachón das burlas e agardar a vinganza,
tecerse no misterio, conxurar a vertixe,
sempre a subir o prezo dunha débeda antiga.
Desbaldir a fortuna na ruleta, deixala
ao capricho da sorte, case sempre de costas
despois de seducila, inicialmente súa.

Cuarto minguante

É preciso seguir cando xa nada importa,
despregar os recordos a tirar do nobelo
por ver se houbo un sentido, un porqué para as cousas.

Carolina recorda e as cores esvaecen
nos lugares do mundo que non se chaman Valga.

Valga persiste verde e a doer na memoria.

París, San Petesburgo, Bos Aires, Londres...: néboa,
negativos apenas das postais que repasa
na procura do tempo que a enguliu sen piedade,
moi lentamente, sádico, prolongando a tortura.

U-la pel de pexego? U-lo corpo delgado?
U-los labios vermellos? U-los amantes pródigos?

Pasan algúns amigos, xa sombras igual ca ela.
Pasan algúns paxaros camiño de ningures.
Fican só a soidade, talvez o gas da morte,
aquela tumba en Niza e esta lembranza nosa.

FÁBULA DO PORCO REZADOR

Por ANTONIO REIGOSA

Non lonxe da cidade de Kerbala, á beira dun antigo e actualmente pouco transitado camiño de peregrinación á mezquita de Husayn ibn Alí quedan os restos do que debeu ser noutrora un xigantesco obelisco piramidal. Agora só queda en pé un erosionado esteo pétreo duns tres metros de altura, coroado por un canudo cerámico de arredor de metro e medio de largo. Descubriume este lugar na última viaxe que fixen por Irak o meu amigo Al-Amin mais cando lle preguntei que significaba ou en memoria de que feito glorioso fora erixido, rogoume que agardase, que xa habería un momento oportuno para contarmo.

Aquela precaución de Al-Amin intrigoume pois o seu non era precisamente quedar calado cando se lle preguntaba por isto ou polo outro Sen embargo, os xestos que acompañaron as súas palabras non me daban opción; debería agardar, e agardei.

A tarde daquela xornada dedicámola a visitar precisamente o gran santuario dos chiís, a enorme e impresionante mezquita onde se veneran os restos do segundo neto de Mahoma, o imán Husayn ibn Alí.

Pola noite, logo da cea, cando eu xa me esquecera do monumento co canudo, Al-Amin preguntoume:

—Xa te esqueciches do obelisco?

A verdade é que si, que xa non lembraba para nada aquela figura. O que viramos pola tarde na mezquita impresionárame tanto que se me borrara da memoria outro interese. Ademais, a cea consistira nunha especia de menú degustación no que probamos varias sopas, todas distintas e moi abundantes en herbas de mil sabores diferentes, complementada con unha variedade de asados de carne de cordeiro, cada unha máis saborosa que a anterior. Confeso que tamén beberamos arak e que naquel preciso instante

dábamos as primeiras caladas a unha cachimba ben cumprida de opio. Agora era Al-Amin quen quería contarmo, e aínda que só fose por manter os principios da boa educación, eu non quería nin debía oporme á súa intención:

-Veña, a que agardas? Cóntame esa historia tan misteriosa! -apupeino. Al-Amin sorriu e tirou con parsimonia un par de caladas máis da cachimba, estendeu pola sala do fumadeiro unas nubes de fume coas que debuxou un dragón que se foi esvaecendo paseniño, e logo dixo así:

-Hai moitos anos houbo en Kervala un califa ao que lle gustaban moito máis os homes que as mulleres, e un día que viaxou a Bagdag coñeceu a outro califa que lle pareceu o home máis fermoso nunca visto sobre a Terra.

Husayn, que ese era o nome do califa de Kervala, namorouse sen remedio de Hassan, o califa de Bagdag, e xa non puido esquecerlo en todo os días que lle quedaron de vida. Mais, o seu amor era imposible. Nin podía contarlle a ninguén o seu segredo, nin se lle ocorría a maneira de facerlle saber ao seu amado o seu sufrimento.

Mais un día tivo unha idea que lle pareceu sublime e que puxo en práctica de inmediato. Mandou mercar un porco destetado e acolleuno como mascota nos seus aposentos; e, con paciencia, foino ensinando no que el deu en chamar “arte relixiosa”.

Como é ben sabido, os porcos están considerados animais impuros entre os musulmáns, entre outras razóns porque endexamais levantan a vista do chan, o que se considera sacrilexio entre os devotos de Alá. Ninguén ousa comer a súa carne pero tampouco facerlles algún mal a estes animais.

Así que Husayn ensinoulle ao porco unha soa arte, mais, no seu criterio, moi útil para os seus intereses. Cada vez que o porco se tropezaba con algunha persoa, sentaba de cachas, estiraba o fociño, e, polo menos

aparentemente, semellaba que miraba con atención en dirección ao ceo. E non deixaba esta postura ata que a persoa desaparecía da súa vista.

Cando lle pareceu que o porco estaba suficientemente entrenado, Husayn decidiu mandalo en misión especial. Debía chegar a Bagdag co propósito de que se achegase a Hassan para entregarlle unha misiva moi especial. Para tal cometido, Husayn mandou mercar un canudo de cerámica, escribiu unhas letras do seu puño e letra nun papel, que asinou e colocou ben enrodelado no interior do canudo; e este dentro do ano do animal.

Desta maneira saíu o porco un día de mañá cedo desde Kervala cara a Bagdag. E probablemente todo saíra perfecto, e o porco conseguiría chegar ao seu destino e rematar con éxito a súa misión se non fose un fallo imperdoable da suposta intelixencia do califa Huseyn.

Os peregrinos que se dirixían naqueles días ao santuario de Alí eran numerosos e o porco apenas podía avanzar pois cada poucos metros tiña que sentar e agardar. Cada vez que se cruzaba con xente, sentaba pousando as cachas no chan, erguendo a cabeza cara o ceo. No mesmo lugar onde agora está o que queda do obelisco, o porco sentou e xa non se puido erguer en tres días.

En realidade, xa non se ergueu por propia vontade nunca máis. Tanta era a afluencia de peregrinos que seguían un tras doutro aquel camiño, que o porco desfaleceu de fame e de sede, e acabou por morrer alí mesmo.

Como ninguén se fixo cargo do seu corpo, houbo que agardar que as alimañas e os paxaros carroñeiros limpasen o camiño dos seus restos, traballo que remataron en menos de dúas horas pero non de todo. No chan quedou o canudo cerámico, e no seu interior unha nota que comezaba *“Para o meu querido Hassan”* e que remataba *“De quen por ti desvive, Huseyn”*.

Ninguén soubo interpretar aquela mensaxe pero todos cantos pasaran polo lugar e viran o porco naquela posición tan respectuosa, crendo que

rezaba, consideraron que ben merecía que quedase para coñecemento dos que por alí pasasen que houbo unha vez un porco que sabía rezar.

Foi entón cando se ergueu o monumento, costeado anonimamente polo propio Huseyn. E como lles pareceu impropio, mesmo provocador, reproducir a figura do porco, consideraron que abundaba con que fose lembrado o único resto que deixou.

O tempo -dixo agora Al-Amín tras zugar con forza da cachimba- todo o esquece e a desmemoria todo o borra, mais aínda hai en Kerbala homes moi vellos que lembran o que dicía aquel papel.

E como Al-Amín calou, eu vinme obrigado a preguntar:

- Ti sabes o que dicía aquel papel?
- Se o pensas só un minuto, ti tamén o podes saber!
- Sería, supoño, unha declaración de amor —dixen eu, por dicir algo.
- Non, ou si; segundo se queira interpretar. O papel, meu amigo, non podía dicir máis ca isto: *A carne deste porco é santa e pura, como o son a miña e maila túa.*

ÍNDICE

LIMIAR.....	5
-------------	---

IV EDICIÓN DO CERTAME (2010)

ACTA	9
------------	---

CHUCHAS ACAROADAS DAS VAGAS.

Por Xosé Otero Canto	13
----------------------------	----

A EQUILIBRISTA E O CIRCO.

Por Natalia Alonso Ramos	17
--------------------------------	----

UNHA VIAXE DESACOUGANTE.

Por Pedro Naveira Pedreira	19
----------------------------------	----

CONTA XUSTA

Por Xosé Luís Vázquez Somoza	27
------------------------------------	----

O QUE ERAMOS E AGORA XA NON SOMOS.

Por Elisabet Rey González	33
---------------------------------	----

O CORGO.

Por Cristina Pernas Pereiro	34
-----------------------------------	----

CARTAA UNHA AMIGA MALTRATADA

Por Sandra López López	35
------------------------------	----

A VIAXE DE KARIMA”.

Antía Tacón García	39
--------------------------	----

O OUTONO.

Por Ana Celeiro Sal	43
---------------------------	----

Á BEIRA DO NEIRA.

Por María López Pérez	45
-----------------------------	----

A LÚA

Por Ángela Rincón Rodríguez	47
-----------------------------------	----

LOBEZNO E A LÚA.

Por Judit Lourido Villa	49
-------------------------------	----

COUSAS DA VIDA, XA SABES....

Por Silvia López López	51
------------------------------	----

O TRASNO DO MONTE PATUCO.

Por Andrea Varela Díaz	61
------------------------------	----

A FÁBULA DE WALL STREET.

Por Rubén Manuel Torró Vázquez	65
--------------------------------------	----

V EDICIÓN DO CERTAME (2011)

ACTA	67
A PRAIA AMANCEBA	
Por Xosé Otero Canto	71
A AVOA	
Por Soraya Cortiñas Ansoar	73
PENANDO	
Por Xulio Romero Suárez	75
ELBA	
Por Tito Pérez Pérez	85
O LINDE QUE NOS SEPARA	
Por Elisabet Rey González	89
CANCIÓN Á MIÑA NAI	
Por Miriam Fernández Piñeiro	91
MEMORIAS DUN VELLO TESTÁN	
Por Silvia López López	93
A DERRADEIRA CARTA	
Por Javier Rivas Rodríguez	99
A NENA DO RÍO	
Por María López Pérez, de Cela	105
O OUTONO	
Por Ángela Rincón Rodríguez	107
MÁIS QUE AMIGAS, IRMÁS	
Por Andrea Varela Díaz	109
UN PEIXE CHAMADO MERLÍN	
Por Jorge Folgueira Sánchez	111

VI EDICIÓN DO CERTAME (2012)

ACTA	117
HOMENAXE	
Por Javier Rodríguez González	121
NADAS DE NOBRE ESTIRPE	
Por Eva de la Torre Conde.....	123
A MENTIRA DO AMOR SEN VERDADE	
Por Cristina Pernas Pereiro.....	127
MARIÑEIRA	
Por Marcelino Sisto Deibe	129
O CONTO DO ESQUÍO E DA MARTARAÑA	
Por Tito Pérez Pérez	137
A VOZ DA VINGANZA	
Lucia González Campos.....	141
CONTANDO ESTRELAS ENTRE CATRO PAREDES	
Patricia Fúlias Guzmán.....	149
AS NUBES MÁXICAS	
Por Lara Domínguez Chantres	157
O OUTONO	
Por Carla Castedo Pereira	159
LINDA: A TOLA FELIZ .	
Por Alicia García Cabaleiro.....	161
A VIAXE DE MONSHAIR	
Por Catarina Castro Sas	167

ESCRITORES QUE COLABORARON NALGUNHA EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO

GASTROENTERITE MENTAL

Por Toño Núñez 173

UM CONTO CHINES TRISTE

Por Adela Figueroa Panisse 175

UN ALBANEL

Por Isidro Novo 181

NOSA NAI, GALIZA!

Por Mario Outeiro Iglesias 183

AS CATRO LÚAS DE AGUSTINA-CAROLINA

Por Marica Campo 185

FÁBULA DO PORCO REZADOR

Por Antonio Reigosa 189



O Certame Literario Terras de Chamoso, foi ideado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo no verán do 2007. Dende aquela non hai un Nadal no que non se celebrara unha entrega de premios no Corgo, sendo a de decembro de 2013 a VII edición. Un certame de poesía e relato breve en galego para as categorías infantil (10 a 14 anos), xuvenil (14 a 18) e adultos (maiores de 18 anos), que nas sete primeiras edicións foi capaz de seleccionar e entregar preto de 100 premios de entre máis de 1000 obras presentadas.

Neste volumen recompílanse os traballos gañadores da cuarta, quinta e sexta edicións (2010-2012) ademais das obras que dun xeito opcional nos doaron os membros do xurado dalgunha das edicións deste certame, formando un conxunto de poesías e relatos dunha alta calidade literaria, recomendable para calquera lector que ame a literatura galega.

ISBN 978-84-694-1450-5



9 788469 414507



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura